Galicia es la quinta comunidad autónoma más poblada de España, alcanzando los 2.695.645 habitantes; en nuestro ámbito de estudio se concentran 1.507.218 habitantes, esto supone que más de la mitad (55,91%) de la población total de Galicia está en mayor o menor medida afectada por la cultura marítima. Para la elaboración de estos indicadores se tomó como base la población correspondiente al padrón municipal del 1 de enero de 2021, desarrollado por el Instituto Gallego de Estadística (IGE). Una variación trascendental en el eje demográfico durante la segunda mitad del siglo pasado fue la emigración del rural a las ciudades. La distribución espacial de la población también se explica por otros factores como la natalidad, la mortalidad, los nuevos procesos migratorios, los precios del mercado inmobiliario y la oferta laboral, que no son objeto de estudio en este documento.

Galicia é a quinta comunidade autónoma máis poboada de España, xa que alcanza os 2.695.645 habitantes, dos cales 1.507.218 están concentrados no noso ámbito de estudo, o que supón que máis da metade (55,91%) da poboación total de Galicia está, en maior ou menor medida, afectada pola cultura marítima. Para a elaboración destes indicadores tomouse como base a poboación correspondente ao padrón municipal do 1 de xaneiro de 2021, desenvolvido polo Instituto Galego de Estatística (IGE). Unha mudanza trascendental no eido demográfico na segunda metade do século pasado foi a emigración do rural ás cidades. A distribución espacial do poboamento tamén se explica por outros factores como a natalidade, a mortalidade, os novos procesos migratorios, os prezos do mercado inmobiliario e a oferta laboral, os cales non son obxecto de estudo neste documento.

ZONA 1

A Mariña-Ortegal

Ocupa toda a franxa litoral cantábrica galega e o comezo da vertente atlántica ata o límite coa comarca de Ferrol. Entre os trece concellos (GALP) suman un total de 80.978 habitantes no ano 2021, nunha superficie de 1.155 km².



Poboación por zona

Zona 1	80.978 hab.
Zona 2	152.647 hab.
Zona 8	393.857 hab.
Zona 3	77.626 hab.
Zona 4	58.613 hab.
Zona 5	151.736 hab.
Zona 6	159.528 hab.
Zona 7	432.233 hab.
TOTAL	1.507.218 habitantes

Poboación por sexo



Golfo Ártabro Norte

ZONA 2



O golfo Ártabro é a denominación común coa que se coñece a unión das rías da Coruña, Ares e Betanzos, e Ferrol; neste caso, o golfo Ártabro norte sitúase nas rías de Ares e Betanzos, e Ferrol. Está composta por dez municipios (GALP) e sumaban un total de 152.647 habitantes no ano 2021, nunha superficie de 363,9 km^2.

Poboación por sexo



Poboación por zona



ZONA 8

Golfo Ártabro Sur



O golfo Ártabro é a denominación común coa que se coñece a unión das rías da Coruña, Ares e Betanzos, e Ferrol; neste caso, o golfo Ártabro sur sitúase na ría da Coruña. Esta zona está composta por sete concellos (GALP) que sumaban un total de 393.857 habitantes no ano 2021, nunha superficie de 337,8 km².



Poboación por sexo



Poboación por zona

Zona 1	80.978 hab.
Zona 2	152.647 hab.
Zona 8	393.857 hab.
Zona 3	77.626 hab.
Zona 4	58.613 hab.
Zona 5	151.736 hab.
Zona 6	159.528 hab.
Zona 7	432.233 hab.
TOTAL	1.507.218 habitantes

A Costa da Morte

ZONA 3

A Costa da Morte está integrada por nove municipios (GALP) das comarcas de Bergantiños, Fisterra e Terra de Soneira. Sumaban un total de 77.626 habitantes no ano 2021, nunha superficie de 962 km².





Poboación por sexo



Poboación por zona



ZONA 4

Seo de Fisterra e ría de Muros e Noia. Costa sostible



A delimitación territorial, que abrangue as rías de Muros e Noia e a de Corcubión, vén marcada pola súa continuidade física e unha orografía de transición entre as Rías Baixas (zonas de marisqueo e praias) e as Rías Altas (zonas de costa agreste). Entre os nove municipios (GALP) sumaban un total de 58.613 habitantes no ano 2021, nunha superficie de 593,9 km².



Poboación por sexo



Poboación por zona

Zona 1	80.978 hab.	
Zona 2	152.647 hab.	
Zona 8	393.857 hab.	
Zona 3	77.626 hab.	
Zona 4	58.613 hab.	
Zona 5	151.736 hab.	
Zona 6	159.528 hab.	
Zona 7	432.233 hab.	
TOTAL	1.507.218 habitantes	

Ría de Arousa

ZONA 5



Configúrase como unha unidade sobre todo pola súa xeografía, un anel litoral que rodea e define a ría de Arousa. Entre os once concellos (GALP) sumaban un total de 151.736 habitantes no ano 2021, nunha superficie de 425,8 km².



Poboación por sexo



Poboación por zona



ZONA 6

Ría de Pontevedra



O istmo da Lanzada marca o extremo norte desta zona costeira e o cabo Udra o sur; polo oeste, as Ons pechan a ría e a zona costeira. Estas illas, Ons e Onza, forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas e son un dos seus referentes emblemáticos, xunto coa de Tambo. Entre os seis concellos (GALP) sumaban un total de 159.528 habitantes no ano 2021, nunha superficie de 292,6 km².



Poboación por sexo



Poboación por zona

Zona 1	80.978 hab.	
Zona 2	152.647 hab.	
Zona 8	393.857 hab.	
Zona 3	77.626 hab.	
Zona 4	58.613 hab.	
Zona 5	151.736 hab.	
Zona 6	159.528 hab.	
Zona 7	432.233 hab.	
TOTAL	1.507.218 habitantes	



Ría de Vigo-A Guarda

ZONA 7

Comprende once concellos (GALP) adscritos administrativamente a catro comarcas da provincia de Pontevedra e sumaban un total de 432.233 habitantes no ano 2021, nunha superficie de 513,5 km².



Poboación por sexo



Poboación por zona

80.978 hab.	Zona 1
152.647 hab.	Zona 2
393.857 hab.	Zona 8
77.626 hab.	Zona 3
58.613 hab.	Zona 4
151.736 hab.	Zona 5
159.528 hab.	Zona 6
432.233 hab.	Zona 7
1.507.218 habitantes	TOTAL

i. 05. Grúa dun barco | Grúa de un barco




Área de Peligro 15
F-1300

03

A CADEA MAR-INDUSTRIA

LA CADENA MAR-INDUSTRIA

03 A cadea mar-industria
La cadena mar-industria

1
Unha industria específica e unha cultura propia
Una industria específica y una cultura propia
páx. 61

2
Categorías patrimoniais
Categorías patrimoniales
páx. 77

Atendiendo a los datos de la Xunta de Galicia, es manifiesta la amplia estructura actual relacionada con las actividades extractivas y productivas marinas, además de la existencia de un complejo transformador y comercializador que alcanza un volumen de facturación y exportación importante. Si a ello le sumamos las actividades auxiliares, reflejamos un campo productivo que supone el cuarto sector con mayor presencia en la economía gallega. Las tablas *input-output* pesca-conserva gallegas 2019, elaboradas por el grupo de investigación Ecopesca-USC, destacan la influencia del sector del mar en el resto de las actividades económicas, puesto que 76 de las 83 ramas de la actividad económica gallega tienen relación con el sector marítimo. La dimensión comercial reflejada en los datos de exportación de Galicia, la décima exportadora mundial de productos de la pesca (llegando a 121 países), por delante de países como Japón o Islandia. Además, Galicia tiene actividad propia en transformación de productos del mar en más de 30 países, dispone de 65 lonjas para primera venta de productos frescos del mar, y existen 127 puertos que sirven como puntos de desembarco de estos productos.

El relevante papel de la actividad marítimo-pesquera en la economía del presente tiene su base en un pasado clave de marcado carácter social y cultural. El sector productivo destaca como el mayor generador de saberes y prácticas aplicadas al mar y subsecuentemente, de creencias y ritos de protección, así como de técnicas y arquitecturas propias. La complejidad y características de la actividad marítima gallega, y singularmente la pesquera, demandó formas de organización social del trabajo y del reparto de la riqueza que se ajustasen a la propia naturaleza del medio y a los criterios de la comunidad de pescadores, conformada de manera en que esta se vincula con el mar y lo interioriza. Estas manifestaciones de las sociedades pertenecientes a la cadena mar-industria engloban contextos sociales y culturales, dando como resultado una cultura marítima característica que llega hasta la actualidad y que tiene que seguir evolucionando y enriqueciéndose paralelamente con otras actividades como el turismo o el deporte.

Atendendo aos datos da Xunta de Galicia, é manifesta a ampla estrutura actual relacionada coas actividades extractivas e produtivas mariñas e a existencia dun complexo transformador e comercializador que alcanza un volume de facturación e exportación importante. Se a iso lle sumamos as actividades auxiliares, temos como resultado un campo produtivo que supón o cuarto sector con maior presenza na economía galega.

As táboas *input-output* pesca-conserva galegas 2019, elaboradas polo grupo de investigación Ecopesca-USC, destacan a influencia do sector do mar no resto das actividades económicas, debido a que 76 das 83 ramas da actividade económica galega teñen relación co sector marítimo. A dimensión comercial ven reflectida nos datos de exportación de Galicia, a décima exportadora mundial de produtos da pesca (con destino a 121 países), por diante de países como Xapón ou Islandia. Ademais, Galicia ten actividade propia relacionada coa transformación de produtos do mar en máis de 30 países, dispón de 65 lonxas para a primeira venda de produtos frescos do mar e existen 127 portos que serven como puntos de desembarco destes produtos.

O relevante papel da actividade marítimo-pesqueira na economía do presente ten a súa base nun pasado clave de marcado carácter social e cultural. O sector produtivo destaca como o maior xerador de saberes e prácticas aplicadas ao mar e subsecuentemente, de crenzas e ritos de protección, así como de técnicas e arquitecturas propias. A complexidade e as características da actividade marítima galega, e singularmente a pesqueira, demandou formas de organización social do traballo e de repartición da riqueza que se axusten á propia natureza do medio e aos criterios da comunidade de pescadores, conformada de maneira que esta se vincula co mar e o interioriza. Estas manifestacións das sociedades pertencentes á cadea mar-industria engloban contextos sociais e culturais, o que dá como resultado unha cultura marítima característica que chega ata a actualidade, que segue evolucionando e que se enriquece doutras actividades como o turismo ou o deporte.

Sabendo que faltan moitas, queremos salientar unha gran parte: Asociación Galega de Barcos Clásicos e de Época AGABACE Amigos da Dorna de Portonovo Amigos da Dorna Meca Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais de Galicia Asociación Cultura para Protección do Patrimonio ARDÓBRIGA Arquivo Histórico da Confraría de Burela Asociación AMBAR Asociación Autismo BATA Asociación Balandro Joaquín Vieta Asociación Calmoseira A.C.D. Rompetimóns Asociación Cívico Cultural Terra de Outes Asociación Cultural A Cepa Asociación Cultural A Cerca Asociación Cultural Bidueiro Asociación Cultural Canle de Lira Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais A Torre Asociación Cultural de Embarcacións Tradicionais Piueiro Asociación Cultural de Mulleres do Mar de Poio Asociación Cultural Dorna Asociación Cultural Deportiva e Promotora de Actividades Xuvenís Fasquía Asociación Cultural e de Tradicións Mariñeiras A Gamela Asociación Cultural Gameleiros Asociación Cultural Garola Asociación Cultural Lajareu por Barlovento Asociación Cultural Mariñeira Os Patexeiros Asociación Cultural Meiro Asociación Cultural Mulleres do Mar de Cambados GUIMATUR Asociación Cultural O Castro Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna Asociación Cultural Ría de Arousa para a Conservación, Divulgación e Disfrute Sostible da Ría e da súa Costa Asociación de Actividades Subacuáticas ILLA PANCHA Asociación de Amigos do Museo do Mar de Galicia Asociación de Custodia do Patrimonio Cultural Vedoreira Asociación de Embarcacións Tradicionais Os Galos Asociación de Empresarios Turísticos de Camariñas Asociación de Estudos Medioambientais e Socioculturais Amigos de Sada AMISADA Asociación de Gameleiros Asodiña Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos San Miguel de Bouzas Agrupación de Mariscadoras de a Pé da Confraría de San Telmo Asociación de Mariscadoras de Camariñas Asociación de Oceanógrafos de Galicia Costa da Morte Asociación de Turismo CMAT Asociación de Redeiras Cabo Burela Asociación Galega de Actividades Náuticas AGAN Asociación Galega de Carpintería de Ribeira AGALCARI Agrupación Instrutiva de Caamouco Asociación Mar de Fábula Asociación Mar de Muros Asociación Mar de Noia Asociación Mar de San Ciprián Asociación Marítima e Cultural Vilaxoán Asociación Noia Histórica Asociación Profesional de Redeiras O Feital de Malpica Asociación Redeiras Illa da Estrela de Corme Asociación Profesional Redeiras de Cariño Asociación Redeiras de Lorbé Asociación Sociocultural Auga e Sal Asociación Sodináutica Asociación Sueste Asociación Turístico Comarcal Ría Muros-Noia Ateneo Santa Cecilia de Marín Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen Associação para a Preservação, Defesa e Estudo do Património Marítimo Barcos do Norte Casa da Navegación de Baiona Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia CEIDA Centro de Interpretación da Conserva Centro Recreativo Artístico e Cultural del Coruxo Club de Remo Ares Club de Remo Robaleira Club do Mar de Ferrol Clube Mariño A Reiboa Club Marítimo de Redes Asociaciación de Enxeñeiros Navais e Oceánicos de España Fábrica de Sel Forum Esposendense Fundación Expomar Fundación Xosé Soto de Fión Grupo Cultural Ronsel Grupo de Traballo polo Patrimonio Marítimo da Asociación de Veciños

A Ostreira de Abelleira Grupo Etnográfico Mascato Instituto de Estudos Miñoranos La Conservería Asociacion Recreativa Mar da Pedra de Amigos das Gamelas Mariña Patrimonio Asociación Sociocultural de Mulleres Meigas De Sada Mulleres Salgadas Museo Anfaco da Industria Conserveira Arquivo da Pesca Museo da Construción Naval Fundación Exponav Museo da Pesca de Fisterra Salgadeiras de Moreiras Espazo Museístico Museo Muíño de Mareas A Seca Museo do Faro Museo do Mar da Guarda Museo do Mar de Galicia Museo do Mar de Laxe Museo do Mar de Rianxo Museo do Pobo Galego Museo Man de Camelle Museo do Mar de Noia Museo Marea Museo Marítimo Seno de Corcubión Museo Mares de Cedeira Museo Massó Museo Provincial do Mar Océano Surf Museo Pantin Classic Muiños de Mareas do Pozo de Cachón Real Club Náutico de Sanxenxo Asociación A Gamela de Cabo de Cruz Club Marítimo Oza O Puntal Real Club Náutico de La Coruña Club Náutico Arousa Norte Club Náutico de Ares Club Náutico Boiro Club Náutico Deportivo Barraña Club Náutico Cabanas Club Náutico de Camariñas Club Marítimo Carrumeiro Club Náutico de Fisterra Club Deportivo Náutico de Miño Club do Mar e Náutico de Muxía Real Club Náutico Portosín Club Náutico de Rianxo Clube Náutico Deportivo de Riveira Club Náutico de Sada Club Náutico de Foz Real Club Náutico de Ribadeo Club Náutico Castrelo de Miño Club Alagua Monte Real Club de Yates Club Náutico de Beluso Club Náutico Cangas Real Club Náutico de Rodeira Real Club de Mar de Aguete Club Social Moaña Mar Club Marítimo de Panxón Náutico de San Vicente Club Náutico Isla de la Toja Club Náutico de Raxó Club Náutico de Pontecesures Club Naval de Pontevedra Fanautic Club Club Náutico Cardona Club Náutico O Muíño Club Náutico de Portonovo Club Náutico de Arcade Club Náutico San Telmo Liceo Marítimo de Bouzas Real Club Náutico de Vigo Club Marítimo Canido Club Deportivo Náutico San Adrián de Cobres Asociación de Náuticos de Galicia ASNAUGA Asociación de Mariscadoras e Mariscadores de Cariño Organización de Produtores do Marisco e Cultivos Mariños da Provincia de Pontevedra Organización de Productores de Palangre ORPAL Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo ARVI Asociación Redeiras O Cerco de Cangas do Morrazo Asociación de redeiras do Baixo Miño Atalaia Asociación de redeiras de Porto do Son Virxe do Carme Asociación de Mulleres do Sector Pesqueiro SEO de Fisterra e Ría de Muros-Noia Asociación de Redeiras de Cedeira Asociación de Mariscadoras de Río Anllóns Asociación de Mariscadoras AMARCARRIL Asociación de Frigoríficos de Pesca Extractiva AFRIPEX Asociación de Redeiras O Fieital de Malpica Asociación de Mariscadoras Virxe do Carmen de Arcade Asociación Nacional de mujeres de la pesca ANMUPESCA Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial CULTURMAR Asociación Galega do Patrimonio Industrial BUXA Federación Galega de Confrarías de Pescadores Federación Española de Actividades Subacuáticas FEDAS Instituto Español de Oceanografía Asociación Adeco-Dea Parque Nacional das Illas Atlánticas Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo



A actividade pesqueira e a cadea mar-industria xera 40.000 empregos directos, desagregados da seguinte forma:

- Na transformación (persoas contratadas a tempo completo)
- Na pesca e no marisqueo a flote
- Na acuicultura e mitilicultura
- Nas actividades de comercialización
- Empregados no marisqueo a pé
- Nas actividades asociativas (confrarías, asociacións, federacións)

Fonte: Xunta de Galicia

Unha industria específica e unha cultura propia

Nace en Galicia cos recursos de Galicia

Una industria específica y una cultura propia

Nace en Galicia con los recursos de Galicia

En Galicia, la industrialización, relativamente tardía, tuvo un escenario fundamental en el litoral, con protagonismo destacable de los llamados fomentadores de la pesca, muchos de origen catalán. Desde el siglo XVIII la salazón doméstica, producto básico de la economía marítima, perdió rápidamente mercado por la competencia de la sardina prensada en cientos de fábricas esparcidas por nuestras rías. En la actualidad abundan los restos de estas construcciones, elementos referentes del patrimonio inmueble de nuestra costa. Los oficios vinculados a esta industria y otros relacionados con el mar hablan de modos de vida que generaron una identidad en las comunidades litorales gallegas.

La base importante eran las técnicas y los oficios, que son el resultado de la complejidad y las características de la actividad marítima, del entendimiento del territorio y del arraigo al mar. Este apartado pretende poner el acento en los oficios tradicionales y generadores de cultura de la cadena mar-industria, algunos de los cuales hoy han desaparecido por consecuencias lógicas de la evolución social, como el maestro salinero, pero otros viven con una sabiduría y técnicas propias a la espera de una mejora de la situación, como la carpintería de ribera, y otros evolucionaron y crecieron hasta formar un sector puntero, como se narraba en la introducción de este capítulo.

En Galicia, a industrialización, relativamente tardía, tivo un escenario fundamental no litoral, con protagonismo salientable dos chamados *fomentadores* da pesca, moitos de orixe catalá. Desde o século XVIII a salga doméstica da sardiña, produto básico da economía marítima, perdeu rapidamente mercados pola competencia da sardiña prensada en centos de fábricas espalladas polas nosas rías. Na actualidade, son abondosos os restos destas construcións, elementos referenciais do patrimonio inmoble da nosa costa. Os oficios vencellados a esta industria e outros relacionados co mar falan de modos de vida que xeraron identidade nas comunidades litorais galegas.

A base importante eran as técnicas e os oficios, que son o resultado da complexidade e das características da actividade marítima, do entendemento do territorio e do arraigamento ao mar. Este apartado pretende poñer o acento nos oficios tradicionais e xeradores de cultura da cadea mar-industria, algúns dos cales hoxe desapareceron por consecuencias lóxicas da evolución social, como o mestre salineiro, pero outros viven cunha sabedoría e técnicas propias á espera dunha mellora da situación, como a carpintaría de ribeira, e outros evolucionaron e creceron ata formaren un sector punteiro, como se narraba na introdución deste capítulo.

01 CAPTURA

Mariñeiro/a



Pesca artesanal

- Sen embarcación ou cunha pequena: bote, dorna, lancha.
- Na costa ou a 16 km. máx.

- **TRASMALLO**
- **LIÑA OU CORDA DE MAN**
- **PALANGRE**
- **NASAS**
- **CORRICÁN**

De baixura

- Cunha embarcación pequena a motor.
- Ata 110 km. da costa máx.

- **TRASMALLO**
- **CERCO**
- **PALANGRE**
- **ARRASTRE**

De altura (profesional e deportiva)

- Cunha embarcación con radar.
- A máis de 110 km. da costa.

- **PESCA DE FÍO**
- **CON REDE**
- **PALANGRE**
- **ARRASTRE**
- **CERCO**

Pesca industrial

De gran altura

- Traballo de meses.
- Grandes frotas con embarcacións de apoio.
- No océano.

- **TRASMALLO**
- **CERCO**
- **A ALMADRABA**
- **CORRICÁN**
- **PALANGRE**
- **ARRASTRE**

De altura

- Traballo semanal ou mensual.
- Barcos con sondas e sistemas frigoríficos.
- A máis de 110 km. da costa.

Costeira

- Traballo diario.
- Barcos pequenos ou medianos.
- A poucos km. da costa.

02 COLLEITA

Mariscador/a

A pé **A flote**



Percebeiro/a



Acuicultor/a



Mestre/a salineiro/a



Argaceira/o



Bateeiro/a



Oficios tradicionais

Neste diagrama, ordénanse os oficios tradicionais en función da súa natureza. Atendendo ás concisas definicións da Real Academia Galega, poderiamos falar de cinco grupos nunha análise inicial, que non pretende ser finalista, trátase dun mero proceso de ordenar para analizar. O primeiro destes grupos é a "Captura", en función do innumerable número de especies de peixes; "Colleita", baseado en facer a recolección e a extracción; "Procesamento", relacionado co labor de transformación física, química ou biolóxica; "Fabricación", que ten que ver co proceso transformador e a obtención dun produto; e "Servizos", que se refire os profesionais do transporte e da seguridade marítimas.

A sociedade litoral evolucionou nas súas técnicas e oficios ata o punto de que se involucran co medio marítimo ata convertelo en sustento, de forma que existe unha progresión en canto ao coñecemento deste, así como á súa explotación e á afección desta relación sobre as comunidades litorais.

03 PROCESAMENTO

Operario/a da conserva
- Maquinista
- Soldador/a
- Litógrafo/a de folla de lata
- Latoeiro/a



Afumador/a



Baleeiro/a



Salgador/a
- Toneleiro/a
- Estibador/a
- Prensador/a
- Carrexadores/as
- Envarilladores/as



Muiñeiro/a



Secador/a



Peixeira/o



04 FABRICACIÓN

Carpinteiro/a de ribeira
- Construtor/a de bateas
- Construtor/a de artes e aparellos



Toneleiro/a



Cordoeiro/a



Redeira/o
- Mestre veleiro
- Cosedoras e costureiras de velas



Torneiro/a



Calafateador/a



05 SERVIZOS

Fareiro/a



Barqueiro/a



ARTES DE PESCA •
Tipo ◦
Oficios relacionados ×
Características -

Oficios tradicionales

En este diagrama se ordenan los oficios tradicionales en función de su naturaleza. Atendiendo a las concisas definiciones de la Real Academia Gallega, podríamos hablar de cinco grupos en un análisis inicial y que no pretende ser finalista, es un mero proceso de ordenar para analizar. El primero de estos grupos es la "Captura", en función del innumerable número de especies de peces; "Recogida", basado en hacer la recolección y extracción; "Procesamiento", relacionado con la labor de transformación física, química o biológica; "Fabricación", que tiene que ver con la transformación de una cosa u obtención de un producto por medio de un trabajo adecuado; y "Servicios", que se refiere a los profesionales del transporte y la seguridad marítimas.

La sociedad litoral evolucionó en sus técnicas y oficios hasta el punto de que se involucran con el medio marítimo hasta convertirlo en sustento, de forma que existe una progresión en cuanto al conocimiento de este, así como su explotación y la afección de esta relación sobre las comunidades litorales.

Mariñeiro/a
Mariñeiro/a



Edificación asociada:
Caseta de pescador



Este oficio consiste na utilización das técnicas denominadas artes de pesca para a captura de especies acuáticas. Estas artes poden clasificarse segundo a distancia á costa ou segundo a súa finalidade: artesanal, tanto a pé na costa como en pequenas embarcacións preto do litoral; industrial, máis tecnolóxica e afastada da costa; ou deportiva, de ocio. No século XVI, atopamos xa unha serie de ordenanzas nas rías galegas onde se regulamentan as artes utilizadas ata entón, como o cerco real, as sacadas, o xeito, a veta, a volanta, a raeira, o trasmallo, o medio mundo, os liños e as nasas.

El oficio de *mariñeiro* consiste en la utilización de las técnicas denominadas artes de pesca para capturar especies acuáticas. Dichas artes se pueden clasificar en función de la distancia a la costa o de su finalidad: artesanal, tanto a pie como en pequeñas embarcaciones cerca de la costa; industrial, más tecnológica y alejada de la costa; o deportiva, de ocio. En el siglo XVI encontramos ya una serie de ordenanzas en las rías gallegas donde se reglamentan las artes utilizadas hasta entonces, como el cerco real, las sacadas, el *xeito*, la beta, la volanta, la *raeira*, el trasmallo, el medio mundo, los *liños* y las nasas.



Fonte | Fuente: Propia

Fonte | Fuente: Confraría do Grove



Los empleados por este oficio plantan y recogen diversos mariscos, principalmente moluscos, para su venta. Este arte de pesca es una disciplina transmitida de generación en generación y fundamentalmente femenina y a pie, aunque existe también el marisqueo a flote, realizado por hombres. Las herramientas son muy diversas (sachos, rastrillos...).
Actualmente las mariscadoras no solo se dedican a la extracción: también siembran, cultivan, limpian las algas, rarean para que no se amontonen los moluscos e incluso vigilan. Se organizan en cofradías que realizan un plan de explotación marisquera con el asesoramiento de profesionales de la biología.

Mariscadora/or
Mariscadora/or



Os empregados neste oficio sementan e recollen diversos mariscos, principalmente moluscos, para a súa venda. Trátase dunha actividade transmitida de xeración en xeración. É fundamentalmente feminina e realízase a pé, aínda que tamén existe o marisqueo a flote, realizado por homes. As ferramentas utilizadas son moi diversas (sachos, rastros...).
Actualmente, as mariscadoras non só se dedican á extracción, tamén sementan, cultivan e limpan as algas, rarean para que non se amontoen os moluscos e ata vixían. Organízanse en confrarías que realizan un plan de explotación marisqueira co asesoramento de profesionais da bioloxía.

Mestre/a salineiro/a
Maestro/a salinero/a



O traballo do mestre salineiro é unha ocupación de carácter estacional que consiste en mover a auga para eliminar a fina capa de salmoira que se forma na superficie, as coñecidas escamas de sal. Cando a salmoira callaba, os salineiros ou salineiras debían retirala mediante anciños ou pas e cargala en carros e mulas para levala ata o almacén de sal máis próximo. O salineiro era tamén responsable do bo estado das instalacións para atinxir un proceso correcto de cristalización.

El oficio de maestro salinero es una ocupación de carácter estacional que consiste en mover el agua para eliminar la fina capa de salmuera que durante días se forma en la superficie, las conocidas escamas de sal. Esta se retiraba mediante rastrillos o palas y se cargaba en carros y mulas para llevarla hasta el alfolí más cercano. El salinero, también era responsable del buen estado de las instalaciones, de cara al correcto proceso de cristalización.



Fonte | Fuente: Turismo Galicia

Percebeiro/a
Percebeiro/a



Este oficio consiste no marisqueo de percebes, un dos mariscos máis valorados pola súa dificultade para ser capturado, xa que se atopan adheridos ás rochas dos acantilados onde rompen as ondas do mar. Os percebeiros achéganse a estas rochas ben por mar con pequenas embarcacións ou por terra a través de carreiros ou mesmo descendendo polos propios acantilados. A súa extracción realízase durante a baixamar e segue a ser unha actividade manual. Coa axuda dun cavadoiro, deben separar o percebe da rocha sen cortalo durante os escasos segundos que deixa o retroceso da ondada. Actualmente utilizan neoprenos, escarpíns e cordas que ancoran ás rochas para realizar o traballo con certa seguridade.

El oficio de *percebeiro* consiste en el marisqueo de percebes, uno de los mariscos más valorados por su dificultad para ser capturado, ya que se encuentran adheridos a las rocas de los acantilados donde rompen las olas del mar. Para acercarse a estas rocas se puede utilizar una pequeña embarcación, hacerlo a pie por los senderos o directamente descendiendo por acantilados. La extracción, durante la bajamar, sigue siendo manual: con ayuda del *cavadoiro* deben separar el percebe de la roca sin cortarlo, durante los escasos segundos que dura el retroceso del oleaje. Actualmente utilizan neoprenos, escarpines y cuerdas que anclan a las rocas para realizar el trabajo con cierta seguridad.

Fonte | Fuente: Diario *El País*



Argaceira/o
Recolector/a de algas



O oficio de argaceira consiste na recollida a man de algas, habitualmente dentro da auga, que selecciona e corta no momento óptimo para o seu consumo. Unha vez colleitadas, lévanse á fábrica, onde se lavan, cortan e preparan en fresco ou nalgún tipo de conserva. Ademais da alimentación, pódense destinar a usos farmacéuticos e, como desde hai séculos en Galicia, tamén se empregan como fertilizante para os campos.

Na actualidade, durante os meses de abril a setembro, pódense ver nas praias os argaceiros con escarpíns, aletas de mergullo, lentes, tubos de respiración, traxes de neopreno e fouces.

El oficio de recolector de algas consiste en la recogida de algas a mano, habitualmente dentro del agua, seleccionando y cortando las plantas en su momento óptimo para el consumo. Una vez recolectadas, se llevan a la fábrica, donde se lavan, cortan y preparan frescas o en algún tipo de conserva. Además de la alimentación, también pueden destinarse a usos farmacéuticos y, como desde hace siglos en Galicia, como abono para el campo.

En la actualidad, durante los meses de abril a septiembre, se pueden ver en las playas a los recolectores de algas, con escarpines, aletas de buceo, gafas, tubo de respiración, traje de neopreno y una hoz.



Fonte | Fuente: Algamar

Acuicultor/a
Acuicultor/a



Edificación asociada:
Cetaria



O oficio de acuicultor consiste no cultivo de organismos acuáticos vexetais e animais en ambientes naturais ou artificiais, con auga mariña ou salobre (acuicultivo mariño) ou doce (acuicultivo continental), coa finalidade de obter alimentos, compostos bioactivos ou biocombustibles, ou ben co fin da conservación ou recreación. O proceso comeza coa produción de sementes, con estadios de desova e co desenvolvemento larvario nun laboratorio. A continuación, ten lugar a fase de engorde nos medios naturais e de forma controlada. Na década dos oitenta, a acuicultura galega era familiar e moi tradicional. Porén, na actualidade existe un número elevado de especialistas, como os enxeñeiros agrónomos (zootecnia) e os biólogos mariños, entre outros.

El oficio de acuicultor consiste en el cultivo de organismos acuáticos vegetales y animales en ambientes naturales o artificiales, con agua marina o salobre (acuicultivo marino), o dulce (acuicultivo continental), con la finalidad de obtener alimentos, compuestos bioactivos o biocombustibles, o bien la conservación o recreación. El proceso comienza con la producción de semillas, estadios de desove y desarrollo larvario en un laboratorio. A continuación, tiene lugar la fase de engorde en los medios naturales de forma controlada. Durante la década de los ochenta, la acuicultura gallega era familiar y muy tradicional; sin embargo, en la actualidad existe un número elevado de especialistas, como los ingenieros agrónomos (zootecnia) o los biólogos marinos, entre otros.

Fonte | Fuente: *La Voz de Galicia*. César Toimil



Bateeiro/a
Bateeiro/a



Edificación asociada:
Batea



Os bateeiros ocúpanse na crianza e na recolección de ostra, de vieira e, sobre todo, de mexillón mediante o uso de bateas, que son plataformas cadradas de aproximadamente 550 m² colocadas no interior de rías e suxeitas ao fondo para evitar que se despracen. A estas embarcacións fíxanse as cordas dun máximo de 12 metros de lonxitude, que quedarán mergulladas na auga do mar portando as sementes recollidas polo bateeiro. Cando o tamaño do mexillón aumenta o suficiente como para ser comercializado, ízanse as cordas cun guindastre hidráulico desde un barco e límpanse cuns cepillos sobre unha cesta no mar, de xeito que se desprenden os mexillóns, selecionándoos e envasándoos en sacos para a súa comercialización.

Los *bateeiros* se ocupan de la cría y recolección de ostra, de vieira ey sobre todo, del mejillón mediante el uso de bateas: plataformas cuadradas de aproximadamente 550m² colocadas en el interior de las rías y sujetas al fondo para evitar que se desplacen. A estas embarcaciones se fijan cuerdas de un máximo de 12 metros de longitud que quedarán sumergidas y portando las semillas recogidas por el *bateeiro*. Cuando el mejillón crece lo necesario para ser comercializado, se izan las cuerdas con ayuda de un barco con grúa hidráulica y se limpian con unos cepillos sobre una cesta en el mar, desprendiendo así los mejillones, seleccionándolos y envasándolos en sacos para su comercialización.



Fonte | Fuente: *Vozpópuli*. "El cambio invisible". Xurxo Mariño

Fonte | Fuente: Arquivo Museo Massó



El oficio de operario de la conserva se reducía a labores manuales y de trabajo en cadena: descargar y cargar las mercancías de los barcos; limpiar el pescado utilizando cuchillos como herramienta; fritura y cocido de los pescados; aceitado, corte y empacado de los pescados en las latas; cierre de las latas mediante las máquinas surtidoras de uso manual; revisión del correcto estado de las latas ya cerradas (revisadoras). Los pocos hombres que trabajaban en la planta de procesamiento manejaban las máquinas (calderas y hornos) o supervisaban el trabajo femenino.
Actualmente Galicia es uno de los líderes mundiales en el sector de la conserva, por la calidad de sus productos y el volumen de sus exportaciones.

O oficio de operario da conserva reducíase a labores manuais e de traballo en cadea: descargar e cargar as mercadorías dos barcos; limpar o peixe utilizando coitelos como ferramenta; fritir e cocer os peixes; aceitar, cortar e empacar os peixes nas latas; pechar as latas mediante as máquinas de uso manual e revisar o correcto estado das latas xa pechadas (revisadoras). Os poucos homes que traballaban na planta de procesamento manexaban as máquinas (caldeiras e fornos) ou supervisaban o traballo feminino.
Actualmente Galicia é un dos líderes mundiais no sector da conserva pola calidade dos seus produtos e polo volume das súas exportacións.

Operarios/as da conserva
Operarios/as de la conserva



Edificación asociada:
Fábrica de conserva



Salgador/a
Salazonero/a



Edificación asociada:
Fábrica de salgadura



O sal, grazas á súa acción microbiana, era o método principal para a conservación de alimentos, tanto para autoconsumo como para o mercado.

A técnica da salgadura en Galicia xa se realizaba en época castrexa e continuou evolucionando. Un importante avance produciuse no século XVIII co novo método dos chamados fomentadores cataláns, que prensaban a sardiña, retrasando a súa caducidade e obtendo un segundo produto, o saín, moi demandado. As antigas técnicas do escochado e salgado doméstico continuaron, mais perderon mercados.

La sal, gracias a la acción antimicrobiana, era el método principal para la conserva de alimentos, tanto para autoconsumo como para el mercado.

La técnica de la salazón en Galicia ya se realizaba en la cultura castreña y siguió evolucionando. Un importante avance se produjo en el siglo XVIII, con el nuevo método de los llamados fomentadores catalanes, que prensaban la sardina, retrasando su caducidad y obteniendo un segundo procuto, el saín, muy demandado. Las antiguas técnicas de limpieza y salgado doméstico continuaron, pero perdieron mercado.



Fonte | Fuente: Arquivo Museo Massó

Afumador/a
Ahumador/a



Edificación asociada:
Afumadoiro



Fonte | Fuente: blog A Punto Cocina



La técnica tradicional del ahumado del pescado consistía en enstartarlo por las agallas en unas varas metálicas y colgarlos en el ahumadero (espacio cerrado sin salida de humos). El pescado, a veces previamente salado, recibe el humo de ramas verdes de laurel o troncos de árboles frutales que lo deshidrata y aromatiza. Los pasos finales de este proceso de conserva son el enfriamiento, empacado, y almacenamiento.

Actualmente la técnica se ha industrializado, controlando los condensadores de humo con un ordenador.

A técnica tradicional do afumado do peixe consistía en ensartalo polas galadas nunhas varas metálicas e colgalo nos afumadoiros (espazos pechados sen saída de fume). O peixe, ás veces previamente salgado, recibe o fume de ramas verdes de loureiro ou troncos de árbores froiteiras para deshidratar e aromatizar o produto. Os pasos finais deste proceso de conservación son o arrefriamento, empacado e almacenamento.

Actualmente, a técnica está industrializada e os condensadores de fume contrólanse cun ordenador.

Muiñeiro/a
Molinero/a



Edificación asociada:
Muíño de mareas



Este oficio consistía en levantar a pedra voandeira (roda superior de granito) mediante un pescante e en facerlle sucos á pedra dormente ou pé (inferior) mediante un pico e un mazo, que axilizaban a moenda. Para moer os grans, o muiñeiro collía os sacos e botaba o seu contido na moega. O gran caía polo ollal ata o espazo intermedio das pezas de pedra. A forza da auga que move o rodicio (roda inferior do muíño) moe a fariña, que sae polo cribo. O grosor da fariña regulábase coa distancia entre as pedras mediante un parafuso denominado aliviadoiro.

A vantaxe destes muíños con respecto aos de regato é que teñen auga durante todo o ano, xa que se traballaba coa auga de marea embalsada na preamar.

El oficio de molinero consistía en levantar la piedra volandera (rueda superior de granito) mediante un pescante y hacerle surcos a la piedra durmiente/solera (inferior) mediante un pico y un mazo. Para moler los granos, el molinero cogía los sacos y echaba su contenido en la tolva. El grano caía por el ojal hasta el espacio intermedio de las piezas de piedra. La fuerza del agua que mueve el rodezno (rueda inferior del molino) muele la harina, que una vez molida sale por el cernedor. El grosor de la harina se regula con la distancia entre las piedras mediante un tornillo denominado alivio.

La gran ventaja de estos molinos sobre los de río es que tienen agua todos los días del año, ya que se trabajaba con agua de marea embalsada en pleamar.



Fonte | Fuente: Asociación Arcera

Fonte | Fuente: Diario *El Español*



Durante siglos pasados los balleneros vivían de la caza de ballenas con arpones cerca de la costa. A continuación, conducían los cetáceos a las fábricas de los puertos para despiezarlos y aprovechar todo lo posible de ellos.

En Galicia ya se cazaban ballenas desde el siglo XII, y, aunque contó con hasta 18 puertos balleneros desde la Edad Media hasta finales del siglo XX, las factorías balleneras que conocemos hoy en día empezaron a funcionar a partir de la década de los veinte. La moratoria de la Comisión Ballenera Internacional de 1986 prohíbe la captura comercial de cetáceos y motivó el cese de la actividad.

Baleeiro/a
Ballenero/a



Edificación asociada:
Factoría baleeira



En séculos pasados os baleeiros vivían da caza da balea con arpóns cerca da costa. A continuación, conducían os cetáceos as factorías dos portos para despezalos e aproveitar todo o posible deles.

En Galicia, xa se cazaban baleas desde o século XII e, aínda que contou con ata dezaoito portos baleeiros desde a Idade Media ata finais do século XX, as factorías baleeiras que coñecemos hoxe en día empezaron a funcionar a partir da década dos vinte. A moratoria da Comisión Baleeira Internacional de 1986 prohibe a captura comercial de cetáceos e motivou o cese da actividade.

Secador/a
Secador/a



Edificación asociada:
Secadoiro



O oficio de secador consiste en conservar o peixe mediante a acción directa do sol e do aire. Antigamente era un proceso doméstico. En ocasións, a técnica do secado usábase conxuntamente con outros métodos de conservación, como a salgadura. Neste proceso dividíase o peixe á metade, limpábase e facíanselle varios cortes á carne. A continuación, lavábase con auga, esparexíaselle sal por riba e amontoábase durante 24 horas para finalmente secalo durante 3 ou 4 días.
Este oficio está practicamente en desuso. Na actualidade utilízanse cámaras metálicas específicas para o secado do peixe.

El oficio de secador consiste en conservar el pescado mediante la acción directa del sol y del aire. Antiguamente era un proceso doméstico. En ocasiones la técnica de secado se usaba conjuntamente con otros métodos de conserva, como la salazón. En este proceso se dividía el pescado a la mitad, se limpiaba y se le hacían varios cortes a la carne sin perforar la piel; se lavaban con agua, se les esparcía sal por encima y se apilaban durante 24 horas para finalmente secarlos durante 3 o 4 días. Este oficio se encuentra prácticamente en desuso. En la actualidad se utilizan cámaras metálicas específicas para el secado del pescado.



Fonte | Fuente: Documentais etnográficos

Carpinteiro/a de ribeira
Carpintero/a de ribera



Edificación asociada:
Carpintaría de ribeira



O oficio de carpinteiro, que adquiriu previamente os coñecementos específicos sobre o uso correcto do material, así como a destreza no manexo das ferramentas características, consiste en construír e en reparar as embarcacións de madeira. A aprendizaxe deste oficio era un proceso práctico que se efectuaba traballando nunha carpintaría de ribeira, onde se adquiría o coñecemento empírico transmitido de xeración en xeración. Na sociedade galega, respondendo á riqueza forestal, era frecuente atopar a figura do carpinteiro, polo que existen outras dúas grandes especializacións: o carpinteiro de armar, que se dedica ás armaduras e ás armazóns, e os carpinteiros do branco ou de taller, que se dedican ás pezas máis pequenas e con acabados traballados.

El oficio de carpintero de ribera consiste en construir y reparar las embarcaciones de madera, habiendo adquirido los conocimientos específicos sobre el uso correcto del material, así como la destreza en el manejo de las herramientas características. Ese aprendizaje era un proceso práctico que se efectuaba trabajando en una carpintería de ribera adquiriendo el conocimiento empírico transmitido de generación en generación. En la sociedad gallega, respondiendo a la riqueza forestal, era frecuente encontrar la figura del carpintero, por lo que existen otras dos grandes especializaciones: el carpintero de armar, que se dedica a las armaduras y armazones, y el del blanco o taller, que se dedica a las piezas más pequeñas y con acabados trabajados.

Fonte | Fuente: *El Correo Gallego*



Redeira/o
Redera/o



O oficio das redeiras consiste na confección, reparación, limpeza, traslado e almacenamento das redes e aparellos de pesca. Estas mulleres elaboran redes de aceiro para as artes menores, como o miño, as vetas, os trasmallos e as volantas. As crónicas máis antigas sinalan que na súa orixe a reparación e a confección das redes era un traballo realizado exclusivamente polos propios mariñeiros durante a navegación, pero co paso do tempo as mulleres comezaron a situarse no oficio ata converterse nun traballo realizado maiormente por elas. Este oficio adoita transmitirse entre as mulleres dunha mesma familia.

Actualmente, trátase dun sector envellecido pola falta de remuda xeracional, a pesar de que no ano 2008 se recoñeceu a súa profesionalidade.

El oficio de redera consiste en la confección, reparación, limpieza, traslado y almacenamiento de las redes y aparejos de pesca. Estas mujeres elaboran redes de acero para las artes menores, como el *miño*, las betas, los trasmallos y las volantas. Antiguamente era un trabajo realizado exclusivamente por los propios marineros durante la navegación, pero con el paso del tiempo, las mujeres empezaron a situarse en el oficio hasta convertirse en un trabajo realizado mayormente por mujeres. Este suele transmitirse entre mujeres de la misma familia.

Actualmente se trata de un sector envejecido por la falta de relevo generacional, a pesar de que en el año 2008 se reconoció su profesionalidad.



Fonte | Fuente: José Suárez

Toneleiro/a
Tonelero/a



Este oficio consistía nunha especialización das carpintarías das fábricas de salgadura, onde se construían tanto os recipientes para transportar o peixe como o resto de ferramentas utilizadas durante a produción. O mestre toneleiro adoitaba ser o encargado do almacén da salgadura. O resto dos toneleiros recibían durante varios anos as ensinanzas do mestre no taller antes de converterse en mestres. Os obradoiros de tonelaría das fábricas de salgadura non traballaban todo o ano, senón no tempo da colleita. Grazas a que estes obradoiros servían tamén á industria de fariñas e á de viños, construíndo barricas, traballaban todo o ano.

El oficio de tonelero consistía en una especialización en las carpinterías de las fábricas de salazón, donde construían tanto los recipientes para transportar el pescado como el resto de herramientas utilizadas durante la producción. El maestro tonelero solía ser el encargado del almacén de la salazón. El resto de toneleros recibían durante varios años las enseñanzas del maestro en el taller antes de convertirse en maestros. Los talleres de tonelería de las fábricas de salazón no trabajaban durante todo el año, sino durante el tiempo de la recolección. Gracias a que estos talleres también servían a la industria de harinas y a la de vinos, construyendo barricas, trabajaban todo el año.

Fonte | Fuente: Diario *La Nueva Crónica*



Torneiro/a
Tornero/a



O oficio de torneiro era un traballo ambulante que consistía en lles dar forma a pezas de madeira mentres xiraban nunha máquina denominada torno.

O torneiro levaba consigo as pezas metálicas e as ferramentas necesarias, e a materia prima conseguíana nos bosques próximos onde realizaban os labores. Fabricaban a peza con madeiras verdes (máis brandas) de bidueiros, cerdeiras, castiñeiros e amieiros. Cando a peza estaba terminada deixábase secar para que non fendese. Realizaban o oficio só nos meses de inverno, porque a madeira contiña menos zume, había menos caruncho e fendía menos. En relación co mundo marítimo, os torneiros eran os encargados de realizar os volantes de madeira para poder manexar o temón do barco.

El oficio de tornero era un trabajo ambulante que consistía en dar forma a piezas de madera mientras giraban en la máquina denominada torno.

El tornero llevaba consigo las piezas metálicas y herramientas necesarias, la materia prima la conseguían en los bosques cercanos donde realizaban las labores. Fabricaban la pieza con maderas verdes (más blandas) de abedules, cerezos, castaños y alisos. Cuando la pieza estaba terminada se dejaba secar para que no agrietase. Realizaban el oficio solo en los meses de invierno, porque la madera contenía menos savia, había menos carcoma y se agrietaba menos.

En relación con el mundo marítimo, los torneros eran los encargados de realizar los volantes de madera para poder manejar el timón del barco.



Fonte | Fuente: páx. web *Encontro de torneiros*

Fonte | Fuente: *Noticias de Navarra*. Julio Cía



Los cordeleros elabroaban cuerdas y cabos , generalmente de cáñamo, a cielo abierto. Durante el proceso de fabricación era imprescindible la participación de dos personas para ir estirando la línea de hilos de cuerda tejida con la rueda que iba girando los tornos que trenzaban los cordones, cuyo número y grosor era variable en función de los usos de la cuerda o cabo.

Os cordoeiros elaboraran cordas e cabos, xeralmente de cánabo, a ceo aberto. Neste proceso de fabricación era imprescindble o concurso de dúas persoas para ir estirando a liña de fíos de corda tecida coa roda que ía virando os tornos que trenzaban os cordóns, cuxo número e grosor era variable en función dos usos da corda ou cabo.

Cordoeiro/a
Cordelero/a



Calafateador/a
Calafateador/a



O oficio de calafateador consiste en pechar as xuntas das embarcacións de madeira para evitar a entrada de auga no seu interior unha vez construído o barco. Para iso axudábanse de ferramentas como mazos de madeira e uñas de metal e ciceis, cos que introducían estopa ou algodón e, finalmente, pintaban.

Tradicionalmente, o oficio de calafateador, de acordo coa regulamentación imposta polo gremio, clasificaba os traballadores en mestres, oficiais e aprendices, os cales debían contar coa experiencia e superar as probas establecidas para alcanzar a categoría superior. En moitos casos, os carpinteiros de ribeira tamén realizaban labores de calafateado.

El oficio de calafateador consiste en cerrar las juntas de las embarcaciones de madera para evitar la entrada de agua en su interior una vez construido el barco. Para ello se ayudaban de mazos de madera, uñas de metal y cinceles para rellenar con estopa o algodón y después pintar.

Tradicionalmente, el oficio de calafateador, de acuerdo con la reglamentación impuesta por el gremio, clasificaba a los trabajadores en maestros, oficiales y aprendices, debiendo contar con la experiencia y superar las pruebas establecidas para alcanzar la categoría superior. En muchos casos los carpinteros de ribera también realizaban labores de calafateado.



Fonte | Fuente: *Guía completa del mantenimiento y conservación de barcos.* Michael Verney

Fareiro/a
Farero/a



Edificación asociada:
Faro



O fareiro é o responsable de manter en funcionamento o sistema de sinais do edificio que lle dá nome. Necesitaba de coñecementos de electricista e mecánico, pois controlaba a luz do faro e debía limpar o queimador da caldeira e encher os depósitos de combustible.

O oficio era considerado perigoso e solitario, xa que a profesión de fareiro esixía vivir no propio faro, que ás veces se atopaba moi afastado de calquera núcleo de poboación.

Trátase dunha profesión, de tradicional remuda interxeracional no ámbito familiar, que se atopa en perigo de extinción pola automatización e os avances tecnolóxicos, que fan que o persoal necesario sexa mínimo.

El farero es el responsable de mantener en funcionamiento el sistema de señales del edificio que le da nombre. Necesitaba conocimientos de electricista y mecánico, pues controlaba la luz del faro y debía limpiar el quemador de la caldera y rellenar los depósitos de combustible.

El oficio era considerado peligroso y solitario, ya que la profesión de farero exigía vivir en el propio faro, a veces muy alejado de cualquier núcleo de población.

Es una profesión, de tradicional relevo intergeneracional dentro del ámbito familiar, que se encuentra en peligro de extinción por la automatización y avances tecnológicos, que hacen que el personal necesario sea mínimo.

Fonte | Fuente: Faros de Galicia



Barqueiro/a
Barquero/a



O oficio de barqueiro consistía en trasladar persoas e mercadorías dunha beira a outra das rías e dos ríos. Antes da construción das pontes e da mellora das estradas terrestres, prestaban un servizo moi importante e demandado.

Antigamente a pasaxe realizábase a remos e vela, mais o crecemento dos intercambios motivaron a aplicación da tecnoloxía do vapor a esta frota en Galicia a finais do século XIX. Na actualidade, na ría de Ferrol e na de Vigo contan con este servizo de transporte xestionado por navieiras para comunicarse con Mugardos e co Morrazo, respectivamente.

El oficio del barquero consistía en trasladar personas y mercancías de una orilla a otra. Antes de la construcción de los puentes y la mejora de las carreteras terrestres, prestaban un servicio muy importante y demandado.

Antiguamente el viaje se realizaba a remo y vela, pero el crecimiento de los intercambios motivaron el uso de la tecnología a vapor en esta flota en Galicia a finales del siglo XIX. En la actualidad, en la ría de Ferrol y en la de Vigo cuentan con este servicio de transporte gestionado por navieras para comunicarse con Mugardos y con O Morrazo, respectivamente.



Fonte | Fuente: Revista *ASINEC*



Patrimonio marítimo

Inmoble

- Arquitectura industrial
- Arquitectura popular
- Arquitectura portuaria
- Arquitectura relixiosa
- Vivendas
- Arqueoloxía
- Outros

Moble

- Artes de pesca
- Ferramentas
- Útiles
- Pecios
- Embarcacións tradicionais

Inmaterial

- Tradición oral-folclore
- Festas
- Talasonimia
- Culinaria mariñeira
- Oficios
- Artes
- Iconografía mariñeira
- Museos

Categorías patrimoniais

Categorías patrimoniales

El término "patrimonio" se refiere a un legado que recibimos de nuestros padres y madres y que, a su vez, ellos heredaron de sus ancestros. La industria pesquera del presente es fruto de la experiencia colectiva y de la evolución de las comunidades pesqueras y litorales del pasado, que se han desarrollado históricamente en base a la actividad pesquera, marisquera, acuícola, extractiva o de construcción naval. Existen otros factores que enriquecieron nuestra costa y, por lo tanto, la cultura asociada, como el tejido militar, que no son el principal objeto de estudio de este plan. Debido al lento proceso de industrialización, se genera un rico patrimonio en muchos campos de las actividades tradicionales. En cuanto al patrimonio inmueble, como las arquitecturas industriales basadas en una arquitectura popular local que son contenedores de las incipientes industrias del momento; respecto del patrimonio mueble, tenemos desde embarcaciones, los tradicionales aparejos o herramientas, hasta la maquinaria moderna que narra la evolución de los oficios del mar; y, para acabar, es preciso destacar el patrimonio inmaterial, como pueden ser las procesiones marítimas o los saberes y técnicas tradicionales que se fueron heredando y perfeccionando por las gentes del mar.

Autores como Dionisio Pereira, en el libro publicado por la FGCM y titulado *O patrimonio marítimo de Galicia*, ya hicieron un primer repaso de las categorías patrimoniales, indicando el camino a seguir. En este apartado se genera una revisión de diferentes estudios, entre ellos el nombrado anteriormente, y de las reflexiones surgidas en las mesas de debate, y se presentan un conjunto de 19 subcategorías de patrimonio marítimo clasificadas en tres grandes bloques: patrimonio inmueble, mueble e inmaterial y basadas en la Ley 5/2016 del PCG .

Gran parte del patrimonio marítimo ya forma parte del patrimonio cultural pero no todo el patrimonio marítimo es, o merece o necesita ser, patrimonio cultural protegido como bienes declarados de interés cultural o bienes catalogados, por lo que este Plan busca ser un documento de referencia para mejorar esta labor, ampliar y diversificar las perspectivas y ópticas con las que se caracterizan los valores cultuales de los bienes que se protegen.

O termo "patrimonio" refírese a un legado que recibimos dos nosos pais e nais e que, pola súa vez, eles herdaron dos seus devanceiros. A industria pesqueira do presente é froito da experiencia colectiva e da evolución das comunidades pesqueiras e litorais do pasado, que se desenvolveron historicamente baseándose na actividade pesqueira, marisqueira, acuícola, extractiva ou de construción naval. Existen outros factores que enriqueceron a nosa costa e, polo tanto, a cultura asociada, como o tecido militar, que non son o principal obxecto de estudo deste plan. Debido ao lento proceso de industrialización, xérase un rico patrimonio en moitos eidos das actividades tradicionais. En canto ao patrimonio inmoble, debemos mencionar as arquitecturas industriais, baseadas nunha arquitectura popular local e que se converteron nos contedores das incipientes industrias do momento. Respecto do patrimonio moble, temos desde as embarcacións e os tradicionais aparellos ou ferramentas ata a moderna maquinaria que narra a evolución dos oficios do mar. E, para rematar, convén salientar tamén o patrimonio inmaterial, como poden ser as procesións marítimas ou os saberes e as técnicas tradicionais que se foron herdando e perfeccionando polas xentes do mar.

Autores como Dionisio Pereira, no libro publicado pola FGCM e titulado *O patrimonio marítimo de Galicia*, xa fixeron un primeiro repaso das categorías patrimoniais, sinalando o camiño que cumpría seguir. Neste apartado, faise unha revisión de diferentes estudos, entre eles o nomeado anteriormente, así como das reflexións xurdidas nas mesas de debate, e preséntanse un conxunto de 19 subcategorías de patrimonio marítimo clasificadas en tres grandes bloques: patrimonio inmoble, moble e inmaterial e baseadas na Lei 5/2016 do PCG.

Gran parte do patrimonio marítimo xa forma parte do patrimonio cultural pero non todo o patrimonio marítimo é, ou merece ou precisa ser, patrimonio cultural protexido como bens declarados de interese cultural ou bens catalogados, polo que este Plan busca ser un documento de referencia para mellorar este labor, ampliar e diversificar as perspectivas e ópticas coas que se caracterizan os valores culturais dos bens que se protexen.



Patrimonio inmoble 01

PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

Relixioso:
- Ermida

Edificios portuarios e marítimos:
- Alfándega
- Almacén portuario
- Augada
- Barómetro
- Confraría / Pósito de pescadores
- Faro / Semáforo / Baliza / Linterna / Sinal
- Lazareto
- Lonxa
- Vixía

Infraestrutura portuaria:
- Canle
- Doca / Dársena
- Embarcadoiro
- Espigón
- Pasaxe
- Peirao
- Porto
- Rampla
- Rampla de varadas
- Varadoiro / Carro varadoiro

Ocio:
- Balneario
- Club náutico
- Club de remo

PATRIMONIO ETNOLÓXICO

Relixioso:
- Altar
- Cruceiro
- Cruz de costa
- Santuario con devoción mariñeira

Dos oficios mariñeiros:
- Alboio
- Amarre
- Cabria / Estacada
- Caseta de pescadores
- Encascadoiro
- Espazo de acuicultura:
  - Camboa.
  - Cetaria.
  - Ostreira.
  - Pesqueira.
  - Viveiro.
- Secadoiro
- Tendedeiro

Arquitectura popular:
- Fonte
- Lavadoiro
- Lavadoiro de redes
- Espazo de sociabilidade das comunidades de xente do mar
- Muro
- Barrio mariñeiro
- Núcleo mariñeiro
- Vivenda con embarcadoiro
- Vivenda mariñeira

Protoindustrial:
- Alfolín
- Carpintaría de ribeira
- Fábrica de curtume
- Fábrica de salga
- Forno de cal
- Matadoiro
- Muíño de marea
- Muíño de vento
- Muíño hidráulico
- Serradoiro
- Telleira

PATRIMONIO INDUSTRIAL

Extractivo:
- Areeiro
- Cargadoiro
- Salinas

De transformación:
- Fábrica de cerámica

Das actividades do mar:
- Cocedoiro de marisco
- Depuradora de marisco
- Fábrica de conservas
- Factoría baleeira
- Estaleiro
- Serradoiro bateeiro

Residencial e de equipamentos:
- Barrio conserveiro
- Equipamento asociado á industria
- Poboado mariñeiro
- Poboado obreiro
- Vivenda de conserveira
- Vivenda social

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

- Litoral
- Subacuático



** Tipoloxías do PCUMA adaptadas ás categorías de bens patrimoniais da lei 5/2016 de 4 de maio*



Patrimonio moble 02

01/02



ARTES DE PESCA

- Arrastre
- Cerco
- Chinchorro
- Corricán, liñas e anzois
- Palangre
- Rede de enmalle ou guerleira
- Trampas, nasas e almadrabas
- Trasmallo
- Outros



FERRAMENTAS

- Ferramentas das actividades de salvamento
- Ferramentas das atadeiras e redeiras
- Ferramentas das carpintarías de ribeira, velarías e cordoarías
- Ferramentas dos toneleiros
- Ferramentas empregadas nos almacéns da salgadura
- Ferramentas e maquinaria das fábricas de conserva
- Ferramentas empregadas na recollida do peixe
- Maquinaria e ferramentas dos estaleiros
- Trebellos para apañar argazo
- Outros (corno da néboa, pedra do lume...)



ÚTILES

- Cestaría
- Tonelaría
- Vestimenta e calzado
- Outros



PECIOS

- Embarcacións
- Obxectos





Patrimonio moble 02

02/02

EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS

- Costeira
  - Balandro
  - Barcas de pasaxe
  - Bote
    - Da Mariña lucense
    - Da ría de Vigo
    - Da ría do Eo
    - De Carril
    - De media construción
    - De Mugardos
    - Polbeiro de Bueu
    - Polbeiro de Ferrol
    - Inglés
    - De Ribadeo
    - Da Mariña
  - Buceta
  - Chalana
  - Dorna
    - De tope
    - Meca
    - Polbeira
    - Xeiteira
  - Falucho
  - Galeón
  - Gamela
    - De Coruxo
    - Da Guarda
  - Lancha xeiteira ou de relinga
  - Racú
  - Sancosmeiro
  - Tarrafa
  - Traiñeira
  - Trincado
  - Vapor
- Fluvial
  - Barca de dornas
  - Barca de paso
  - Carocho, bote anguleiro ou barco do Miño
  - Gabarra





Patrimonio inmaterial 03 01/02



TRADICIÓN ORAL
FOLCLORE

- Adiviñas
- Cancioneiro
- Contos
- Lendas
- Léxico marítimo
- Refráns
- Romanceiro



FESTAS

- Populares
- Gastronómicas
- Relixiosas



TALASONIMIA

- Hidrotoponimia
- Marcas de pesca
- Microtoponimia



CULINARIA
MARIÑEIRA



ARTES

- Cadros, gravados e deseños
- Cartelaría
- Cinema, vídeo e TV
- Danza
- Diaporamas
- Discografía e gravacións diversas
- Escultura
- Fotografías
- Maquetas e xoguetes
- Pintura
- Teatro
- Literatura



ICONOGRAFÍA
MARIÑEIRA

- Altorrelevos e baixorrelevos
- Cruces de afogados
- Decoración das embarcacións
- Elementos decorativos diversos
- Esculturas e tallas
- Exvotos
- Imaxes relixiosas
- Maios de barcos
- Marcas de familia
- Petróglifos



MUSEOS







OFICIOS

Históricos

Tipo ∘
Oficios relacionados ×

- **Captura**
  - Mariñeiro/a
    - ∘ Pesca artesanal
    - ∘ Pesca de altura
    - ∘ Pesca de baixura
    - ∘ Pesca industrial
- **Colleita**
  - Acuicultor/a
  - Bateeiro/a
  - Argaceira/o
  - Mariscadora/or
    - ∘ A pé
    - ∘ A flote
  - Mestre/a salineiro/a
  - Percebeiro/a
- **Procesamentos**
  - Afumador/a
  - Baleeiro/a
    - × Arpoador/a
  - Operario/a da conserva
    - × Latoeiro/a
    - × Litógrafo/a de folla de lata
    - × Maquinista
    - × Soldador/a
    - × Traballadores/as industriais
  - Salgador/a
    - × Carrexadores/as
    - × Envarilladores/as
    - × Estibador/a
    - × Prensador/a
    - × Toneleiro/a
  - Muiñeiro/a
  - Secador/a
  - Peixeira/o
- **Fabricación**
  - Carpinteiro/a de ribeira
    - × Construtor/a de artes e aparellos
    - × Construtor/a de bateas
  - Calafateador/a
  - Toneleiro/a
  - Torneiro/a
  - Cordoeiro/a
  - Redeira/o
    - × Cosedoras e costureiras de velas
    - × Mestre veleiro
- **Servizos**
  - Barqueiro/a
  - Fareiro/a







04

A CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

LA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

04 A cultura marítima de Galicia
La cultura marítima de Galicia

1 Cultura marítima e sector produtivo
Cultura marítima y sector productivo
páx. 97

2 Cultura marítima e xénero
Cultura marítima y género
páx. 101

3 Cultura marítima e arquitectura
Cultura marítima y arquitectura
páx. 107

4 Cultura marítima e museos
Cultura marítima y museos
páx. 111

5 Cultura marítima e futuro
Cultura marítima y futuro
páx. 115

6 Cultura marítima e internacionalización
Cultura marítima e internacionalización
páx. 119

Según la definición antropológica adoptada por la Unesco en los años ochenta, la cultura es el conjunto de formas expresivas, valores, creencias y prácticas presentes en la vida humana. Durante siglos, en la Galicia litoral se generaron modos de vida ligados al mar, de manera que las actividades vinculadas a su explotación fueron el medio de vida de las comunidades litorales, dejando una huella tangible e intangible en la historia. Estas manifestaciones de la cadena mar-industria engloban contextos sociales y culturales en los que aparecen implicadas las que fácilmente se identifican como gentes del mar. Sociedades litorales y comunidades marítimas que crearon una cultura propia surgida en Galicia con los recursos de Galicia y que no solo se mantiene viva en la actualidad, sino que traspasó fronteras y que se percibe más allá del propio entorno litoral.

En este capítulo se reflexiona sobre las perspectivas importantes al hablar de cultura marítima. Primero, el sector productivo, ya que es considerado como el mayor generador de saber y prácticas aplicadas al mar y, subsecuentemente, de creencias y ritos de protección. La complejidad y las características de la actividad marítima, y singularmente de la pesquera, demanda formas de organización social del trabajo y de reparto de la riqueza que se ajusten a la propia naturaleza del medio y a los criterios de la comunidad de pescadores, conformada de manera que esta se vincula con el mar y acaba por interiorizarlo. Segundo, las mujeres del mar, ya que es manifiesto el rol de las mujeres en la cultura marítima, unas mujeres que conquistaron su papel como custodias de los recursos marinos, lo que favorece su uso responsable y garantizador de la sostenibilidad. Tercero, las construcciones del borde litoral, es decir, las arquitecturas y los paisajes del mar que son un reflejo vivo y las guardianas de la memoria de un sector pesquero del pasado, que sigue vivo en el presente. Se trata de una arquitectura anónima, de construcciones que modificaron el entorno, que lo hicieron propio y, desde el respeto y con técnicas elementales, levantaron unas instalaciones con armonía, funcionalidad y estética.

Segundo a definición antropolóxica adoptada pola Unesco nos anos oitenta, a cultura é o conxunto de formas expresivas, valores, crenzas e prácticas presentes na vida humana. Durante séculos, na Galicia litoral xeráronse modos de vida ligados ao mar, de xeito que as actividades vinculadas á súa explotación foron o medio de vida das comunidades litorais, deixando unha pegada tanxible e intanxible na historia. As manifestacións da cadea mar-industria engloban contextos sociais e culturais nos que aparecen implicadas as que facilmente se identifican como xentes do mar. Estas sociedades litorais e comunidades marítimas crearon unha cultura propia xurdida en Galicia cos recursos de Galicia, unha cultura que non só se mantén viva na actualidade, senón que traspasou fronteiras e que se percibe máis alá da propia contorna litoral.

Neste capítulo, reflexiónase sobre distintas perspectivas e ámbitos á hora de falar da cultura marítima. Primeiro, o sector produtivo, xa que é considerado como o maior xerador de saberes e prácticas aplicadas ao mar e, polo tanto, de crenzas e ritos de protección. A complexidade e as características da actividade marítima, e singularmente da pesqueira, demanda formas de organización social do traballo e de repartición da riqueza que se axusten á propia natureza do medio e aos criterios da comunidade de pescadores, conformada de maneira que esta se vincula co mar e acaba por interiorizalo. Segundo, as mulleres do mar, xa que é manifesto o rol das mulleres na cultura marítima, dado que conquistaron o seu papel como custodias dos recursos mariños, o que favorece o seu uso responsable e garante a súa sustentabilidade. Terceiro, as construcións do bordo litoral, é dicir, as arquitecturas e as paisaxes do mar, que son un reflexo vivo e as gardiás da memoria dun sector pesqueiro do pasado que segue vivo no presente; trátase dunha arquitectura anónima, de construcións que modificaron a contorna, que a fixeron propia e que, desde o respecto e con técnicas elementais, levantaron unhas instalacións con harmonía, funcionalidade e estética.

i. 12. Operarias da conserva | Operarias de la conserva (fotografía de Juan Galiñanes)



También debemos incidir en la perspectiva de futuro, ya que estamos ante una cultura viva y respetuosa. Por ello, desde esta perspectiva hay que mencionar entidades de referencia como Agalcari o Culturmar, que agrupan carpinteros de ribera o entidades que defienden el patrimonio cultural de los mares y ríos; otras de menor tamaño, pero con la misma fuerza, como Mar de San Ciprián, Os Galos, Sueste o Piueiro, por nombrar varias entre las muchas existentes; museos o espacios museísticos como el de Marea en Porto do Son, el Museo Massó en Bueu, el Museo del Mar en Vigo o el Museo do Pobo Galego en Santiago, que mantienen la lucha por conservar, estudiar y divulgar la cultura marítima.

Para finalizar, hay que destacar una infinidad de actores individuales que trabajan, investigan y luchan por proteger la cultura marítima y por enriquecerla con nuevas miradas hacia el futuro. Aceptar las nuevas formas de cultura marítima y hacerlas visibles para la sociedad sin renunciar al cuidado, a la preservación y a la promoción de los elementos patrimoniales es la clave para un futuro culturalmente rico.

En la actualidad, una mayor presencia en el mar de nuevos actores enriquece la cultura marítima con nuevas miradas y sinergias al utilizar algunos de los saberes y técnicas anteriores adaptadas a los nuevos usos, como es el caso de la navegación de vela para ocio o el uso turístico en edificaciones de valor patrimonial, con el que se erige una reserva viva de cultura marítima viva.

Por último, y como firme puntal de la cohesión social en el marco de la sociedad del conocimiento, la internacionalización de la cultura marítima de Galicia, como refuerzo de los sentimientos de identidad y pertenencia, debería ser un punto irrenunciable en cualquier política cultural, apoyada en un plan firme y asociado, resultado del análisis riguroso de las capacidades y oportunidades de salida al exterior.

Tamén convén incidir na perspectiva de futuro, xa que estamos ante unha cultura viva e respectuosa. E desde esta perspectiva hai que mencionar entidades de referencia como Agalcari ou Culturmar, que agrupan carpinteiros de ribeira, que defenden e vivifican o patrimonio cultural dos mares e ríos, respectivamente; outras de menor tamaño, pero coa mesma forza, como Mar de San Ciprián, Os Galos, Sueste ou Piueiro, por nomear varias entre as moitas existentes; museos ou espazos museísticos, como o Marea en Porto do Son, o Museo Massó en Bueu, o Museo do Mar en Vigo ou o Museo do Pobo Galego en Santiago, que manteñen a loita por conservar, estudar e divulgar a cultura marítima.

Para rematar, cómpre salientar unha infinidade de actores individuais que traballan, investigan e loitan por protexer a cultura marítima e por enriquecela con novas miradas cara ao futuro. Aceptar as novas formas de cultura marítima e facelas visibles para a sociedade sen renunciar ao coidado, á preservación e á promoción dos elementos patrimoniais é a clave para un futuro culturalmente rico.

Na actualidade, unha maior presenza no mar de novos actores enriquece a cultura marítima con novas miradas e sinerxías, ao utilizar algúns dos saberes e das técnicas anteriores adaptadas aos novos usos, como é o caso da navegación de vela para lecer ou usos turísticos en edificacións de valor patrimonial, co que se erixe unha reserva viva de cultura marítima.

Por último, e como firme puntal da cohesión social no marco da sociedade do coñecemento, a internacionalización da cultura marítima de Galicia, como reforzo dos sentimentos de identidade e pertenza, debería ser un punto irrenunciable en calquera política cultural, apoiada nun plan firme e asociado, resultado da análise rigorosa das capacidades e oportunidades de saída ao exterior.



Cultura marítima e sector produtivo

Cultura marítima y sector productivo

La tierra es el hábitat natural del ser humano, al contrario que el mar, un medio inhóspito para el mismo. Adentrarse en el mar para explorarlo y explotarlo supuso un gran desafío para la humanidad al ser un medio donde sus capacidades tienen enormes limitaciones. La respuesta a cada una de esas limitaciones permite construir ese conjunto de conocimientos, creencias, técnicas y bienes que conforman la cultura marítima de cada comunidad y sociedad del borde litoral, que, si bien comparten muchos elementos comunes, también tienen elementos diferenciadores que les confieren una identidad propia.

Este es un proceso dinámico y evolutivo que en cada época ajusta las respuestas a las limitaciones existentes, acorde al estado de los conocimientos adquiridos, bien adaptando prácticas anteriores o bien creando nuevas técnicas que las sustituyan. Así, vemos que las prácticas de explotación y uso del mar se van modificando con el paso del tiempo, o apareciendo otras nuevas formas de uso.

El llamado sector productivo es el mayor generador de saberes y prácticas aplicadas al mar y subsecuentemente de creencias y ritos de protección. Desplazarse por el mar y disponer de una plataforma de trabajo firme es previo al nacimiento de las embarcaciones. Adaptarlas a usos más específicos da lugar a las diferentes tipologías; el impulso necesario para moverlas origina el remo, la vela y las técnicas de navegación. Pescar impulsa el desarrollo de herramientas para la captura de recursos, desde las más sencillas para la recogida en las zonas del litoral hasta las más complejas para la captura en mar abierto. Conservar lo que se pesca alienta la aparición de las diferentes formas de prolongar la vida útil del producto. La inseguridad del medio genera una serie de prácticas apotropaicas que forman un compendio de creencias compartido por la comunidad.

A terra é o hábitat natural de vida das persoas; pola contra, o mar é un medio inhóspito para elas. Supuxo un gran desafío para a humanidade penetrar no mar para exploralo e explotalo, un medio onde as súas capacidades teñen enormes limitacións. A resposta dada a cada unha das limitacións permite construír o conxunto de coñecementos, crenzas, técnicas e bens que conforman a cultura marítima de cada comunidade e sociedade da beiramar que, malia que comparten moitos elementos comúns, tamén teñen elementos diferenciais que lle dan identidade propia.

É este un proceso dinámico e evolutivo que en cada época axusta as respostas ás limitacións existentes consonte o estado dos coñecementos acadados, ben adaptando prácticas anteriores ou ben creando novas que as substitúan. Así, vemos que as prácticas de explotación e uso do mar van modificándose co paso do tempo ou aparecendo novas formas de uso.

O que chamamos sector produtivo é, xa que logo, o maior xerador de coñecementos e prácticas aplicadas ao uso do mar e subsecuentemente de crenzas e ritos de protección. Desprazarse no mar e dispoñer dunha plataforma de traballo firme é previo ao nacemento das embarcacións. Adaptalas aos usos máis específicos dá lugar ás diferentes tipoloxías; o impulso necesario para movelas orixina o remo, a vela e as técnicas de navegación. Pescar impulsa o desenvolvemento de ferramentas para a captura dos recursos, desde as máis sinxelas que serven para a recolleita en zonas do litoral ata as máis desenvolvidas para a captura en mar aberto. Conservar o que se pesca alenta a aparición das diferentes formas de alongar a vida útil do produto. A inseguridade do medio xera unha serie de prácticas apotropaicas que forman un corpus de crenzas compartido pola comunidade.

A incorporación das novas tecnoloxías e coñecementos xera cambios que modifican a situación, nalgúns casos radicalmente, o que provoca o abandono de prácticas anteriores ou a súa relegación a usos marxinais ou diferentes. A introdución do motor a bordo dos barcos fixo que a navegación a remo e a vela se convertese nunha opción marxinal e que dese o salto á practica deportiva. A aparición dos sistemas electrónicos de posicionamento e navegación provocou o abandono do sistema de marcas. A introdución de novos materiais nas redes e nas boias orixinou o abandono do encascado e da cortiza como elemento de flotación.

A complexidade e as características da actividade marítima, e singularmente a pesqueira, demanda formas de organización social do traballo e do repartimento da riqueza que se axusten á propia natureza do medio e aos criterios da comunidade de pescadores, conformada de maneira que esta se vencella co mar e o interioriza. As organizacións de axuda, apoio e protección e a forma de organizar o acceso aos recursos e o traballo no día a día e ao longo do ano, de repartir a pesca e a entrega do pescado á sociedade e a súa remuneración definen como se identifica a comunidade no conxunto social.

Hai, xa que logo, unha estreita relación entre o uso produtivo do mar e a cultura das comunidades pesqueiras e, malia que como sociedade podemos conxelar nun museo a imaxe dun tempo determinado, só permanecerá viva se se manteñen as actividades produtivas.

La incorporación de las nuevas tecnologías y conocimientos genera cambios que modifican la situación, en algunos casos radicalmente, provocando el abandono de prácticas anteriores o relegándolas a usos marginales o diferentes. La introducción del motor a bordo en los barcos hizo que la navegación a remo y a vela se convirtiese en una opción marginal y diese el salto a la práctica deportiva. La aparición de los sistemas electrónicos de posicionamiento y navegación provocó el abandono del sistema de marcas. La novedad en los materiales de redes y boyas originó el abandono del encascado y el corcho como elemento de flotación.

La complejidad y características de la actividad marítima, y singularmente la pesquera, demanda formas de organización social del trabajo y del reparto de la riqueza que se ajusten a la propia naturaleza del medio y a los criterios de la comunidad de pescadores conformada de manera en que esta se vincula con el mar y lo interioriza. La organización de ayudas, apoyo y protección; la forma de organizar el acceso a los recursos y al trabajo en el día a día y a lo largo del año; de repartir la pesca; la manera de organizar la entrega del pescado a la sociedad y su remuneración definen cómo se identifica la comunidad en el conjunto social.

Existe una estrecha relación entre el uso productivo del mar y la cultura de las comunidades pesqueras y, si bien como sociedad podemos congelar una imagen de un tiempo determinado en un museo, solamente se mantendrá viva si se mantienen las actividades productivas.

Un sector productivo activo y en evolución es importante para sostener una cultura marítima dinámica y funcional. Los pescadores individualmente y sus organizaciones, sean estas empresas o de otro tipo, son los creadores de las nuevas soluciones, los actores que mantienen en uso las prácticas, bienes y saberes que comparten con la sociedad.

En las actuaciones públicas para la conservación de la cultura marítima, siendo importante la labor de recogida, conservación y musealización del conjunto de prácticas que la definen, es tan importante o más garantizar la continuidad de la actividad productiva del sector pesquero que va a permitir mantenerla y acrecentarla, asegurando su adaptación a nuevas situaciones.

Dos opciones que se complementan y necesitan, una para mantener activa la cultura marítima y la otra para conservar recursos que en cualquier momento pueden ser necesarios de nuevo ante las demandas de sostenibilidad y cambio climático.

Si bien históricamente la cultura marítima estuvo relacionada con el uso económico del mar, bien para pesca, bien para comercio y navegación y en algunos casos singulares para otras actividades productivas, en las sociedades actuales esta vinculación es más extensa, abriéndose a nuevas áreas económicas (energía, acuicultura, minería...) y de bienestar social (deporte, turismo, ocio...).

Esta mayor presencia en el mar de nuevos actores enriquece la cultura marítima con nuevas miradas y sinergias al utilizar algunos de los saberes y técnicas anteriores adaptadas a los nuevos usos, como es el caso de la navegación a vela para ocio, o del patrimonio construido para el turismo, erigiéndose en una reserva viva de cultura marítima.

Un sector produtivo activo e en evolución é necesario para soster unha cultura marítima dinámica e funcional. Os pescadores individualmente e mais as súas organizacións, tanto sexan empresas como doutro tipo, son os creadores de novas solucións, os actores que manteñen en uso as prácticas, os bens e os coñecementos que comparten coa sociedade.

Nas actuacións públicas para a conservación da cultura marítima, é moi importante o labor de recollida, conservación e musealización do conxunto de prácticas que a definen, pero tamén o é garantir a continuidade da actividade produtiva do sector pesqueiro, xa que isto vai permitir mantela e acrecentala e, ademais, asegurará a acomodación ás novas situacións.

Dúas opcións que se complementan e necesitan, unha para manter activa a cultura marítima e outra para conservar recursos que en calquera momento poden ser necesarios de novo diante das demandas da sustentabilidade e do cambio climático.

Malia que historicamente a cultura marítima estivo relacionada exclusivamente co uso económico do mar, ben para a pesca ben para o comercio e a navegación e nalgúns casos singulares para outras actividades produtivas, nas sociedades actuais este vencello é máis extenso e ábrese a novas áreas económicas (enerxía, acuicultura, minaría...) e do benestar social (deporte, turismo, lecer...).

Esta maior presenza no mar de novos actores enriquece a cultura marítima con novas olladas e sinerxías ao utilizar algúns dos coñecementos e técnicas anteriores adaptadas aos novos usos, como é o caso da navegación a vela para o lecer ou do patrimonio construído para o turismo, que se erixe nunha reserva viva da cultura marítima.



Cultura marítima e xénero

Cultura marítima y género

Cuando hablamos de androcentrismo, hacemos referencia a una forma de mirar el mundo que coloca a los hombres como centro de todas las cosas, como sujeto universal. Una forma de mirar el mundo, también el mundo del mar, que tiene como resultado la creación de un relato sesgado, de una historia única que tradicionalmente asociaba a los hombres con los trabajos propios del mar, de una forma casi heroica, asociada al riesgo y al valor como elementos esenciales de una masculinidad marinera. De esta forma se ha ido construyendo, generación tras generación, el imaginario de un mar fundamentalmente masculino, en el que los trabajos de las mujeres, a las que la tradición prohibía embarcarse, han sido históricamente desvalorizados e invisibilizados.

Como es obvio, esto no solamente sucede en el mundo del mar, sino en todos los contextos sociales como producto de un modelo de organización social basado en un sistema sexo-género por el que las personas ocupamos diferentes posiciones y que atribuye obligaciones y ofrece oportunidades en función de si somos mujeres u hombres. Este modelo es, por lo tanto, sexista e injusto, ya que clasifica de una forma opresiva a mujeres y hombres en diferentes escalones de una jerarquía muy rígida: las mujeres y todo lo relacionado con lo femenino en un nivel inferior y los hombres y todo lo relacionado con lo masculino en un nivel superior.

Así, el conjunto de trabajos de extracción a flote, tradicionalmente masculinos, han disfrutado en el ámbito de la cultura marítima de un mayor reconocimiento, valor y visibilidad que los realizados por las mujeres, relegadas a la costa y a los puertos, responsables de unas tareas históricamente consideradas auxiliares pese a ser esenciales para la actividad económica en toda la cadena de producción. Además, y recuperando la imagen del iceberg tan utilizada

Cando falamos de androcentrismo, facemos referencia a unha forma de mirar o mundo que coloca os homes como centro de todas as cousas, como suxeito universal. Unha forma de mirar o mundo, tamén o mundo do mar, que ten como resultado a creación dun relato nesgado, dunha historia única que tradicionalmente asociaba os homes cos traballos propios do mar dunha forma case heroica, asociada ao risco e ao valor como elementos esenciais dunha masculinidade mariñeira.

Deste xeito construíuse, xeración tras xeración, o imaxinario dun mar fundamentalmente masculino, no que os traballos das mulleres, ás que a tradición vetaba e impedía que andasen embarcadas, foron historicamente desvalorizados e invisibilizados.

Como é obvio, isto non acontece soamente no mundo do mar, senón en todos os contextos sociais, como produto dun modelo de organización social baseado nun sistema sexo-xénero polo que as persoas ocupamos diferentes posicións e que atribúe obrigas e ofrece oportunidades en función de se somos mulleres ou homes. Este modelo é, polo tanto, sexista e inxusto, xa que clasifica dunha forma opresiva as mulleres e os homes en diferentes chanzos dunha xerarquía moi ríxida: as mulleres e todo o relacionado co feminino nun nivel inferior e os homes e todo o relacionado co masculino nun nivel superior.

Así, o conxunto de traballos de extracción a flote, tradicionalmente masculinos, gozaron no ámbito da cultura marítima dun maior recoñecemento, valor e visibilidade que os realizados polas mulleres, relegadas á ribeira e aos portos e responsables dunhas tarefas historicamente consideradas auxiliares malia seren esenciais para a actividade económica en toda a cadea de produción. A maiores, e recuperando a imaxe do iceberg tan empregada pola economía feminista, baixo o nivel da auga, termando do conxunto de traballos produtivos, atopamos todos

os relacionados co reprodutivo, aquelas tarefas esencias para a sustentabilidade da vida das sociedades mariñeiras. A pesar de resultar imprescindibles para a reprodución social, os traballos de coidados, compatibilizados polas mulleres cos traballos produtivos, co peso adicional sobre os seus ombreiros que isto leva consigo, foron no pasado relegados ao ámbito do privado e do fogar, máis invisibilizados e desvalorizados se cabe.

Porén, existen elementos diferenciais á hora de analizar o papel destacado das mulleres nas sociedades marítimas. Baixo o marco do binomio público/privado sinalado previamente, a muller mariñeira foi quen de acceder a unha especie de espazo híbrido. Pese á importante segregación horizontal por xénero dos traballos produtivos, directamente derivada da tradición patriarcal, as mulleres conquistaron unha posición semipública, considerada complementaria á dos homes en todo caso, mais cun maior recoñecemento social que o das súas iguais en contextos rurais. Ademais, cómpre sinalar o seu papel como custodias dos recursos mariños, favorecendo o seu uso responsable e garantindo a sustentabilidade dun medio e dunha forma de vida vulnerables e que hai que preservar.

Fronte a esta realidade, e aliñado con esa mesma vontade de preservar e activar a cultura marítima de Galicia, nace este documento, resultado dun amplo proceso de diagnóstico, reflexión participativa e elaboración de propostas de acción que procurou activamente a incorporación das experiencias, necesidades e desexos das mulleres do mar. Un proceso que desde a súa concepción tratou de rachar

por la economía feminista, bajo el nivel del agua, sosteniendo el conjunto de los trabajos productivos, encontramos todos los relacionados con lo reproductivo, aquellas tareas esenciales para la sostenibilidad de la vida de las sociedades marineras. A pesar de resultar imprescindibles para la reproducción social, los trabajos de cuidados, compatibilizados por las mujeres con los productivos, generando un peso adicional sobre sus hombros, fueron en el pasado relegados al ámbito privado y del hogar, más invisibilizados y desvalorizados si cabe.

No obstante, existen elementos diferenciales a la hora de analizar el papel destacado de las mujeres en las sociedades marítimas. Bajo el marco del binomio público/privado señalado previamente, la mujer marinera fue capaz de acceder a una especie de espacio híbrido; a pesar de la importante segregación horizontal por género de los trabajos productivos, directamente derivada de la tradición patriarcal, las mujeres conquistaron una posición semipública, considerada complementaria a la de los hombres en todo caso, pero con un mayor reconocimiento social que la de sus iguales en contextos rurales. Además, es necesario señalar su papel como custodias de los recursos marinos, favoreciendo su uso responsable y garantizando la sostenibilidad de un medio y de una forma de vida vulnerables y que hay que preservar.

Ante esta realidad, y alineado con esa misma voluntad de preservar y activar la cultura marítima de Galicia, nace este documento, resultado de un amplio proceso de diagnóstico, reflexión participativa y elaboración de propuestas de acción que buscó activamente la incorporación de las experiencias, necesidades y deseos de las mujeres del mar. Un proceso que

desde su concepción trató de romper con la verticalidad habitual en el diseño y elaboración de documentos estratégicos, abriendo espacios de participación horizontales, condición de posibilidad para que las mujeres, así como otros colectivos minorizados, hiciesen escuchar sus aportaciones en pie de igualdad.

Esto todo con el objetivo último de elaborar un Plan de la cultura marítima de Galicia, lo más realista posible, íntimamente relacionado con las necesidades concretas del conjunto de la población implicada; lo más democrático posible, abierto a escuchar y recoger una pluralidad de voces; y lo más justo posible, reconociendo las aportaciones históricamente invisibilizadas de las mujeres y dando espacio a las que hoy mantienen vivo ese legado.

Estos objetivos se consiguieron gracias a un diseño metodológico concretado en varias mesas participativas protagonizadas por agentes clave. Ya en el diseño de la convocatoria se hizo patente la necesidad de incorporar mujeres de una forma estratégica, invitando a profesionales tanto del ámbito académico e investigador como del propio sector. Este diseño participativo de abajo hacia arriba legitima el conocimiento resultante, haciéndolo más relevante para las propias participantes, potenciales beneficiarias del Plan, ya que su condición de expertas procede de su realidad cotidiana y no del acceso privilegiado a un conocimiento creado fuera de sí mismas. Además de los objetivos estrictamente relacionados con los contenidos, estos espacios terminaron siendo oportunidades para el encuentro, la construcción de redes y el estímulo del empoderamiento individual y colectivo.

coa verticalidade habitual no deseño e elaboración de documentos estratéxicos, abrindo espazos de participación horizontais, condición de posibilidade para que as mulleres, así como outros colectivos minorizados, fixesen escoitar as súas achegas en pé de igualdade.

Isto todo co obxectivo último de elaborar un Plan da cultura marítima de Galicia o máis realista posible, intimamente relacionado coas necesidades concretas do conxunto da poboación implicada; o máis democrático posible, aberto a escoitar e a recoller unha pluralidade de voces; e o máis xusto posible, no que se recoñezan as achegas historicamente invisibilizadas das mulleres e no que se lles dea espazo ás que hoxe manteñen vivo ese legado.

Estes obxectivos acadáronse grazas a un deseño metodolóxico concretado en varias mesas participativas protagonizadas por axentes chave. No propio deseño da convocatoria fíxose patente a necesidade de incorporar mulleres dunha forma estratéxica, convidando profesionais tanto do ámbito académico e investigador como do propio sector. Este deseño participativo de abaixo cara arriba lexitima o coñecemento resultante e faino máis relevante para as propias participantes, potenciais beneficiarias do Plan, xa que a súa condición de expertas procede da súa realidade cotiá e non do acceso privilexiado a un coñecemento creado fóra de si mesmas. A maiores dos obxectivos estritamente relacionados cos contidos, estes espazos remataron sendo oportunidades para o encontro, o tecido de redes e o estímulo do apoderamento individual e colectivo.

En relación con estes procesos de apoderamento colectivo, é obrigado pechar este texto sinalando o protagonismo das mulleres do mar como axentes proactivas na reivindicación de melloras, tanto da propia actividade produtiva como das súas condicións vitais. Desde as propostas realizadas sobre os plans de explotación ata as mobilizacións relacionadas coa súa profesionalización, as mulleres do mar levan décadas empurrando o teito de cristal, acadando posicións de poder e asentando as bases de innumerables proxectos positivos para o conxunto do sector nun ambiente maioritariamente masculino, desde a aposta polo entendemento e a procura de consensos.

En todo caso, son numerosos os retos pendentes para o sector, identificados no proceso de elaboración deste plan, e especificamente para as mulleres do mar no seu papel como axentes chave na conservación da cultura marítima. Así, nos vindeiros anos serán tarefas imprescindibles a recompilación e a preservación de testemuños que recollan a realidade das mulleres nas comunidades marítimas, especialmente a súa memoria oral, ante a falta de soportes bibliográficos; a transversalización da perspectiva de xénero no conxunto de proxectos consecuencia deste traballo de planificación, incorporando mulleres nos equipos de dirección, deseño e implementación destes; a realización dun diagnóstico específico sobre o presente das mulleres do mar, a base necesaria de plans de intervención axeitados e, por último, a mellora das súas condicións laborais e vitais, apostando pola formación e a transmisión interxeracional de saberes, continuando coa dignificación das súas profesións e favorecendo a remuda xeracional. Unha remuda esencial para a supervivencia dunha cultura marítima que hoxe non sería o que é sen as achegas e o sostemento das mulleres pasadas e presentes.

En relación con estos procesos de empoderamiento colectivo, es obligado cerrar este texto señalando el protagonismo de las mujeres del mar como agentes proactivas en la reivindicación de mejoras, tanto de la propia actividad productiva como de sus condiciones vitales. Desde las propuestas realizadas sobre los planes de explotación hasta las movilizaciones relacionadas con su profesionalización, las mujeres del mar llevan décadas empujando el techo de cristal y consiguiendo acceder a posiciones de poder, sentando las bases para innumerables proyectos positivos para el conjunto del sector en un ambiente mayoritariamente masculino, desde la apuesta por el entendimiento y la búsqueda de consensos.

En todo caso, son numerosos los retos pendientes para el sector, identificados en el proceso de elaboración de este plan, y específicamente para las mujeres del mar en su papel como agentes clave en la conservación de la cultura marítima. Así, en los próximos años serán tareas imprescindibles la recopilación y preservación de testimonios que recojan la realidad de las mujeres en las comunidades marítimas, especialmente su memoria oral, ante la falta de soportes bibliográficos; la transversalización de la perspectiva de género en el conjunto de proyectos consecuencia de este trabajo de planificación, incorporando mujeres en los equipos de dirección, diseño e implementación de los mismos; la realización de un diagnóstico específico sobre el presente de las mujeres del mar, la base necesaria de planes de intervención adecuados; y, por último, la mejora de sus condiciones laborales y vitales, apostando por la formación y la transmisión intergeneracional de saberes, continuando con la dignificación de sus profesiones y favoreciendo el relevo generacional. Un relevo esencial para la supervivencia de una cultura marítima que hoy no sería lo que es sin las aportaciones y el sostén de las mujeres pasadas y presentes.



Cultura marítima e arquitectura

Cultura marítima y arquitectura

En los pueblos y lugares de nuestro litoral reside un valioso legado, un patrimonio material e inmaterial del cual somos herederos y el cual ha forjado nuestra identidad. El litoral gallego posee una morfología con multitud de entrantes y salientes que manifiestan un borde litoral inigualable, que fluctúa en los procesos de pleamar y bajamar, significando el espacio costero. Esta característica, unida a la abundancia de recursos naturales y materias primas, ha generado una situación óptima para el asentamiento de actividades y oficios vinculados al mar.

Las actividades marítimas actuales son fruto de la experiencia colectiva y de la evolución de las comunidades pesqueras y litorales del pasado, que se han desarrollado históricamente en base a la actividad pesquera, marisquera, acuícola, extractiva o de construcción naval. Gracias a este sector, existe un elevado número de lugares a lo largo de la costa y rías gallegas que, por su situación geográficamente propicia y por tradición, han generado un rico patrimonio preindustrial, basado en un saber popular heredero de una cultura marítima propia, que nace en la costa de Galicia con los recursos propios de Galicia.

Los conjuntos etnográficos que hoy son huella de la cultura marítima, constituyen un ejemplo de las relaciones evidentes entre el individuo y su conocimiento del lugar, y ponen de manifiesto la interrelación entre las arquitecturas y su ecosistema marino. Se trata de arquitecturas que muestran la compleja dinámica que subyace a un proceso que está en cambio permanente y a la evolución de los oficios tradicionales. Son construcciones que van más allá de la edificación y hablan del entendimiento del entorno y del respeto por el medio, construcciones que suponen espacios industriales de transición entre la tierra y el mar.

Nas vilas e lugares do noso litoral reside un valioso legado, un patrimonio material e inmaterial do cal somos herdeiros e a partir do cal se forxou a nosa identidade. O litoral galego posúe unha morfoloxía con multitude de entrantes e saíntes que amosan un bordo litoral inigualable, que flutúa nos procesos de preamar e baixamar e que conforma un espazo costeiro incomparable. Esta característica, ligada á abundancia de recursos naturais e materias primas, xerou unha situación óptima para o asentamento de actividades e oficios vencellados ao mar.

As actividades marítimas no presente son o froito da experiencia colectiva e da evolución das comunidades pesqueiras e litorais do pasado, que foron desenvolvidas historicamente baseándose na actividade pesqueira, marisqueira, acuícola, extractiva ou de construción naval. Grazas a este sector, existe un elevado número de lugares ao longo da costa e das rías galegas que, pola súa situación xeograficamente propicia e pola tradición, xeraron un rico patrimonio preindustrial, baseado nun saber popular herdeiro dunha cultura marítima propia, que nace na costa de Galicia cos recursos propios deste país.

Os conxuntos etnográficos que hoxe son unha pegada da cultura marítima constitúen un exemplo das relacións evidentes entre o individuo e o seu coñecemento do lugar, e poñen de manifesto a interrelación entre as arquitecturas e o seu ecosistema mariño. Trátase de arquitecturas que mostran a complexa dinámica que está detrás dun proceso en permanente mudanza e da evolución dos oficios tradicionais. Son construcións que van máis alá da edificación e que falan do entendemento do contorno e do respecto polo medio, construcións que supoñen espazos industriais de transición entre a terra e o mar.

Este pasado achega unha arquitectura anónima que, na procura da racionalidade e do rigor, evolucionou deixando atrás o artesanal para acercarse ao industrial. Os creadores destas construcións modificaron o contorno, apropiáronse del e, desde o respecto e con técnicas elementais, levantaron unhas instalacións con harmonía, funcionalidade e estética. Cómpre salientar un conxunto de lugares e de espazos industriais e tipoloxías edificatorias, pero, ao estudar de maneira global a costa de Galicia, repítense unha serie de parámetros que permiten definir as fábricas de salgadura, as conserveiras, as baleeiras, as carpintarías de ribeira, as cetarias, os secadoiros, os muíños de mareas, os serradoiros ou ramplas, entre outras, como un conxunto de instalacións litorais con graos de homoxeneidade elevados. Son arquitecturas que destacan polo emprego de materiais tradicionais e polo uso de sistemas construtivos que reflicten un progreso dentro das súas capacidades técnicas e dos coñecementos adquiridos dunha arquitectura tradicional e duns saberes herdados.

Diferentes investigadores refírense a estas construcións como representativas dunha etapa preindustrial, mais na verdade eran construcións creadas para a industria artesanal do momento, circunscritas en tempo, forma e técnica aos avances dun oficio. Mestúranse os aspectos de identidade e sentido de pertenza,

Este pasado aporta una arquitectura anónima que, buscando la racionalidad y el rigor, evolucionaba dejando atrás lo artesanal para acercarse a lo industrial. Los creadores de estas construcciones modificaron el entorno, lo hicieron propio y, desde el respeto y con técnicas elementales, levantaron unas instalaciones con harmonía, funcionalidad y estética. Cabe destacar una serie de lugares y espacios industriales y tipologías edificatorias, pero, al estudiar de manera global la costa de Galicia, se repiten una serie de parámetros que permiten definir las fábricas de salazón, las conserveras, las balleneras, las carpinterías de ribera, las cetarias, los secaderos, los molinos de mareas, los aserraderos o las rampas, entre otras, como un conjunto de instalaciones litorales con grados de homogeneidad elevados. Son arquitecturas que destacan por el empleo de materiales tradicionales, y el uso de sistemas constructivos que reflejan un progreso dentro de sus capacidades técnicas y de los conocimientos adquiridos de una arquitectura tradicional y de unos saberes heredados.

Diferentes investigadores se refieren a estas construcciones como representativas de una etapa preindustrial, pero en verdad eran construcciones creadas para la industria artesanal del momento, acotada en tiempo, forma y técnica a los avances de un oficio. Se mezclan los aspectos de identidad y

sentido de pertenencia, manifestados a través de la lectura de la ordenación urbana y territorial de estos asentamientos vinculados a los distintos oficios del mar y de las arquitecturas surgidas como resultado de las necesidades, que siguieron patrones y técnicas relativamente idénticas a lo largo de la costa gallega. Urge llevar a cabo un inventario completo, pero, tras análisis e inventarios previos, podemos hablar de más de quinientas edificaciones. Hoy muchas de ellas se perciben como ruinas, pero son arquitecturas que definen un lugar, que atesoran una cultura característica y que crean paisaje.

Destacamos varias áreas que denominaremos "áreas madre" que aún conservan el valor de su pasado industrial en completa sintonía con su paisaje. Son áreas que conservan la identidad y la memoria de lo que en su día fueron. Se presenta necesario iniciar una investigación que estudie de modo más concreto estos ámbitos para adentrarnos en su definición de paisajes industriales o incluso paisajes culturales. Finalmente, acabamos con una pregunta que abre nuevas vías de investigación: ¿cuáles son los valores intrínsecos de estas construcciones litorales y su entorno en las denominadas áreas madre? Se deben determinar los valores esenciales que hacen del ámbito de estudio de las "áreas madre" un entorno único desde el criterio de su significado territorial, representatividad tipológica, autenticidad y grado de integridad.

manifestados a través da lectura da ordenación urbana e territorial destes asentamentos vencellados aos distintos oficios do mar e das arquitecturas xurdidas como resultado das necesidades, que seguiron patróns e técnicas relativamente idénticas ao longo da costa galega. Urxe levar adiante un inventario completo, mais tras as análises e os inventarios previos podemos falar de máis de cincocentas edificacións. Hoxe moitas delas son percibidas como ruínas; porén, trátase de arquitecturas que definen un lugar, que atesouran unha cultura característica e que crean paisaxe.

Destacamos varias áreas que denominaremos "áreas nai" e que aínda conservan o valor do seu pasado industrial, en completa sintonía coa súa paisaxe. Son áreas que manteñen a identidade e a memoria do que foron no seu día. É necesario iniciar unha investigación que estude de modo máis concreto estes ámbitos para nos adentrar na súa definición de paisaxes industriais ou incluso paisaxes culturais. Finalmente, rematamos cunha pregunta que abre novas vías de investigación: cales son os valores intrínsecos destas construcións do litoral e do seu contorno nas denominadas áreas nai? Débense determinar os valores esenciais que fan do ámbito de estudo das áreas nai un contorno único desde o criterio do seu significado territorial, da representatividade tipolóxica, da autenticidade e do grao de integridade.



Cultura marítima e museos

Cultura marítima y museos

En esta primera fase de desarrollo del Plan de la cultura marítima de Galicia se puso el acento en la necesidad de identificar los abundantes y diversos elementos de nuestro rico patrimonio cultural, en gran parte desconocido para el público en general, y ni tan siquiera inventariado adecuadamente en una buena parte. Su catalogación es un paso previo para cualquier actuación encaminada a la investigación y posterior difusión de todo un universo cultural tejido por manos, experiencias y recuerdos de mujeres y hombres que vivieron del mar, con el mar y en el mar. Una mínima parte del conjunto está contenido y divulgado desde museos, centros de interpretación y otras instituciones análogas. Su número es bastante amplio, creciente durante los últimos años gracias a inversiones públicas de los Grupos de Acción Local del Sector Pesquero (GALP), atendiendo a objetivos socioculturales del Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP). También hay que mencionar la reciente creación de la Red de Espacios Museísticos Atlánticos (REMA), cuyo fin primordial es visibilizar y difundir las colecciones de sus miembros por las redes sociales. Pero la continuidad de estas instituciones, muchas en régimen de supervivencia, no está garantizada, ya que, excepto contadas excepciones (las más conocidas las del Museo Massó en Bueu y el Museo del Mar de Vigo, ambos de titularidad de la Xunta de Galicia), presentan una serie de problemas que lastran su actividad. En el mejor de los casos son de gestión unipersonal, bajo la responsabilidad de un técnico sin estabilidad laboral. En general cuentan con presupuestos mínimos y carecen de marcos de coordinación para implementar una programación estable, para aprovechar sinergias a nivel comarcal, provincial o autonómico. Este estado de cosas dificulta el desarrollo de proyectos expositivos, didácticos y, por supuesto, de investigación.

Nesta primeira fase de desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia, púxose o acento na necesidade de identificar os abundantes e diversos elementos do noso rico patrimonio cultural, en gran parte descoñecido para o público en xeral, e nin tan sequera adecuadamente inventariado en boa parte. A catalogación deste é un paso previo para realizar calquera actuación encamiñada á investigación e á posterior difusión de todo un universo cultural entretecido por mans, experiencias e recordos de mulleres e homes que viviron do mar, co mar e no mar. Unha mínima parte deste acervo está contido e divulgado desde os museos, os centros de interpretación e outras institucións análogas. O seu número é relativamente amplo e, nos últimos anos, ampliouse grazas aos investimentos públicos dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP), consonte os obxectivos socioculturais do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Tamén cómpre apuntar o recente nacemento da Rede de Espazos Museísticos Atlánticos (REMA), cuxo fin primordial é visibilizar e difundir as coleccións dos seus membros polas redes sociais. Mais a continuidade destas institucións, moitas en réxime de subsistencia, non está garantida, pois, agás contadas excepcións, como as do Museo Massó de Bueu e o Museo do Mar de Vigo, ambos de titularidade da Xunta de Galicia, presentan unha serie de problemas que lastran a súa actividade. No mellor dos casos, son de xestión unipersoal e á súa fronte está un responsable técnico sen estabilidade laboral. En xeral, contan con orzamentos mínimos e carecen de marcos de coordinación para implementar unha programación estable e aproveitar sinerxías no eido comarcal, provincial ou autonómico. Este estado de cousas dificulta o desenvolvemento de proxectos expositivos, didácticos e, por suposto, de investigación.

Este último vocábulo repítese máis dunha vintena de veces na Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia. Na exposición de motivos desta norma, sinálase o preciso reforzamento do papel científico, e non só divulgador, destas institucións, obrigadas a lles facilitar o acceso ás persoas interesadas na investigación dos seus fondos e a impulsar os labores de documentación, investigación e difusión do patrimonio cultural. Para transmitir con propósito educativo, hai que dispoñer dunha narrativa cultural axeitada que non é posible sen unha análise previa dos elementos esenciais, do tema ou temas arredor dos que xira o relato das mostras, permanentes ou temporais, destes centros. Que se debe investigar nos museos? Pois o patrimonio marítimo e a comunidade social xeradora deste, cun enfoque de proximidade ao territorio. Como investigar? Con metodoloxía axeitada e rigor científico, sen caer na terxiversación por un propósito de lexitimar "causas" nin "cousas", considerando a natureza e as fortalezas e debilidades da colección museográfica, mergullándose na "intrahistoria" de obxectos, imaxes ou saberes de especial significado e contextualizando lembranzas dunha memoria oral que cómpre salvagardar e transmitir. E por que investigar? Para mellorar o coñecemento do noso patrimonio, para vivificar o museo, para construír identidade colectiva e para revalorizar a cultura material e inmaterial das xentes do noso mar.

Esta última palabra se repite más de una veintena de veces en la Ley 7/2021, de 17 de febrero, de museos y otros centros museísticos de Galicia. En la exposición de motivos de esta norma, se señala la necesidad de refuerzo del papel científico, y no solo divulgador, de estas instituciones, obligadas a facilitar acceso a las personas interesadas en la investigación de sus fondos y a impulsar las labores de documentación, investigación y difusión del patrimonio marítimo. Para transmitir con una intención educativa, hay que disponer de una narrativa cultural precisa, que no es posible sin un análisis previo de los elementos esenciales, del tema o de los temas en torno a los que gira el relato de las exhibiciones, permanentes o temporales, de estos centros. ¿Qué se debe investigar en los museos? Pues el patrimonio marítimo y la comunidad social generadora del mismo, con un enfoque de proximidad al territorio. ¿Cómo investigar? Con metodología adecuada y rigor científico sin caer en la tergiversación por un propósito de legitimizar "causas" ni "cosas", considerando la naturaleza y las fortalezas y debilidades de la colección museográfica, sumergiéndose en la "intrahistoria" de objetos, imágenes o saberes de especial significado y contextualizando recuerdos de una memoria oral que hay que salvaguardar y transmitir. ¿Y por qué investigar? Para mejorar el conocimiento de nuestro patrimonio, para vivificar el museo, para construir una identidad colectiva y para revalorizar la cultura material e inmaterial de las gentes de nuestro mar.

i. 17. Rapaces xogando no porto | Niños jugando en el puerto



Cultura marítima e futuro

Cultura marítima y futuro

Sentado en la terraza de la cafetería al ras de la playa contemplo el entorno. Sobre la arena, un cúmulo de algas me recuerda que no es verano, el Ayuntamiento no limpia ya la playa y ahora a la gente no le está permitido recogerlas para abonar la tierra. Al lado de las algas un grupo de jóvenes se prepara para meterse en el mar, cada uno con su traje de neopreno y tabla en la mano acompañados por el monitor de la escuela de surf. Al mismo tiempo, un pequeño grupo de personas camina por la playa con equipo de senderismo; seguramente sea gente que está haciendo el camino de los faros.

En el mar las cosas también se mueven. Un famoso palangreiro de madera regresa al puerto mientras se cruza con un par de pequeñas motoras de poliéster y motor fueraborda que están revisando las nasas. Tras las islas pasa un crucero con rumbo sur.

En tierra, y muy cerca de mí, una placa recuerda el naufragio de un barco de vapor hace 120 años, a no más de diez metros de donde hubo una fábrica de conserva de la que solo queda el recuerdo y la forma del solar. Al lado también de una casa que aún conserva las características de la arquitectura marinera, rodeada de grandes edificios. Algo más lejos veo los restos de una embarcación puesta allí como "adorno" y de la que en el puerto solo quedan dos o tres de tipología similar.

Aprecio lo que estoy viendo y pienso que soy testigo del carácter esencial de la cultura marítima: su mutación natural. Nada está parado en el mar y nada está parado en la cultura marítima. Muchos elementos que hoy podemos tomar como propios de ella es muy posible que no existiesen con su forma actual hace 50 años y seguro que serán distintos dentro de otros 50.

Sentado na terraza do café á beira da praia, contemplo a contorna. Sobre a area, un cúmulo de algas lémbrame que non é verán. O Concello xa non limpa a praia e agora á xente non lle está permitido recollelas para estercar as terras. Máis alá das algas, un grupo de mozos e mozas prepárase para entrar no mar cos seus traxes de neopreno e cadansúa táboa na man, acompañados do monitor da escola de surf. Ao mesmo tempo, un pequeno grupo de persoas camiña pola praia con equipos de sendeirismo. Seguramente sexa xente que está a facer o Camiño dos Faros.

No mar, as cousas tamén se moven. Un fermoso palangreiro de madeira regresa a porto mentres se cruza cun par de pequenas motoras de poliéster e motor fóra borda que andan virando as nasas. Por tras das illas pasa un cruceiro cargado de turistas rumbo ao sur.

En terra, e moi preto de min, unha placa lembra o naufraxio dun vapor hai 120 anos, a non máis de dez metros de onde estivo unha fábrica de conserva da que só queda a lembranza e a forma do soar. A carón tamén dunha casa rodeada de grandes edificios que conserva aínda as características da arquitectura mariñeira. Algo máis lonxe, vexo os restos dunha embarcación posta alí como "adorno" e da que no porto só quedan dúas ou tres da súa tipoloxía.

Aprecio o que estou a ver e penso que son testemuña do carácter esencial da cultura marítima: a súa mutación natural. Nada está parado no mar e nada está parado na cultura marítima. Moitos elementos que hoxe podemos dar por propios dela é moi posible que non existisen coa súa forma actual hai 50 anos e, de seguro, serán outros dentro doutros 50.

Elementos que naceron a carón do mar por un motivo tórnanse protagonistas de actividades que nada teñen que ver coa súa orixe. Os camiños creados á beira do mar polos pescadores de cana, percebeiros ou labregos que buscaban algas ou mexillón para fertilizar son hoxe a vía de centos ou miles de persoas que camiñan ao lado do mar co único obxectivo de gozar da súa presenza.

Nada permanece? Permanecemos as persoas e o mar. O mar como camiño, como fonte de alimento ou enerxía, como fonte de perigos e como fonte de lecer.

O constante é a relación entre as persoas e o mar. Esa relación pode manifestarse en múltiples formas, ter diferentes aspectos, ser máis ou menos rica ou diversa. E, se hai mar e hai persoas, vai haber cultura marítima.

Este continuo cambio crea perigos e temos que estar alertas. O primeiro deles é a non aceptación do mesmo cambio. Que un elemento da relación co mar sexa novo non quere dicir que sexa malo: o surf é agora un elemento da nosa cultura como calquera outro relacionado co mar. O segundo perigo é xusto o contrario: pensar que porque algo é vello non merece atención. As vellas formas dos barcos e dos edificios da beiramar son creación cultural dos nosos devanceiros e son elementos que caladamente conformaron a nosa ollada e a nosa imaxe. Tamén existe o perigo de danar a actividade económica relacionada co mar,

Elementos que nacieron al lado del mar por un motivo, se convierten en protagonistas de actividades que nada tienen que ver con su origen. Los caminos creados a la orilla de mar por pescadores de caña, *percebeiros* o campesinos que buscaban algas o crías de mejillón para abonar, hoy son una vía utilizada por cientos o miles de personas que caminan al lado del mar con el único objetivo de disfrutar de su presencia.

¿Nada permanece? Permanecemos las personas y el mar. El mar como camino, como fuente de alimento o energía, como fuente de peligros y como fuente de ocio.

Lo constante es la relación entre las personas y el mar. Esa relación puede manifestarse en múltiples formas, tener diferentes aspectos, ser más o menos rica o diversa. Pero, si hay mar y hay personas, habrá cultura marítima.

Este continuo cambio crea peligros y tenemos que estar alerta. El primero de ellos es la no aceptación del mismo cambio. Que un elemento de la relación con el mar sea nuevo no quiere decir que sea malo: el surf es ahora un elemento de nuestra cultura como cualquier otro relacionado con el mar. El segundo peligro es justo el contrario: pensar que porque algo es viejo no merece atención. Las formas antiguas de los barcos y edificios de la orilla del mar son creación cultural de nuestros antecesores y son elementos que influyen fuertemente en nuestra formar de mirar y en nuestra imagen. También existe el peligro de dañar la actividad económica relacionada con el mar, ya sea por daños en el ecosistema o debido a un conservacionismo

irrazonable. Por último, existe otro peligro: la corrupción de los elementos de nuestra cultura marítima. Por ejemplo, cuando se daña el patrimonio construido en el borde litoral, cuando se recurre a elementos ajenos para crear recuerdos para turistas por desconocer nuestros equivalentes, o cuando se utilizan elementos propios para adornar un espacio desprovisto de contexto que nos los explique y permita que los hagamos nuestros, como sucede con los barcos en las rotondas.

El senderismo costero, el surf en sus diferentes versiones, los cultivos innovadores de oreja de mar o de pulpo, las salidas para avistar cetáceos o aves, las nuevas recetas de alta cocina con productos de nuestro mar, el kayak de mar, el submarinismo para observar pecios, el cultivo y procesamiento de algas para farmacia y alimentación, las motos de agua, las instalaciones de talasoterapia, las visitas guiadas a las playas donde se marisquea, las rutas por los puertos, las nuevas formas de los barcos, las imágenes del mar y sus gentes en camisetas o tazas, etc. Todo esto no tiene 50 años pero es parte de nuestra cultura marítima.

Aceptar las nuevas formas de cultura marítima y hacerlas visibles para la sociedad sin renunciar al cuidado, la preservación, la promoción de los elementos que la forman por su antigüedad es la clave para un futuro culturalmente rico. Aceptar la desaparición de las cosas que se lleva el tiempo, ser capaces de distinguir las cosas que merecen durar, salvaguardarlas y darles espacio en nuestra forma de estar en el mundo tendría que ser nuestro trabajo.

xa sexa por lle provocar danos ao ecosistema ou por un conservacionismo pouco razoable. Por último, existe outro perigo: a deturpación dos elementos da nosa cultura marítima. Por exemplo, cando se dana o patrimonio construído na beiramar, cando se recorre a elementos alleos para crear recordos para os turistas por descoñecer os nosos equivalentes ou cando se utilizan elementos propios para adornar espazos desprovistos de calquera contexto que os explique, como sucede cos barcos nas rotondas.

O sendeirismo costeiro, o surf nas súas diferentes formas, os novos cultivos da orella de mar ou do polbo, as saídas para avistar cetáceos ou aves, as novas receitas de alta cociña con produtos do noso mar, o caiac de mar, o submarinismo para observar pecios, o cultivo e o procesamento de algas para a farmacia e a alimentación, as motos de auga, as instalacións de talasoterapia, as visitas guiadas ás praias onde se marisca, as rutas polos portos, as novas formas dos nosos barcos, as imaxes do mar e as súas xentes en camisetas, etc. Todo isto non ten cincuenta anos, pero é parte da nosa cultura marítima.

Aceptar as novas formas da cultura marítima e facelas visibles para a sociedade sen renunciar ao coidado, á preservación, á promoción dos elementos que a forman pola súa antigüidade é a clave para un futuro rico. Aceptar a desaparición das cousas que o tempo leva, ser capaces de distinguir as cousas que merecen durar, salvagardalas e darlles espazo na nosa forma de estar no mundo tería que ser o noso traballo.



Cultura marítima e internacionalización

Cultura marítima e internacionalización

La relación entre la internacionalización y la cultura se puede abordar desde el punto de vista del contenido o desde el mercantil. La perspectiva del contenido aparece vinculada a las acciones dirigidas a la difusión internacional del país y a la mejora de su imagen exterior, en algunos casos impulsadas por organismos estatales como la Alliance Française, el Goethe-Institut o el Instituto Cervantes. En cambio, desde una perspectiva mercantil, más reciente, tiene que ver con los productos culturales y creativos, en la búsqueda de su exportación comercial en un entorno económico mundial, interdependiente y abierto.

A estas dos posibilidades habría que añadir una característica de importancia singular, la de la naturaleza pública o privada de los agentes que llevan a cabo las acciones de internacionalización.

En cada caso, analizando las estrategias, las políticas, los programas, los elementos organizativos y los instrumentos de intervención –existentes o necesarios– para llevar a cabo políticas de apoyo y promoción de la internacionalización de la cultura.

Como casos dispares de éxito en la divulgación internacional de la cultura gallega, cabe destacar el singular Ballet Gallego Rey de Viana (1949-2005), en el ámbito de la danza, y el grupo Milladoiro (1978 en adelante), en lo musical, dos referencias que podrían ayudar a identificar algunos de los elementos clave en las posibles acciones de internacionalización desde el ámbito cultural.

Aunque mucho menos conocidas y sin haber conseguido una repercusión o importancia similares, cabe mencionar los convenios, seminarios, jornadas, cursos, exposiciones y demás referencias que constituyen hoy el núcleo de lo que se puede mencionar como acción exterior cultural, la gran mayoría de las veces con una carencia de concreción, pasión y solvencia, y casi siempre pequeña y mezquina en el agradecimiento de sus beneficiarios.

A relación entre a internacionalización e a cultura pódese abordar desde o punto de vista do contido ou desde o do mercado. A perspectiva do contido aparece vencellada ás accións dirixidas á difusión internacional do país e á mellora da súa imaxe exterior, nalgúns casos impulsadas por organismos estatais, como a Alliance Française, o Goethe-Institut ou o Instituto Cervantes. En cambio, a máis recente perspectiva do mercado ten que ver cos produtos culturais e creativos, na procura da súa exportación comercial nunha contorna económica mundial, interdependente e aberta.

A estas dúas posibilidades habería que engadir unha característica de importancia singular, a da natureza pública ou privada dos axentes que levan a cabo as accións de internacionalización. En cada caso, analizando as estratexias, as políticas, os programas, os elementos organizativos e os instrumentos de intervención —existentes ou necesarios— para realizar políticas de apoio e promoción da internacionalización da cultura.

Como casos dispares de éxito na divulgación internacional da cultura galega, cabe destacar o do singular Ballet Gallego Rey de Viana (1949-2005), no ámbito da danza, e o do grupo Milladoiro (1978 en adiante), no musical, referencias ambas que poderían axudar a identificar algúns elementos chave nas posibles accións de internacionalización desde o ámbito cultural.

Aínda que moito menos coñecidas e sen acadar semellante repercusión e importancia, convén mencionar os convenios, seminarios, xornadas, cursos, exposicións e demais referencias que constitúen hoxe a cerna mesma do que se pode mencionar como acción exterior cultural, as máis das veces carecente da suma bastante de concreción, degoiro e solvencia, e as máis das veces tamén cativa e mesmo mesquiña no agradecemento dos seus beneficiarios.

Neste sentido, sería ben ter presente a referencia que, co gallo do septuaxésimo quinto aniversario, fai Xulio Ríos Paredes ao *Galician Programme*, que foi emitido na compañía pública da radiodifusión británica (British Broadcasting Corporation, BBC) entre 1947 e 1956, grazas a "toda unha expresión do que cómpre facer para internacionalizar a cultura galega, é dicir, ter en conta ese ecosistema cultural propio do que sempre debemos partir, mobilizalo, aglutinalo e proxectalo coa axuda de aliados máis alá da emigración, inserilo nas grandes tendencias mundiais, mantelo no tempo...".

Compromiso e identificación co seu, autenticidade, profesionalidade, credibilidade, substancia e perspectiva, transcendendo as improvisacións e os acenos cativos e precarios e procurando a permanencia da pegada, no tempo e no espazo, cun propósito integrador, realista, acomodado ás posibilidades certas, pero aberto a posibles melloras que aproveiten evolucións favorables nos marcos institucionais. É necesaria unha proxección exterior cunha calidade capaz de garantir que o retorno das actuacións desenvolvidas confirme a súa lexitimidade, azo que tanto necesita unha non pequena parte, desconfiada, escéptica, vulnerable e falta de confianza en si mesma, da nosa sociedade.

As fronteiras dos diferentes países adoitan definir ecosistemas culturais distintos, nos que se desenvolven diversos estilos de vida, normas e comportamentos. A cultura dota as persoas de lingua, coñecemento, credos, valores e aspiracións, promove certas maneiras de actuación en detrimento doutras formas de conduta e axuda a interpretar o mundo e a facilitar a convivencia. A interacción entre as persoas e as influencias sociais no comportamento comezan coa cultura

En este sentido, estaría bien tener presente la referencia que, con motivo del 75º aniversario, hace Xulio Ríos Paredes al *Galician Programme*, que fue emitido en la compañía de radiodifusión británica (British Broadcasting Corporation, BBC) entre 1947 y 1956 gracias a "toda una expresión de lo que es necesario recabar para internacionalizar la cultura gallega, es decir: tener en cuenta ese ecosistema cultural propio de lo que siempre debemos partir, movilizarlo, aglutinarlo, proyectarlo con la ayuda de aliados, más allá de la emigración, insertarlo en las grandes tendencias mundiales, mantenerlo en el tiempo...".

Compromiso e identificación con lo nuestro, autenticidad, profesionalidad, credibilidad, sustancia y perspectiva, trascendiendo las improvisaciones y los gestos pequeños y precarios, buscando dejar huella, en el tiempo y en el espacio, con un propósito integrador, realista, acomodado en las opciones más ciertas, pero abierto a posibles mejoras que aprovechen evoluciones favorables dentro de los marcos institucionales. Satisfacer una proyección exterior con una calidad capaz de garantizar que el producto de las actuaciones desarrolladas confirme su legitimidad, sentimiento que tanto necesita, no en pequeña medida, desconfiada, escéptica, vulnerable y falta de confianza en sí misma, de nuestra sociedad.

Las fronteras de los diferentes países, al mismo tiempo, acostumbran a definir ecosistemas culturales distintos, en los que se desarrollan diversos estilos de vida, normas y comportamientos. La cultura otorga a las personas de lenguaje, conocimiento, credos, valores y aspiraciones; promueve ciertas maneras de actuación en detrimento de otras formas de conducta, ayuda a interpretar el mundo y a facilitar la convivencia. La interacción entre las personas y las influencias

sociales en el comportamiento comienza con la cultura en la que esta se desarrollo. Conocer la cultura de otros países amplía los límites del propio conocimiento y aporta la curiosidad necesaria para afrontar con resolución otros ámbitos de la vida personal. La proyección internacional de la cultura marítima de Galicia y su común permeabilidad con otras culturas, fortalecería la estima, consolidación y diseminación de la misma.

La dinamización del tejido cultural local y la ampliación de sus redes más próximas va a ser la táctica que ayude a desarrollar estrategias de internacionalización y acceso a nuevos ámbitos culturales y económicos. Entidades o agrupaciones sólidas serán quienes generen proyectos capaces de llevarse a cabo con éxito en un ámbito internacional, actuaciones que al mismo tiempo harán posibles nuevos contactos y la extensión de las propias redes, con la ventaja, no pequeña, de un mejor acceso a vías de financiación supranacionales (fondos europeos, coproducciones...).

Las rutas de la sal; la emigración a las colonias americanas; las crónicas de Plácido Castro (*Un galego en Irlanda*, 1928); los barcos que con el inicio de la Guerra Civil española (1936--1939) expatriaron a muchos gallegos; aquellos que durante la década de los 60 emigraron a Canadá, Estados Unidos, México, Venezuela, Brasil, Argentina...; los pesqueros gallegos en el Gran Sol (*The Second Spanish Armada*, de Michael J. Carroll, 1992); la experiencia compartida de la herencia común marinera (*Living on the North Atlantic*, Museo do Pobo Galego, 2000); o el Camino Xacobeo por mar (*Homes de ferro*, Alfredo Conde, 2019), son algunos de los muchos elementos, crónicas, sucesos y personas que permiten recuperar o crear nuevos vínculos de la cultura marítima de Galicia con otros territorios.

na que esta se desenvolve. Coñecer a cultura doutros países amplía os límites do propio coñecemento e achega a curiosidade necesaria para afrontar con resolución outros ámbitos da propia vida. A proxección internacional da cultura marítima de Galicia e a común permeabilidade con outras culturas fortalecería a súa estima, consolidación e diseminación.

A dinamización do tecido cultural local e a ampliación das súas redes máis próximas vai ser a táctica que axude a desenvolver estratexias de internacionalización e acceso a novos ámbitos culturais e económicos. Entidades ou agrupacións sólidas serán quen de xerar proxectos capaces de desenvolverse con éxito nun ámbito internacional, actuacións que asemade farán posibles novos contactos e a extensión das propias redes, coa vantaxe non pequena dun mellor acceso ás vías de financiamento supranacionais (fondos europeos, coproducións...).

As rutas do sal; a emigración ás colonias americanas; as crónicas de Plácido Castro (*Un galego en Irlanda*, 1928); os barcos que co inicio da Guerra Civil española (1936-1939) expatriaron a moitos galegos; o continxente daqueles que no decenio de 1960 emigraron a Canadá, aos Estados Unidos, a México, a Venezuela, ao Brasil, á Arxentina...; os pesqueiros galegos no Gran Sol (*The second Spanish Armada*, de Michael J. Carroll, 1992); a experiencia compartida da común herdanza mariñeira (*Living on the North Atlantic*, Museo do Pobo Galego, 2000) ou o Camiño Xacobeo por mar (*Homes de ferro*, Alfredo Conde, 2019) son algúns dos moitos elementos, crónicas, sucesos e persoas que permiten recuperar ou crear novos vínculos da cultura marítima de Galicia con outros territorios.

Non sería desencamiñado retomar a oferta feita hai un par de anos polo museo e centro patrimonial irlandés Ionad an Bhlascaoid (The Blasket Centre) de establecer unha colaboración permanente co Museo do Mar de Galicia para o intercambio de experiencias no eido da cultura marítima. A reconstrución dunha embarcación tradicional irlandesa realizada no ano 2019 no propio museo e á vista do público, e alí depositada para a súa exhibición permanente, podería ter correspondencia coa construción dunha embarcación tradicional galega no museo irlandés.

Para pechar esta fiestra non se me ocorre mellor colofón que traer á nosa memoria a xa longa experiencia dos Encontros de Embarcacións Tradicionais de Galicia que a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar) convoca, desde 1993, cada dous anos nun porto diferente. A este evento, destacado elemento de dinamización das comunidades mariñeiras, están convidadas todas as asociacións integradas en Culturmar e as entidades afíns, tanto de Galicia como de Portugal, Irlanda, Francia, País Vasco, Cataluña, Andalucía, Levante ou Illas Baleares, así como particulares e institucións de interese cultural e patrimonial.

Como firme puntal da cohesión social no marco da sociedade do coñecemento, a internacionalización da cultura marítima de Galicia, como reforzo dos sentimentos de identidade e pertenza, debería ser unha arela irrenunciable de calquera política cultural, sustentada nun firme plan asociado que resulte da análise rigorosa das capacidades e oportunidade de saída ao exterior e que defina claramente os obxectivos a curto, medio e longo prazo e os medios, públicos e privados, que deberían aplicarse na procura destes obxectivos.

No sería desencaminado retomar la oferta hecha hace dos años por el museo y centro patrimonial irlandés Ionad an Bhlascaoid (The Blasket Centre) de establecer una colaboración permanente con el Museo del Mar de Galicia para el intercambio de experiencias en el eje de la cultura marítima. La reconstrucción de una embarcación tradicional irlandesa, realizada en el año 2019, en el propio museo y a la vista del público, y allí depositada para exhibición permanente, podría corresponderse con la construcción de una embarcación tradicional gallega en el museo irlandés.

Para terminar esta intervención no se me ocurre mejor colofón que traer a nuestra memoria la ya larga experiencia de los Encuentros de Embarcaciones Tradicionales de Galicia, que la Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (Culturmar) convoca cada dos años desde 1993 en un puerto diferente. A este evento, destacado elemento dinamizador de las comunidades marineras, están invitadas todas las asociaciones integradas en Culturmar y las entidades afines, tanto de Galicia como de Portugal, Irlanda, Francia, País Vasco, Cataluña, Andalucía, Levante o Islas Baleares, así como particulares e instituciones de interés cultural y patrimonial.

Como firme puntal de la cohesión social en el marco de la sociedad del conocimiento, la internacionalización de la cultura marítima de Galicia, como refuerzo de los sentimientos de identidad y pertenencia, debería ser un punto irrenunciable en cualquier política cultural, apoyada en un plan firme y asociado, resultado del análisis riguroso de las capacidades y oportunidades de salida al exterior, definiendo claramente los objetivos a corto, medio y largo plazo, así como los medios, públicos y privados, que deberían aplicarse en la búsqueda de dichos objetivos.


CARGA E DESCARGA



05

DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL

DIAGNÓSTICO DE LA SITUACIÓN ACTUAL

05 Diagnóstico da situación actual
Diagnóstico de la situación actual

1 Enquisa pública
Encuesta pública
páx. 133

2 Mesas participativas
Mesas participativas
páx. 137

3 Análise de proxectos subvencionados polos GALP
Análisis de proyectos subvencionados por los GALP
páx. 155

4 DAFO
DAFO
páx. 161

En julio de 2021 arranca el Plan de la cultura marítima de Galicia con la vista puesta en el Horizonte 2030 y con el claro propósito de recoger y analizar los datos para evaluar el contexto y la situación de la cultura marítima en los diferentes ámbitos del litoral y a nivel del conjunto de Galicia.

Durante los primeros meses de desarrollo se recopiló información de trabajos existentes desde la perspectiva de los tradicionales oficios del mar, desde la defensa del patrimonio marítimo, desde el conjunto de agentes que conforman la cultura del mar, y se abordó la reflexión sobre carencias y oportunidades para la redacción de un primer borrador del Plan. Se comienza un trabajo de conversaciones con asociaciones y expertos, así como de recopilación de publicaciones y documentos de referencia, con intención de que se vaya ampliando durante el periodo de vigencia del propio proceso de investigación. Paralelamente se crea una ficha identificativa con una serie de parámetros comunes con el fin de que desde la Consellería del Mar se solicite a los GALP (Grupos de Acción Local del Sector Pesquero) una recopilación de los proyectos culturales llevados a cabo en la última estrategia, para proceder a su análisis de modo conjunto. Este primer diagnóstico permitió identificar unas conclusiones iniciales, con las que trazar los objetivos estratégicos, específicos y acciones a llevar a cabo, que serán revisadas y desarrolladas durante el proceso participativo.

Tras el análisis técnico, se inicia un proceso de diagnóstico compartido, ya que el Plan de la cultura marítima pretende crearse desde una base participativa (participación ciudadana), escuchando a las comunidades litorales, a los diferentes agentes del mar y a las entidades clave. Este proceso participativo destaca por dos hitos importantes: el primero es crear una encuesta pública y el segundo son las mesas participativas a lo largo de la costa.

En xullo de 2021 arrinca o Plan da cultura marítima de Galicia coa vista posta no Horizonte 2030 e co claro propósito de recoller e analizar os datos para avaliar o contexto e a situación da cultura marítima nos diferentes ámbitos do litoral e a nivel do conxunto de Galicia.

Durante os primeiros meses de desenvolvemento recompilouse información de traballos existentes desde a perspectiva dos tradicionais oficios do mar, desde a defensa do patrimonio marítimo, desde o conxunto de axentes que conforman a cultura do mar, e abordouse a reflexión sobre carencias e oportunidades para a redacción dun primeiro borrador do Plan. Comézase un traballo de conversas con asociacións e expertos, así como de recompilación de publicacións e documentos de referencia, con intención de que se vaia ampliando durante o período de vixencia do propio proceso de investigación. Paralelamente, créase unha ficha identificativa cunha serie de parámetros comúns co fin de que desde a Consellería do Mar se lles solicite aos GALP (Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro) unha recompilación dos proxectos culturais levados a cabo na última estratexia, para proceder á súa análise de modo conxunto. Este primeiro diagnóstico permitiu identificar unhas conclusións iniciais, coas que trazar os obxectivos estratéxicos, específicos e accións a levar a cabo, que serán revisadas e desenvolvidas durante o proceso participativo.

Tras a análise técnica, iníciase un proceso de diagnóstico compartido, xa que o Plan da cultura marítima pretende crearse desde unha base participativa (participación cidadá), escoitando as comunidades litorais, os diferentes axentes do mar e as entidades clave. Este proceso participativo destaca por dous fitos importantes: o primeiro é crear unha enquisa pública e o segundo son as mesas participativas ao longo da costa.

La encuesta pública, alojada en la web de la Universidad, sirve de herramienta para la recopilación de diversas necesidades, opiniones y testimonios que valdrán para enriquecer, refutar o validar las acciones planteadas en el borrador inicial. Acto seguido, se inicia un proceso participativo centrado en siete mesas a lo largo de la costa, llevadas a cabo entre los meses de enero a junio por un equipo experto en mediación-facilitación, y contando con la participación de actores relacionados con el mar desde diversos ámbitos: profesionales del sector, miembros de asociaciones o entidades civiles, representantes institucionales, académicos, estudiosos e investigadores.

Como colofón, tras la realización de las siete mesas participativas, se lleva a cabo en Vigo el Foro Mar en junio de 2022; un encuentro para poner en común las conclusiones de las mesas, para reflexionar sobre el futuro de la cultura marítima y como aprendizaje colectivo.

La información extraída de las encuestas, las diferentes conversaciones, el estudio previo de los proyectos de los GALP, los informes de las mesas participativas, las reflexiones del foro, así como la colaboración con los expertos y el propio desarrollo del trabajo del equipo de investigación en cuanto a categorías patrimoniales y análisis DAFO, sirven para que en la segunda mitad de 2022 se trabaje en la redacción del documento del Plan, concretando los objetivos estratégicos, los específicos y su materialización en acciones y proyectos.

El texto se somete a varias revisiones: desde el punto de vista experto de la cultura marítima, desde la perspectiva del paisaje y desde un enfoque de género. Por último, el Plan se aprobará y posteriormente será sometido a revisión pública con el fin de que las entidades de la cultura marítima, así como los diferentes interesados, tengan la opción de poder agregar comentarios para una mejor ejecución y realización de las acciones. El fin es que entre todos avancemos en favor de la cultura marítima.

A enquisa pública, aloxada na web da Universidade, serve de ferramenta para a recompilación de diversas necesidades, opinións e testemuños que valerán para enriquecer, refutar ou validar as accións expostas no borrador inicial. Acto seguido, iníciase un proceso participativo centrado en sete mesas ao longo da costa, levadas a cabo entre os meses de xaneiro a xuño por un equipo experto en mediación-facilitación, e contando coa participación de actores relacionados co mar desde diversos ámbitos: profesionais do sector, membros de asociacións ou entidades civís, representantes institucionais, académicos, estudosos e investigadores.

Como colofón, tras a realización das sete mesas participativas, lévase a cabo en Vigo o Foro Mar en xuño de 2022; un encontro para poñer en común as conclusións das mesas, para reflexionar sobre o futuro da cultura marítima e como aprendizaxe colectiva.

A información extraída das enquisas, as diferentes conversas, o estudo previo dos proxectos dos GALP, os informes das mesas participativas, as reflexións do foro, así como a colaboración cos expertos e o propio desenvolvemento do traballo do equipo de investigación en canto a categorías patrimoniais e análises DAFO, serven para que na segunda metade de 2022 se traballe na redacción do documento do Plan, concretando os obxectivos estratéxicos, os específicos e a súa materialización en accións e proxectos.

O texto sométese a varias revisións: desde o punto de vista experto da cultura marítima, desde a perspectiva da paisaxe e desde un enfoque de xénero. Por último, o Plan aprobarase e posteriormente será sometido a revisión pública co fin de que as entidades da cultura marítima, así como os diferentes interesados, teñan a opción de poder agregar comentarios para unha mellor execución e realización das accións. O fin é que entre todos avancemos en favor da cultura marítima.

Participantes por xénero



Participantes por natureza



Participantes por xeración



Enquisa pública

Encuesta pública

El rango de afección del Plan viene definido por su amplitud de opinión y participación pública, lo que llevó a generar un proceso participativo en línea y, por lo tanto, totalmente abierto a la participación ciudadana, de manera que se pudieran recopilar mediante unos parámetros determinados las necesidades o inquietudes acerca de la situación actual de la cultura marítima de Galicia.

La encuesta estuvo alojada en el espacio web que la Universidad de A Coruña destinó al Plan. Bajo el epígrafe "Participa", se podía encontrar la encuesta activa desde septiembre de 2021 hasta octubre de 2022. Las preguntas incluidas estaban redactadas de manera que mostrasen una idea general de la afección de la cultura marítima en los individuos participantes: edad, género, opciones de relación con el mar, opciones de interés acerca de la cultura marítima y una respuesta abierta para las sugerencias o los comentarios con relación a preservar y a activar la cultura marítima. Los informes y las conclusiones gráficas están disponibles en el apartado "Informes y documentos" de la web.

O rango de afección do Plan vén definido pola súa amplitude de opinión e participación pública, o que levou a xerar un proceso participativo en liña e, polo tanto, totalmente aberto á participación cidadá, de maneira que se puideran recompilar mediante uns parámetros determinados as necesidades ou inquedanzas acerca da situación actual da cultura marítima de Galicia.

A enquisa estivo aloxada no espazo web que a Universidade da Coruña destinou ao Plan. Baixo a epígrafe "Participa", podíase atopar a enquisa activa desde setembro de 2021 ata outubro de 2022. As preguntas incluídas estaban redactadas de maneira que achegasen unha idea xeral da afección da cultura marítima nos individuos participantes: idade, xénero, opcións de relación co mar, opcións de interese acerca da cultura marítima e unha resposta aberta para as suxestións ou os comentarios con relación a preservar e a activar a cultura marítima. Os informes e as conclusións gráficas están dispoñibles na epígrafe "Informes e documentos" na web.

Cal é a túa relación coa Cultura Marítima?





En que ámbito da Cultura Marítima tés maior interese?





La intención de la encuesta era ser lo más inclusiva y abierta posible, por lo que se realizaron acciones de promoción a través de medios variados. Cronológicamente, se anunció la encuesta en el acto de publicación del Plan, seguido por siete eventos de mesas participativas en los que, durante los meses de marzo a junio, se hizo hincapié en la disponibilidad y en la relevancia de esta encuesta, con el objeto de reforzar la participación ciudadana, objetivo parcialmente común entre las mesas que culminó con su promoción en el Foro Mar que tuvo lugar en Vigo el 18 de junio de 2022. Aparte de estas menciones y publicitaciones en eventos públicos, la promoción de la encuesta se hizo en la cuenta de Instagram del Plan durante el tiempo que estuvo activa y hubo también un período de petición de participación por vía telefónica o por correo electrónico a asociaciones culturales y de otra naturaleza, cofradías, clubes náuticos, etc.

La encuesta recibió 103 participaciones, cuyos datos demográficos generales pueden apreciarse en el diagrama 01. En el diagrama 02, se representa la relación de las personas participantes con la cultura marítima, donde entre un 38,8% y un 46,6% de las respuestas marcadas se correspondían con el trabajo profesional, el estudio, la investigación o el sentimiento de vínculo con esta, mientras que también se relacionan estas respuestas con la década de nacimiento de los participantes. Por último, en el diagrama 03 se ofrecen los ámbitos de interés de las personas participantes.

A intención da enquisa era ser o máis inclusiva e aberta posible, polo que se realizaron accións de promoción a través de medios variados. Cronoloxicamente, anunciouse a enquisa no acto de publicación do Plan, seguido por sete eventos de mesas participativas nos que, durante os meses de marzo a xuño, se fixo fincapé na dispoñibilidade e na relevancia desta enquisa, co obxecto de reforzar a participación cidadá, obxectivo parcialmente común entre as mesas que culminou coa súa promoción no Foro do Mar que tivo lugar en Vigo o 18 de xuño de 2022. Á parte destas mencións e publicitacións en eventos públicos, a promoción da enquisa fíxose na conta de Instagram do Plan durante o tempo que estivo activa e houbo tamén un período de petición de participación telefónica ou por correo electrónico a asociacións culturais e doutra natureza, confrarías, clubs náuticos etc.

A enquisa recibiu 103 participacións, cuxos datos demográficos xerais poden apreciarse no diagrama 01. No diagrama 02, represéntase a relación das persoas participantes coa cultura marítima, onde entre un 38,8% e un 46,6% das respostas marcadas se correspondían co traballo profesional, o estudo, a investigación ou o sentimento de vínculo con esta, mentres que tamén se relacionan estas respostas coa década de nacemento dos participantes. Por último, no diagrama 03 ofrécense os ámbitos de interese das persoas participantes.



Participantes



Traballadores do sector do mar





Membros de asociacións

Representantes de institucións



Investigadores e membros de universidades



Mesas participativas

Mesas participativas

Resumen del proceso

Las mesas participativas se llevaron a cabo entre los meses de abril y mayo de 2022, realizándose una por cada división geográfica correspondiente a un GALP, siendo en total siete. Las sedes que las albergaron fueron lugares convenientes y significativos dentro de cada una de las áreas.

Las mesas fueron diseñadas y conducidas por un equipo de mediación y en cada una de ellas se invitó a personas procedentes del área geográfica relacionadas de alguna manera con el mar. Además, cada mesa tuvo un anfitrión en representación del GALP, y con la participación de expertos colaboradores y personal del PCUMA.

Participantes

Fueron organizados en base a su perfil profesional y el tipo de vínculo con la cultura marítima:

· Trabajadores del sector del mar,
· Miembros de asociaciones,
· Investigadores o miembros de universidades,
· Representantes de instituciones de diversa índole.

En total, contamos con 103 personas participantes que se dividen de forma bastante equilibrada entre los diferentes sectores, variando esta proporción en las distintas mesas. En cuanto al género de las personas participantes en las mesas, el 58% fueron hombres y el 42% mujeres.

Resumo do proceso

As mesas participativas tiveron lugar entre os meses de abril e maio de 2022, foron un total de sete, unha por cada división xeográfica correspondente aos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP). As sedes que as albergaron foron lugares convenientes e significativos dentro de cada unha das áreas.

As mesas foron deseñadas e conducidas por un equipo de mediación e en cada unha delas invitáronse persoas procedentes da área xeográfica correspondente relacionadas co mar. Ademais, cada mesa contou cun anfitrión en representación do GALP, e coa participación de expertos colaboradores e persoal do PCUMA.

Participantes

Organizáronse segundo o seu perfil profesional e tipo de vínculo coa cultura marítima:

· Traballadores do sector do mar
· Membros de asociacións
· Investigadores ou membros das universidades
· Representantes de institucións de diversa índole

En total, contamos con 103 persoas participantes que se dividen dunha forma bastante equilibrada entre os diferentes sectores, unha proporción que variou nas distintas mesas. No referente ao xénero das personas participantes nas mesas, o 58% foron homes e o 42% mulleres.

Marusía

Marejada



Barlovento



Barlovento

Se valora la experiencia de la mesa, el grado de participación e implicación de los asistentes, así como la energía de sus interacciones. El clima general de las sesiones determina e influye en los resultados de las mismas y en general podemos decir que ha sido de bueno a muy bueno, con distintos grados de intensidad.

Marejada

Se recogen los temas que se han tratado con mayor intensidad por ser los que focalizan la atención de la mesa y marcan las prioridades de sus asistentes. Dos tercios de los temas de mayor interés para los participantes se repiten en varias de las mesas, resaltando el problema de la transmisión generacional de los saberes como una preocupación común manifiesta en todas las mesas. Debemos tener presente que tenemos un patrimonio y memoria vivos, pero es necesario que haya un relevo generacional para que perdure. Otros temas que suscitan interés son la reivindicación de la identidad marítima, la necesidad de la implicación de las administraciones en la protección de la cultura marítima, la sostenibilidad y la protección de la naturaleza como soporte de la cultura marítima, así como la necesidad de salvaguardar los saberes, educar en cultura marítima y dignificar las profesiones del mar, que son temas directamente relacionados con la transmisión generacional.

Palabras clave: perspectiva de género; accesibilidad global; identidad marítima; memoria histórica; especificidad geográfica; responsabilidad e implicación social; sostenibilidad y protección de la naturaleza; transmisión generacional; protección del patrimonio; relación local/global; salvaguardar los saberes; implicación de las administraciones; sabiduría popular; pertenencia y tradición; educación en cultura marítima; motivación y reconocimiento; dignificación de las profesiones.

Barlovento

Valórase a experiencia da mesa, o grao de participación e implicación das persoas asistentes, así como a enerxía das súas interaccións. O clima xeral das sesións determina e inflúe nos resultados destas e, en xeral, podemos dicir que foi de bo a moi bo, con distintos graos de intensidade.

Marusía

Recolléronse os temas que se trataron cunha maior intensidade por ser os que focalizan a atención da mesa e os que marcan a prioridade dos seus asistentes. Dúas terceiras partes dos temas de maior interese para as persoas participantes repítense en varias das mesas, subliñando o problema da transmisión xeracional dos coñecementos como a preocupación común manifestada en todas as mesas. Debemos ter presente que temos un patrimonio e unha memoria vivos, pero é necesario que haxa unha remuda xeracional para que perduren. Outros temas que suscitan interese son a reivindicación da identidade marítima, a necesidade da implicación das administracións na protección da cultura marítima, a sustentabilidade e a protección da natureza como soporte da cultura marítima, así como a necesidade de salvagardar os saberes, educar en cultura marítima e dignificar as profesións do mar, que son temas directamente vencellados á transmisión xeracional.

Palabras clave: perspectiva de xénero, accesibilidade global, identidade marítima, memoria histórica, especificidade xeográfica, responsabilidade e implicación social, sostibilidade e protección da natureza, transmisión xeracional, protección do patrimonio, relación local/global, salvagardar os saberes, implicación das administracións, sabedoría popular, pertenza e tradición, educación en cultura marítima, motivación e recoñecemento e dignificación das profesións.

Mesa participativa A Mariña-Ortegal

Mesa participativa A Mariña-Ortegal

Barlovento



Participantes



Evento

Viernes, 8 de abril de 2022, de 11.00 h a 13.30 h

Museo Mares de Cedeira

Barlovento

El clima grupal en general fue tranquilo y positivo, aunque el retraso en el comienzo de la mesa hizo que la última parte dispusiera de menos tiempo, lo que generó cierta presión para terminar en hora. El anfitrión experto tuvo un papel significativo, sirviendo también como mediación entre los agentes invitados y la propia dirección del Plan. Aunque no todas las personas intervinieron en los momentos de conversación en grupo grande, todas participaron activamente del trabajo en pequeños grupos y se recogieron ideas y propuestas de todos los ámbitos representados en la mesa.

Evento

Venres, 8 de abril de 2022, de 11.00 h a 13.30 h

Museo Mares de Cedeira

Barlovento

O clima do grupo en xeral foi tranquilo e positivo, aínda que o atraso no comezo da mesa fixo que a última parte contara con menos tempo, o que xerou certa presión para rematar á hora. O anfitrión experto tivo un papel significativo e serviu tamén como mediador entre os axentes invitados e a propia dirección do Plan. Aínda que non todas as persoas interviñeran nos momentos de conversa no grupo grande, todas participaron activamente do traballo en grupos pequenos e recolléronse ideas e propostas de todos os ámbitos representados na mesa.

Marejada

Uno de los temas con más fuerza en esta mesa fue la percepción de que el área cantábrica está más olvidada en política, investigación y acciones de cultura marítima. Se señalan con mucha energía su especificidad y la necesidad de contar con sus aportaciones. La relación entre lo global (territorio gallego) y lo local (cada uno de los pueblos y regiones) es otro de los aspectos en los que se incide a lo largo de la sesión. Queda en el aire la pregunta sobre cómo pensar globalmente y actuar localmente; cómo destacar la singularidad de cada territorio y evitar duplicidades (ej.: museos del mar que repiten contenidos)
Se insiste en la necesidad de fomentar el uso del patrimonio marítimo, convirtiéndolo en un patrimonio vivo y atractivo para las nuevas generaciones.
Se incide en la idea de simplificar los mecanismos de gestión, clarificando los roles de cada Administración y minimizando la burocracia.

Marusía

Un dos temas con máis enerxía nesta mesa foi a percepción de que a área cantábrica é unha das máis esquecidas nas políticas, investigacións e accións da cultura marítima. Sinalan con moita énfase a súa especificidade e a necesidade de contar coas súas achegas. A relación entre o global (territorio galego) e o local (cada unha das vilas e rexións) é outro dos aspectos nos que se incide ao longo da sesión. Queda no aire a pregunta sobre como pensar globalmente e actuar localmente e como destacar a singularidade de cada territorio e evitar duplicidades (ex.: museos do mar que repiten contidos).
Insístese na necesidade de fomentar o uso do patrimonio marítimo, e converténdoo nun patrimonio vivo e atractivo para as novas xeracións.
Incídese na idea de simplificar os mecanismos de xestión, clarificando os roles de cada Administración e minimizando a burocracia.

Marusía

Marejada



Mesa participativa Golfo Ártabro Norte e Sur

Mesa participativa Golfo Ártabro Norte y Sur

Barlovento



Participantes



Evento

Jueves, 21 de abril de 2022, de 11.00 h a 13.30 h

Casa del Pescador de Miño

Barlovento

El clima grupal de esta mesa fue algo agitado. Hubo inquietud por parte de algunas personas respecto al sentido del proceso participativo, y se manifestó interés por mantener el contacto una vez finalizado el evento. Parece que existió cierta confusión en los roles; sobre todo por parte del anfitrión experto; quieren ser agentes activos pero puede que no comprendan bien su papel.

Las personas participantes contaban con una amplia experiencia en relación con la cultura marítima, perfiles diversos y con mucha trayectoria, lo cual resultó enriquecedor para el espacio e hizo que la primera parte de la mesa cobrara más entidad.

Evento

Xoves, 21 de abril de 2022, de 11.00 h a 13.30 h

Casa do Pescador de Miño

Barlovento

O clima do grupo desta mesa foi algo axitado. Houbo inquedanzas nalgunhas persoas respecto do sentido do proceso participativo, e manifestouse interese por manter o contacto unha vez finalizado o evento. Parece que existiu certa confusión cos roles, sobre todo por parte do anfitrión experto; queren ser axentes activos, pero pode ser que non comprendan ben o seu papel. As persoas participantes contaban cunha ampla experiencia en relación coa cultura marítima, perfís moi diversos e con moita traxectoria, algo que resultou enriquecedor para o espazo e fixo que a primeira parte da mesa cobrase mais entidade.

Marejada

En la mesa del Golfo Ártabro salió la cuestión de la sostenibilidad en diversos ámbitos, como la protección del borde litoral y la biodiversidad. Esta cuestión fue puesta en relación con las políticas mundiales en defensa del medio marítimo.

La relación entre lo global y lo local también tuvo fuerza, dando pie a debates sobre si poner el foco en el análisis y defensa de lo más próximo, o en consonancia con los objetivos de desarrollo sostenible (ODS). No parece que sean dos caminos opuestos, como declararon algunas voces en la propia mesa.

La dimensión educativa estuvo presente; se defendió en varias ocasiones la necesidad de incluir contenidos vinculados a la cultura marítima en los currículums escolares y en la oferta de actividades culturales a niños y niñas y a familias.

Marusía

Na mesa do golfo Ártabro, tivo espazo a cuestión da sustentabilidade en diversos ámbitos, como a protección do bordo litoral e a biodiversidade. Esta cuestión foi posta en relación coas políticas mundiais en defensa do medio marítimo.

A relación entre o global e o local tamén tivo peso e deu pé a debates sobre se poñer o foco na análise e na defensa do máis próximo ou na consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Non semella que sexan dous camiños opostos, como declararon algunhas voces no propia mesa.

A dimensión educativa estivo presente e defendeuse en varios momentos do espazo a necesidade de incluír contidos vinculados á cultura marítima nos currículos escolares e na oferta de actividades culturais dirixidas aos nenos e nenas e ás familias.

Marusía

Marejada



Mesa participativa Seo de Fisterra e ría de Muros e Noia. Costa sostible

Mesa participativa Seno de Fisterra y ría de Muros y Noia. Costa sostenible

Barlovento



Participantes



Evento

Jueves, 12 de mayo de 2022, de 17.00 h a 19.30 h

Museo do Mar de Muros (Fábrica de Sel)

Barlovento

El clima grupal general fue muy bueno. La gente estaba implicada, con muchas ganas de compartir. Salieron reflexiones muy interesantes y profundas, muestra de la implicación emocional de las personas asistentes. Los tiempos de participación y habla ajustaban un poco el ambiente reflexivo, ya que las personas aún tenían ganas de seguir compartiendo. Cabe destacar que muchas de las personas asistentes, una vez que finalizó la sesión, intercambiaron sus contactos para posibles colaboraciones.

Una sesión para compartir saber, sentir y tejer redes.

Evento

Xoves, 12 de maio de 2022, de 17.00 h a 19.30 h

Museo do Mar de Muros (Fábrica de Sel)

Barlovento

O clima xeral foi moi bo. A xente estaba implicada, con moitas ganas de compartir. Saíron reflexións moi interesantes e profundas, mostra da implicación emocional das persoas asistentes. Os tempos de participación e fala axustaban un pouco o ambiente reflexivo, xa que as persoas tiñan aínda ganas de seguir compartindo. Convén salientar que moitas das persoas asistentes, unha vez que finalizou a sesión, intercambiaron os seus datos de contacto para posibles colaboracións.

Unha sesión para compartir coñecementos, sentir e tecer redes.

Marejada

En esta mesa había mucha preocupación por cuestiones relacionadas con la pérdida de la tradición, en particular atendiendo a las embarcaciones tradicionales y la carpintería de ribera. Esta pérdida de tradición se enlazaba con la problemática sobre el relevo generacional, una cuestión que no está siendo abordada de manera fructífera y que provoca muchísima preocupación: "si no hay jóvenes, ¡esto muere!".

Salieron cuestiones sobre la identidad, sobre lo que implica ser de costa, y se compartieron reflexiones tan significativas como que mucha gente "ve el mar como una fuente de ingresos y en realidad es una fuente de vida, ante todo" y que, por desgracia, "vivimos de espaldas al mar".

También es destacable la puesta en valor de la sabiduría popular de las personas mayores, desde una perspectiva de género y sostenibilidad.

Cabe mencionar una reflexión de una de las personas asistentes, que escribe "Más que proteger, me gusta el verbo salvaguardar: implica pensar en la cultura como algo vivo en el presente. Proteger implica fosilizar lo que se pretende revitalizar".

Marusía

Nesta mesa había moita preocupación por cuestións relacionadas coa perda da tradición, en particular coas embarcacións tradicionais e a carpintaría de ribeira. Esta perda da tradición enlazaba coa problemática sobre a remuda xeracional, unha cuestión que non está a ser abordada dun xeito frutífero e que provoca moitísima preocupación: "Se non hai xente nova, isto morre!".

Saíron cuestións sobre a identidade, sobre o que implica ser de costa e compartíronse reflexións tan significativas como que moita xente "ve o mar como unha fonte de ingresos e, en realidade, primeiro é unha fonte de vida" e que, por desgraza "vivimos de costas ao mar".

Tamén convén salientar a posta en valor da sabedoría popular das persoas maiores desde unha perspectiva de xénero e sustentabilidade.

É importante mencionar a reflexión dunha das persoas asistentes, que escribe: "Máis que protexer, gústame o verbo salvagardar, xa que este implica pensar na cultura como algo vivo no presente. Protexer implica fosilizar o que se pretende revitalizar".

Marusía

Marejada



Mesa participativa A Costa da Morte

Mesa participativa A Costa da Morte

Barlovento



Participantes



Evento

Jueves, 19 de mayo de 2022, de 17.00 h a 19.30 h

Faro del Cabo Vilán

Barlovento

El clima grupal fue bueno. A pesar de que habían faltado bastantes personas, las asistentes estaban muy involucradas en la conversación y se creó un espacio distendido donde hablar por grupos de una manera muy natural, a veces olvidando la necesidad de escribir las ideas. Hubo lugar incluso para el debate, aunque las personas compartían las mismas preocupaciones, como la necesidad de tejer redes con posibles futuros proyectos.

Durante la reunión, también se detectó el entusiasmo de las personas, a las que se les ocurrían ideas para llevar a cabo a medida que se señalaban necesidades y posibles acciones. La gente se marchó realmente contenta.

Evento

Xoves, 19 de maio de 2022, de 17.00 h a 19.30 h

Faro do Cabo Vilán

Barlovento

O clima do grupo foi bo. A pesar de que faltaron bastantes persoas, as que asistiron estaban moi involucradas na conversación e creouse un espazo distendido onde se falou por grupos dunha maneira moi natural, ás veces esquecendo a necesidade de escribir as ideas. Houbo lugar incluso para o debate, aínda que as persoas compartían as mesmas preocupacións, como a necesidade de tecer redes con posibles proxectos futuros.

Durante a reunión tamén se detectou o entusiasmo das persoas que tiñan ideas para desenvolver, a medida que se sinalaban as necesidades e as posibles accións. A xente marchou realmente contenta.

Marejada

En esta mesa, como en otras, también se hizo hincapié en el tema del traspaso generacional, y se relaciona con la propia amplitud del término "cultura". Las mujeres y los hombres del mar son memoria viva y para tener futuro tienen que seguir trabajando. Este concepto de cultura es distinto a cuando nos referimos al patrimonio cultural material, que puede ser protegido con acciones concretas para que perviva en el tiempo. Son dos mares distintos que convergen, pero precisan de estrategias totalmente diferentes. Salen cuestiones relativas a la identidad. Hablando de esta memoria viva, los asistentes comparten esta gran preocupación poniendo de manifiesto la importancia de las historias y las personas, defendiendo que lo más importante es proteger. Por otro lado, cabe destacar los naufragios como parte de la historia de este territorio, muy ligada a todo su patrimonio (sumergido, inmaterial...).

Marusía

Nesta mesa, como noutras, tamén se fixo fincapé no tema do traspaso xeracional, que se relaciona coa propia amplitude do termo "cultura". As mulleres e os homes do mar son unha memoria viva e, para teren futuro, precisan seguir traballando. Este concepto de cultura é distinto a cando nos referimos ao patrimonio cultural material, que pode ser protexido con accións concretas para que perdure no tempo. Son dous mares distintos que converxen, pero precisan de estratexias totalmente diferentes. Saen cuestións relativas á identidade. Falando desta memoria viva, as persoas asistentes comparten esta gran preocupación, poñendo de manifesto a importancia das historias e das xentes, e defenden que o máis importante é a súa protección. Por outra banda, cabe destacar os naufraxios como parte da historia deste territorio, moi ligada a todo o seu patrimonio (somerxido, inmaterial...).

Marusía

Marejada



Mesa participativa Ría de Pontevedra

Mesa participativa Ría de Pontevedra

Barlovento



Participantes



Evento

Miércoles, 25 de mayo de 2022, de 17.00 h a 19.30 h

Museo Massó de Bueu

Barlovento

El clima grupal fue intenso. Participó mucha gente con muchísimas ideas y ganas de comentar. En algunos momentos ciertas personas ejercieron el liderazgo de una forma muy evidente y en otros primó el diálogo e intercambio de ideas. Echamos en falta algo más de tiempo, para tratar determinados temas, para exponer puntos en común y para debatir al respecto.

Evento

Mércores, 25 de maio de 2022, de 17.00 h a 19.30 h

Museo Massó de Bueu

Barlovento

O clima do grupo foi intenso. Participou moita xente con moitísimas ideas e ganas de comentalas. Nalgúns momentos certas persoas exerceron o liderado dun xeito moi evidente e noutros primou o diálogo e o intercambio de ideas. Percibimos a falla de algo máis de tempo, para tratar determinados temas, para expoñer puntos en común e para debater ao respecto.

Marejada

Durante esta mesa participativa, como sucedió en el resto, se manifestó la gran preocupación del relevo generacional, relacionado directamente con la memoria viva y el sentimiento de identidad o pertenencia. Esta identidad se relacionaba con la tradición y la artesanía, y se comentó como carecterística de nuestra cultura el saber hacer de las cosas (las embarcaciones tradicionales, el marisqueo, la pesca de bajura...), desde esa tradición y ese respeto por el mar y su sostenibilidad.

Otras cuestiones de relevancia fueron las relaciones con la Administración y la necesidad de que se pongan en práctica políticas públicas en pro de la defensa y promoción de la cultura marítima.

Por otro lado, salieron cuestiones relacionadas con la memoria histórica, en concreto la memoria de las mujeres y la necesidad de conocer la labor de las generaciones que consiguieron derechos, dignificar y profesionalizar un oficio como el marisqueo.

Es muy importante saber de dónde venimos y que ese buen hacer perdure en las generaciones venideras, ya que, si la gente no comprende la historia y no conoce el trabajo, no se va a implicar.

Marusía

Durante esta mesa participativa, como sucedeu no resto, manifestouse a gran preocupación pola remuda xeracional, relacionada directamente coa memoria viva e co sentimento de identidade e pertenza. Esta identidade relacionouse coa tradición e a artesanía, e comentouse como característica da nosa cultura o xeito de facer as cousas (as embarcacións tradicionais, o marisqueo, a pesca de baixura...), desde esa tradición e ese respecto polo mar e a súa sustentabilidade.

Outras cuestións de relevancia foron as relacións coa Administración e a necesidade de que se poñan en práctica políticas públicas a prol da defensa e promoción da cultura marítima.

Por outro lado, saíron cuestións relacionadas coa memoria histórica, en concreto a memoria das mulleres e a necesidade de coñecer o labor das xeracións que conseguiron dereitos, dignificaron e profesionalizaron un oficio como o marisqueo. É moi importante saber de onde vimos e que ese bo facer perdure nas vindeiras xeracións, xa que, se a xente non comprende a historia e non coñece o labor, non se vai implicar.

Marusía

Marejada



Mesa participativa Ría de Arousa

Mesa participativa Ría de Arousa

Barlovento



Participantes



Evento

Jueves, 26 de mayo de 2022, de 17.00 h a 19.30 h

Pazo de Vista Real, Vilanova de Arousa

Barlovento

Esta mesa, de las más numerosas, resultó un espacio acogedor y donde emergieron muchas aportaciones desde ámbitos diversos. Cada grupo tenía unas preocupaciones concretas, aunque también otras compartidas, sobre las que trabajaron de forma muy fructífera. Cabe destacar que, a pesar de la cantidad de gente, se dio un diálogo y una escucha profunda, incluso con aplausos tras cada intervención. La gente tenía muchas ganas de compartir reflexiones. El momento final, con los pinchos ofrecidos para concluir, generó también un espacio de mucha comunicación, de provecho recíproco.

Evento

Xoves, 26 de maio de 2022, de 17.00 h a 19.30 h

Pazo de Vista Real, Vilanova de Arousa

Barlovento

Esta mesa, das máis numerosas, resultou ser un espazo acolledor onde emerxeron moitas achegas desde ámbitos diversos. Cada grupo tiña unhas preocupacións concretas (aínda que tamén outras compartidas) sobre as que traballaron de forma moi frutífera. Convén salientar que, a pesar da cantidade de xente, se deu un diálogo e unha escoita profunda, mesmo con aplausos tras cada intervención. A xente tiña moitas ganas de compartir reflexións. O momento final, cos petiscos ofrecidos para concluír, xerou tamén un espazo de moita comunicación, de proveito recíproco.

Marejada

Como observamos en el resto de los temas, las preocupaciones que se comparten una y otra vez están relacionadas con el relevo generacional y la conservación de la cultura tradicional. Particularmente, en esta reunión, se destacó la necesidad de mejorar la accesibilidad en el sentido más amplio de la palabra, teniendo en cuenta no solo la dimensión física, sino también psíquica y la emocional.

Se señaló también la obligación ciudadana de exigir a las administraciones que realicen planes idóneos, y se puso de manifiesto la importancia de la naturaleza, ya que, apuntaron varios espacios de patrimonio natural que consideraron fundamentales desde el ecologismo, destacando las urgentes atenciones respecto a las especies invasoras.

Marusía

Como observamos no resto dos temas, as preocupacións que se comparten unha e outra vez están relacionadas coa remuda xeracional e coa conservación da cultura tradicional. Nesta reunión, en particular, subliñouse a necesidade de mellorar a accesibilidade no sentido máis amplo da palabra, tendo en conta non só a dimensión física, senón tamén a psíquica e a emocional.

Sinalouse tamén a obriga cidadá de lles esixir ás administracións que realicen plans idóneos e púxose de manifesto a importancia da natureza, xa que, apuntaron varios espazos do patrimonio natural que consideraron fundamentais desde o ecoloxismo, destacando as urxentes atencións respecto das especies invasoras.

Marusía

Marejada



Mesa participativa Ría de Vigo-A Guarda

Mesa participativa Ría de Vigo-A Guarda

Barlovento



Evento

Miércoles, 8 de junio de 2022, de 17.00 h a 19.30 h

Sede del Parque Nacional de las Islas Atlánticas en Vigo

Barlovento

Hubo mucho debate en torno a diversos temas (principalmente el mencionado sobre las responsabilidades y las acciones por parte de las administraciones), pero todo desde un tono amable y constructivo. Se notaban las ganas de debatir desde una visión integradora, defendiendo las propias ideas y convicciones, pero escuchando y valorando las intervenciones del resto del grupo. Fue gratificante constatar cómo personas con posturas distintas ante cuestiones que provocan tantas emociones, escuchan y acaban por compartir motivaciones y anhelos, ya que, en el fondo, todas y todos en la mesa tienen un deseo: la defensa de la cultura marítima.

Participantes



Evento

Mércores, 8 de xuño de 2022, de 17.00 h a 19.30 h

Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Vigo

Barlovento

Houbo moito debate arredor de diversos temas (principalmente o mencionado sobre as responsabilidades e mais as accións por parte das administracións), pero todo desde un ton amable e construtivo. Notábanse as ganas de debater desde unha visión integradora defendendo as propias ideas e convicción, pero escoitando e valorando as intervencións do resto do grupo.

Foi gratificante constatar como as persoas con posturas distintas ante cuestións que provocan tantas emocións escoitan e acaban compartindo motivacións e arelas, xa que no fondo todas e todos na mesa teñen un soño: a defensa da cultura marítima.

Marejada

En esta mesa surgieron temas relevantes como la carpintería de ribera o la gran problemática del relevo generacional. Se habló del léxico, de los oficios, y de la gran necesidad de poner solución antes de que perdamos todo. También de autoestima y la falta de educación de la ciudadanía respecto a nuestra cultura marítima y puesta en valor de nuestra identidad, principalmente desde las instituciones de aprendizaje. Destacó el debate en torno a las responsabilidades y capacidad de actuación, y hubo cierta crítica al hablar de la acción de la clase política, pero también hay una defensa de todas aquellas cosas que se consiguieron gracias a la voluntad de las personas que tenían poder para llevarlas a cabo. Se habló mucho del movimiento asociativo, del riesgo que implica demorar acciones urgentes en pro de la conservación de saberes y tradiciones, cuya pérdida, en general en el ámbito de la cultura gallega, puede ser inminente y definitiva.

Se dejó claro un sentimiento compartido de que todos estamos en el mismo barco, que se debe ser positivo y seguir remando para llegar a un puerto en el que, compartiendo nuestras habilidades, saberes y recursos, mantengamos todo lo posible de esta cultura marítima, que es parte de nuestra identidad y, por tanto, parte de nosotros.

Marusía

Nesta mesa xurdiron temas relevantes como a carpintaría de ribeira ou a gran problemática da remuda xeracional. Falouse do léxico e dos oficios e da gran necesidade de poñer unha solución antes de que perdamos todo. Tamén da autoestima, da falta de educación da cidadanía respecto da nosa cultura marítima e a posta en valor da nosa identidade, principalmente desde as institución de ensino. Destacou o debate arredor das responsabilidades e da capacidade de actuación, e houbo certa crítica ao falar da acción da clase política, mais tamén unha defensa de todas aquelas cousas que se conseguiron grazas á vontade das persoas que tiñan un poder para levalas a cabo. Falouse moito do movemento asociativo, do risco que implica demorar accións urxentes en prol da conservación de saberes e tradicións, cuxa perda, en xeral no ámbito da cultura galega, pode ser inminente e definitiva.

Sacouse en claro o sentimento compartido de que estamos todos e todas no mesmo barco, que debemos ser positivos, e seguir remando para chegar a un porto no que, compartindo as nosas habilidades, saberes e recursos, manteñamos todo o posible desta cultura marítima, que é parte da nosa identidade e, por tanto, parte de nós.

Marusía

Marejada



Nome do proxecto	Ano de convocatoria	Zona GALP	Resumo	Tipo de produto

Ficha formato Excel

Elaborouse unha ficha en formato Excel con información específica e unificada, á espera de que cada grupo decidise e cubrise, desde a súa experiencia, os proxectos que encaixasen.



Solicitude de información á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Proceso de estudo

Analizouse o seu contido e clasificáronse e cuantificáronse os diferentes proxectos.
Iniciouse o proceso de estudo cruzando os datos das especificacións xa solicitadas coas seguintes: obxectivo estratéxico, obxectivo específico, acción e produto, co fin de determinar cales se poderían relacionar coas estratexias do primeiro borrador do Plan.

Proxectos destacados

Tras esta reflexión e análise conxunta, considérase que no eido global hai proxectos destacables non polos seus resultados, os cales non foron estudados, senón polos obxectivos que persegue, o que constitúe unha base importante, xa que serve de exemplo para repetir noutras áreas ou como camiños interesantes en relación co obxectivo xeral do Plan: a activación e a preservación da cultura marítima.

- Divulgación
- Inclusión
- Musealización
- Rehabilitación
- Fondos históricos
- Oficios
- Igualdade de xénero
- Dinamización
- Posta en valor
- Rede museística

Nome do proxecto	Ano de convocatoria	Zona GALP	Resumo	Tipo de produto	Obxectivo xeral	Obxectivo específico	Accións	Produtos

Análise de proxectos subvencionados polos GALP

Análisis de proyectos subvencionados por los GALP

Los GALP son asociaciones sin ánimo de lucro que permiten un desarrollo participativo, integrando agentes locales vinculados al sector pesquero y colaborando con la Consellería del Mar en la gestión y distribución de los fondos europeos (FEMP). Cada grupo elabora una estrategia (EDLP) a través de la que conceden ayudas (subvenciones) que se dividen de inicio en dos grandes estructuras: las inversiones productivas (empresas y empleo) y las no productivas (promoción o estudios). Centrándose en la última estrategia, desde el año 2014 hasta el 2021, se han desarrollado una amplia cantidad y variedad de proyectos vinculados directamente con el territorio de su área de influencia, con la puesta en común de diversos valores que fortalecen, dinamizan y difunden las actividades relacionadas con el sector pesquero. Desde el primer momento, en el proceso de diagnóstico de la situación de la cultura marítima, se vio como necesario articular un sistema de revisión de los proyectos generados hasta el momento a lo largo de la costa, aquellos vinculados desde la perspectiva de la cultura y el patrimonio, para establecer un mapeado de la situación actual y las consecuencias para la realización de los objetivos del Plan.

Metodología

El desarrollo del proceso de análisis partía con el objetivo de asegurar la colaboración de los propios GALP, por lo que se realizó una solicitud ante la Dirección General de Desarrollo Pesquero para disponer de la documentación de los proyectos comprendidos entre 2016 y 2021 (este periodo solo comprende las convocatorias GALP y no las anteriores realizadas por los GAC) que estuvieran relacionados con la cultura marítima, la cual fue remitida a las ocho zonas para su cumplimentación. Se elaboró una ficha en formato Excel con información específica y unificada a la espera de que cada grupo decidiese, desde su experiencia, cubrirla con los proyectos que encajarían.

Os GALP son asociacións sen ánimo de lucro que permiten un desenvolvemento participativo, dado que integran axentes locais vinculados ao sector pesqueiro, e colaboran coa Consellería do Mar na xestión e distribución dos fondos europeos (FEMP). Cada grupo elabora unha estratexia (EDLP) a través da que se conceden axudas (subvencións) que se dividen de inicio en dúas grandes estruturas: os investimentos produtivos (empresas e emprego) e os non produtivos (promoción ou estudos). Se reparamos na última estratexia, desde o ano 2014 ata 2021, desenvolvéronse unha ampla cantidade e variedade de proxectos vinculados directamente co territorio da súa área de influencia, coa posta en común de diversos valores que fortalecen, dinamizan e difunden as actividades relacionadas co sector pesqueiro. Desde o primeiro momento, no proceso de diagnóstico da situación da cultura marítima, viuse como necesario o feito de articular un sistema de revisión dos proxectos xerados ata o momento ao longo da costa, aqueles vinculados desde a perspectiva da cultura e do patrimonio, para establecer un mapeamento da situación actual e as consecuencias para a realización dos obxectivos do Plan.

Metodoloxía

O desenvolvemento do proceso de análise partía co obxectivo de asegurar a colaboración dos propios GALP, polo que se presentou unha solicitude á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para dispoñer da documentación dos proxectos comprendidos entre o 2016 e 2021 (este período só comprende as convocatorias GALP e non as anteriores realizadas polos GAC) que estivesen relacionados coa cultura marítima, que foi remitida ás oito zonas. Elaborouse unha ficha en formato Excel con información específica e unificada, á espera de que cada grupo decidise, desde a súa experiencia, cubrila cos proxectos que encaixarían.


ZONA 2
Ártabro Norte
7 Proxectos
ZONA 3
A Costa da Morte
8 Proxectos
ZONA 4
Costa Sostible
9 Proxectos
ZONA 1
A Mariña-Ortegal
44 Proxectos
ZONA 5
Ría de Arousa
20 Proxectos
ZONA 8
Ártabro Sur
13 Proxectos
ZONA 6
Ría de Pontevedra
7 Proxectos
ZONA 7
Ría de Vigo-A Guarda
8 Proxectos

Cada grupo achegou a información solicitada dos proxectos que baixo os seus criterios encaixan co requirido, polo que, unha vez recibidas as fichas das oito zonas, se analizou o seu contido e clasificáronse e cuantificáronse os diferentes proxectos. A distribución xeográfica dos proxectos en cuestión é bastante similar, agás en A Mariña-Ortegal, con máis de corenta, clasificados en EDLP Promotores, Cooperación e Actividades de animación.

En primeiro lugar, iniciouse o proceso de estudo cruzando os datos das especificacións xa solicitadas coas seguintes: obxectivo estratéxico, obxectivo específico, acción e produto, co fin de determinar cales se poderían relacionar coas estratexias do primeiro borrador do Plan. Pola súa vez, procedeuse a obter un diagnóstico da situación concreta de cada área, así como das relacións existentes entre elas. En segundo lugar, realizouse unha clasificación baseándose na temática dos produtos establecidos no primeiro marco preliminar do Plan, de decembro de 2021, co fin de cuantificar os proxectos segundo cada área e de determinar onde houbo unha maior énfase. Tras esta reflexión e análise conxunta, considérase que no eido global hai proxectos destacables non polos seus resultados, os cales non foron obxecto de estudo, senón polos obxectivos que persegue, o que constitúe unha base importante, xa que serve de exemplo para repetir noutras áreas ou como camiños interesantes en relación co obxectivo xeral do Plan: a activación e a preservación da cultura marítima.

Os obxectivos estratéxicos que consideramos claves para a activación da cultura marítima, e sobre os que trataremos nos capítulos posteriores e que son a base deste plan, comparten un mesmo rumbo, que empeza a percibirse como unha base, isto é, desde unha perspectiva inicial e con visos de mellora, nun resumo de proxectos que describimos, e cremos que se deberían repetir, ampliar, transvasar da zona ou ter unha pegada maior no continuo do tempo. Sendo consecuentes e considerando que moitos máis poderían ser exemplificantes, estes descritos a continuación falan de puntos necesarios:

Cada grupo volcó la información solicitada de los proyectos que bajo sus criterios encajan con lo requerido, por lo que, una vez recibidas las fichas de las ocho zonas, se analizó su contenido, clasificando y cuantificando los diferentes proyectos. La distribución geográfica de los proyectos en cuestión es bastante similar, excepto en A Mariña-Ortegal, con más de cuarenta, clasificados en EDLP Promotores, Cooperación y Actividades de animación.

En primer lugar, se inició el proceso de estudio cruzando los datos de las especificaciones ya solicitadas junto con las siguientes: objetivo estratégico, objetivo específico, acción y producto, con el fin de determinar cuáles se podrían relacionar con las estrategias del primer borrador del Plan. A su vez, se procedió a obtener un diagnóstico de la situación concreta de cada área, así como de las relaciones existentes entre ellas. En segundo lugar, se realizó una clasificación en base a la temática de los productos, establecidos en el primer marco preliminar del Plan, de diciembre de 2021, con el fin de cuantificar los proyectos según cada área y determinar donde hubo mayor énfasis. Tras esta reflexión y análisis conjunto, se considera que a nivel global hay proyectos destacables no por sus resultados, los cuales no han sido objeto de estudio, si no por los objetivos que persigue, siendo base importante que sirva de ejemplo para repetir en otras áreas o como caminos interesantes en relación con el objetivo general del Plan: la activación y preservación de la cultura marítima.

Los objetivos estratégicos que consideramos claves para la activación de la cultura marítima, y sobre los que trataremos en los capítulos posteriores y que son la base de este plan, comparten un mismo fin que empieza a percibirse como una base, esto es, desde una perspectiva inicial y con visos de mejora, en un resumen de proyectos que describimos, y creemos que se deberían repetir, ampliar, trasvasar de zona o tener una huella mayor en el continuo del tiempo. Siendo consecuentes y considerando que muchos más podrían servir de ejemplo, estos descritos a continuación hablan de puntos necesarios:

• Mares de cultura: os nenos e o mar. Traballa a campaña escolar de divulgación dos recursos do mar da Mariña-Ortegal, dirixida a escolares de entre 8 e 15 anos dos centros educativos do territorio. O seu obxectivo é a sensibilización e a divulgación dos valores e dos recursos do mar, a través dun completo programa durante todo o calendario escolar. Este proxecto levouse a cabo durante dous cursos escolares consecutivos.

• Un mar de ilusión: Trata a inclusión como o gran fin mediante un vídeo e un libro adaptado a persoas con diversidade funcional, onde se especifican as principais familias de fauna mariña e como diferencialas.

• Proxecto de musealización da lonxa de Laxe: Valóranse as actuacións de mellora no edificio da lonxa de Laxe para adecualo a visitas turísticas. É un espazo de interpretación da cultura mariñeira que lles dá visibilidade aos produtos da pesca costeira artesanal e aos seus mariñeiros. Destacamos o principal valor na realización de visitas, tanto libres como guiadas, co apoio do persoal da confraría.

• Rehabilitación do Estaleiro Tradicional Ciprián e Roteiro dos carpinteiros con pés mollados: Trátase da rehabilitación da carpintaría de ribeira de Ciprián en Outes, como punto clave do patrimonio marítimo e novo exemplo de arquitectura contemporánea, así como da creación dun proxecto museográfico con relación á posta en valor da carpintaría de ribeira para o uso cultural e educacional. É un proxecto que convive coa creación dunha ruta e a súa dinamización que implica a visualización de dous estaleiros que se conservan en bo estado e nos que se pode apreciar a pegada destas carpintarías que ao longo do século XX estiveron vencelladas ao mar.

• Proxecto para a recuperación e posta en valor dos fondos históricos: Con este proxecto catalogáronse, dixitalizáronse e compartíronse en liña documentos históricos, como fotografías, publicacións de hemeroteca e actas, vencellados á Confraría San Telmo de Porto do Son.

• Mares de cultura: los niños y el mar. Trabaja la campaña escolar de divulgación de los recursos del mar de A Mariña-Ortegal, dirigida a escolares de entre 8 y 15 años de los centros educativos del territorio. El objetivo era la sensibilización y divulgación de los valores y de los recursos del mar, a través de un programa completo durante todo el calendario escolar. Este proyecto se llevó a cabo durante do cursos escolares consecutivos.

• Un mar de ilusión: Hablar de la inclusión como el gran fin mediante un vídeo y libro adaptados a las personas con diversidad funcional donde se especifiquen las principales familias de fauna marina y cómo diferenciarlas.

• Proyecto de Musealización de la lonja de Laxe: Se valoran las actuaciones de mejora en el edificio de la lonja de Laxe para adecuarlo a visitas turísticas, espacio de interpretación de la cultura marinera y dar visibilidad a los productos de la pesca costera artesanal y sus marineros. Destacamos el principal valor en la realización de visitas, tanto libres como guiadas, con apoyo del personal de la cofradía.

• Rehabilitación del Astillero Tradicional Ciprián y Ruta de los carpinteros con pies mojados: Rehabilitación de la carpintería de ribera de Ciprián en Outes como punto clave del patrimonio marítimo y nuevo ejemplo de arquitectura contemporánea, así como la creación de un proyecto museográfico en relación con la puesta en valor de la carpintería de ribera para el uso cultural y educacional. Proyecto que convive con la creación de una ruta y su dinamización que implica la visualización de dos astilleros que se conservan en buen estado y en los que se puede apreciar la huella de estas carpinterías que a lo largo del siglo XX estuvieron vinculadas al mar.

• Proyecto para la recuperación y puesta en valor de los fondos históricos: Se pretende catalogar, digitalizar y compartir documentos históricos, como fotografías, publicaciones de hemeroteca y actas, vinculados a la Cofradía San Telmo de Porto do Son.

• *Pesca en la Ría: Cultura y tradición*: Este documental perseguía el objetivo de asegurar la transferencia de los conocimientos de los "viejos del mar" vinculados a los oficios (artes de pesca, tipologías de embarcaciones tradicionales, carpintería de ribera, festejos, etc.), con especial atención al papel tradicional de la mujer (mariscadoras, rederas, pescaderas, etc.).

• "El mar también tiene mujeres": Se trata de una exposición fotográfica itinerante que recoge la historia de las mariscadoras, las rederas, las *carrexonas*, las *percebeiras*, las pescaderas, las trabajadoras de la salazón y la conserva, las *bateeiras* y, en general, de las mujeres que dedicaron su vida a las tareas del mar en los municipios de Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal y A Guarda.

• Dinamización de las embarcaciones tradicionales a través de las nuevas tecnologías: Dentro de este proyecto se creó la web del proyecto Mar de Velas, que permita la comunicación, divulgación y gestión de la infraestructura que alberga la flota del CM A Reiboa de manera activa y dinámica, ofreciendo servicios a la comunidad y en colaboración estrecha con la programación de actividades y oferta turística del ayuntamiento de Poio.

• Morada atlántica + Espacio atlántico: Se trata de un proyecto conjunto entre zonas. Destacado por la puesta en valor de la cultura y el patrimonio material e inmaterial marinero, utilizando como hilo conductor la gastronomía y la cultura marinera, bajo una esfera experiencial, emocional y relacional, que convierta la oferta turística de las zonas costeras del espacio atlántico en un singular mercado de emociones.

• Jornada de formación y orientación de los oficios del mar y relevo generacional: Hay que destacar el fondo de la propia jornada, donde se dio información sobre los principales oficios relacionados con el mar y las salidas laborales que puede proporcionar a los jóvenes para conseguir el tan ansiado relevo generacional.

• Pasaporte Rema: Ejemplo de trabajo coordinado entre zonas que busca dinamizar los espacios de la Red Rema, y difundir el contenido museístico de la red, mostrándolos de una manera atractiva, interactiva y divertida para acercar a la gente más joven a su acervo cultural marinero.

• *Pesca na Ría: Cultura e tradición*: Este documental persegue o obxectivo de asegurar a transferencia dos coñecementos dos "vellos do mar" vinculados aos oficios (artes de pesca, tipoloxías de embarcacións tradicionais, carpintaría de ribeira, festexos etc.), con especial atención ao papel tradicional da muller (mariscadoras, redeiras, peixeiras etc.).

• "O mar tamén ten mulleres": Trátase dunha exposición fotográfica itinerante que recolle a historia das mariscadoras, das redeiras, das carrexonas, das percebeiras, das peixeiras, das traballadoras da salgadura e da conserva, das bateeiras, en xeral, das as mulleres que dedicaron a súa vida ás tarefas do mar nos municipios de Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda.

• Dinamización das embarcacións tradicionais a través das novas tecnoloxías: No marco deste proxecto, creouse a web do proxecto Mar de Velas, que permite a comunicación, divulgación e xestión da infraestrutura que alberga a frota do CM A Reiboa de xeito activo e dinámico, ofrecendo servizos á comunidade e en colaboración estreita coa programación de actividades e oferta turística do concello de Poio.

• Morada atlántica + Espazo atlántico: Trátase dun proxecto conxunto entre zonas. Saliéntase pola posta en valor da cultura e do patrimonio material e inmaterial mariñeiro e utilízase como fío condutor da gastronomía e da cultura mariñeira, baixo unha esfera experiencial, emocional e relacional que converte a oferta turística das zonas costeiras do espazo atlántico nun singular mercado de emocións.

• Xornada de formación e orientación dos oficios do mar e remuda xeracional: Hai que destacar o fondo da propia xornada, onde se deu información sobre os principais oficios relacionados co mar e coas saídas laborais que lle pode proporcionar á xuventude para conseguir a tan ansiada remuda xeracional.

• Pasaporte Rema: É un exemplo de traballo coordinado entre zonas que busca dinamizar os espazos da rede Rema e difundir o contido museístico da rede, mostrándoos dunha maneira atractiva, interactiva e divertida para achegar a xente máis nova ao seu acervo cultural mariñeiro.

Debilidades

1. Desconocimiento de la existencia de patrimonio sumergido. Falta de divulgación.
2. Las embarcaciones tradicionales son actualmente más caras de fabricar que las modernas.
3. Falta de protección efectiva del litoral, así como de una visión global de los ecosistemas marinos.
4. Desconocimiento sobre los elementos patrimoniales marítimos, incluso a nivel local.
5. Menor productividad y costes más altos a corto plazo de la pesca tradicional.
6. Repetición de contenido en los museos. Falta de coordinación entre ellos.
7. La pequeña escala de los ámbitos hace la cultura local más susceptible a fenómenos agresivos como la despoblación.
8. Edad avanzada de la gente del mar.
9. Menor productividad a corto plazo de los oficios tradicionales. Vestigios de poco reconocimiento hacia el trabajo de las mujeres.

Amenazas

1. Paso del tiempo. Furtivismo de objetos de los pecios. Pesca industrial.
2. Pérdida de los conocimientos de la construcción de embarcaciones tradicionales debido a la falta de relevo generacional.
3. Presión urbanística elevada, especialmente en el golfo Ártabro y en las Rías Bajas. Cambios climáticos. Turistificación masiva.
4. Degradación de las estructuras por el paso del tiempo o mal uso de las mismas. Desarrollos modernos que obvian estas preexistencias.
5. Elementos invasivos que desvirtúan las artes de pesca. Falta de relevo generacional.
6. Falta de financiación presente o futura.
7. Pérdida de cultura local si al recogerla no se hace un estudio en detalle de todos los lugares.
8. Olvido de la memoria y cultura de la gente del mar debido a la avanzada edad de esta y a la falta de transmisión a las generaciones nuevas.
9. Pérdida de los oficios por el relevo de estos por otros modernos.

Fortalezas

1. Existencia de abundante patrimonio sumergido.
2. Larga tradición de construcción de embarcaciones de madera. Carpinterías de ribera.
3. Medio litoral de elevada riqueza natural y paisajística.
4. Existencia de un gran número de elementos patrimoniales marítimos conservados en alto grado.
5. Artes tradicionales de pesca sostenibles con mayor respeto del medio ambiente del que la pesca industrial.
6. Existencia de un elevado número de museos del mar.
7. Riqueza de la cultura local con muchas particularidades en cada caso.
8. Memoria viva. Gran cultura del mar que posee la gente que trabajaba en él.
9. Existencia de muchos oficios tradicionales aún vivos, especialmente los realizados tradicionalmente por las mujeres.
10. Las personas que intervienen en los planes poseen unos perfiles con amplia experiencia en la cultura marítima.

Oportunidades

1. Potencial turismo subacuático y de creación de acervo museístico.
2. Recuperar embarcaciones tradicionales para la pesca comercial debido a la sostenibilidad y respeto al medio ambiente de estas.
3. La diversidad del relieve litoral es propicia para el desarrollo de actividades marítimas muy diversas.
4. Rehabilitación o aprovechamiento de elementos patrimoniales para instalaciones culturales, productivas o sociales, más allá del aprovechamiento turístico.
5. Pesca tradicional como actividad productiva que permitiría seguir viviendo del mar.
6. Creación de una red de museos sobre cultura marítima interrelacionados.
7. Refuerzo de la identidad local para implicar emocionalmente a la gente con el mar y con el lugar.
8. Creación de archivos donde se recoja el patrimonio inmaterial de los trabajadores del mar. Creación de redes intergeneracionales para la divulgación y transmisión de este patrimonio.
9. Revalorización de los oficios tradicionales para permitir el desarrollo local, así como el reconocimiento del papel de la mujer.

DAFO

DAFO

Debilidades

1. Descoñecemento da existencia de patrimonio mergullado. Falta de divulgación.
2. As embarcacións tradicionais son actualmente máis custosas de fabricar do que as modernas.
3. Falta de protección efectiva do litoral, así como dunha visión global dos ecosistemas mariños.
4. Descoñecemento sobre os elementos patrimoniais marítimos, incluso a nivel local.
5. Menor produtividade e maiores custos a curto prazo da pesca tradicional.
6. Repetición de contidos nos museos. Falta de coordinación entre eles.
7. A pequena escala dos ámbitos fai a cultura local máis susceptible a fenómenos agresivos como o despoboamento.
8. Avanzada idade da xente do mar.
9. Menor produtividade a curto prazo dos oficios tradicionais. Vestixios de baixo recoñecemento do traballo das mulleres.

Ameazas

1. Paso do tempo. Furtivismo de obxectos dos pecios. Pesca industrial.
2. Perda dos coñecementos da construción de embarcacións tradicionais debido á falta de remuda xeracional.
3. Presión urbanística elevada, especialmente no golfo Ártabro e nas Rías Baixas. Mudanzas climáticas. Turistificación masiva.
4. Degradación das estruturas polo paso do tempo ou mal uso destas. Desenvolvementos modernos que obvian estas preexistencias.
5. Elementos invasivos que desvirtúan as artes de pesca. Falta de remuda xeracional.
6. Falta de financiamento presente ou futuro.
7. Perda de cultura local se ao recollela non se fai un estudo en detalle de todos os lugares.
8. Esquecemento da memoria e cultura da xente do mar debido á avanzada idade desta e á falta de transmisión ás xeracións novas.
9. Perda dos oficios pola substitución destes por outros modernos.

Fortalezas

1. Existencia de abundante patrimonio somerxido.
2. Longa tradición de construción de embarcacións de madeira. Carpintarías de ribeira.
3. Medio litoral de elevada riqueza natural e paisaxística.
4. Existencia dun gran número de elementos patrimoniais marítimos conservados en alto grao.
5. Artes tradicionais de pesca sustentables con maior respecto do medio ambiente do que a pesca industrial.
6. Existencia dun elevado número de museos do mar.
7. Riqueza da cultura local con moitas particularidades en cada caso.
8. Memoria viva. Gran cultura do mar que posúe a xente que traballaba nel.
9. Existencia de moitos oficios tradicionais aínda vivos, especialmente os realizados tradicionalmente polas mulleres.
10. As persoas que interveñen nos plans posúen uns perfís con ampla experiencia na cultura marítima.

Oportunidades

1. Potencial turismo subacuático e de creación de acervo museístico.
2. Recuperar embarcacións tradicionais para a pesca comercial debido á sustentabilidade e respecto ao medio ambiente destas.
3. A diversidade do relevo litoral é propicia para o desenvolvemento de actividades marítimas moi diversas.
4. Rehabilitación ou aproveitamento de elementos patrimoniais para instalacións culturais, produtivas ou sociais, alén do aproveitamento turístico.
5. Pesca tradicional como actividade produtiva que permitiría seguir vivindo do mar.
6. Creación dunha rede de museos sobre cultura marítima interrelacionados.
7. Reforzo da identidade local para implicar emocionalmente a xente co mar e co lugar.
8. Creación de arquivos onde se recolla o patrimonio inmaterial dos traballadores do mar. Creación de redes interxeracionais para a divulgación e transmisión deste patrimonio.
9. Revalorización dos oficios tradicionais para permitir o desenvolvemento local, así como o recoñecemento do papel da muller.

i. 20. Parcelamento de bancos de marisqueo | Parcelación de bancos de marisqueo





06

MARCO ESTRATÉXICO
MARCO ESTRATÉGICO

06 Marco estratéxico
Marco estratégico

1 Obxectivo estratéxico 1. Obxectivos específicos e accións
Objetivo estratégico 1. Objetivos específicos y acciones
páx. 169

2 Obxectivo estratéxico 2. Obxectivos específicos e accións
Objetivo estratégico 2. Objetivos específicos y acciones
páx. 173

3 Obxectivo estratéxico 3. Obxectivos específicos e accións
Objetivo estratégico 3. Objetivos específicos y acciones
páx. 177

4 Obxectivo estratéxico 4. Obxectivos específicos e accións
Objetivo estratégico 4. Objetivos específicos y acciones
páx. 181

5 Mapa de actuación
Mapa de actuación
páx. 186

OBXECTIVO XERAL: PRESERVAR E ACTIVAR A CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

OBJETIVO GENERAL: PRESERVAR Y ACTIVAR LA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA



OBXECTIVO ESTRATÉXICO



OX.1

CONSERVAR E PROMOVER A CULTURA MARÍTIMA

nos seus diversos ámbitos e como eixe de cohesión social



OX.2

CONSTRUÍR UN SISTEMA GALEGO EN PROL DA CULTURA MARÍTIMA

mediante a converxencia de institucións, recursos e axentes



OX.3

POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR PRODUTIVO

das empresas tradicionais do mar como xeradoras de cultura



OX.4

ESTENDER O COÑECEMENTO DA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

nos ámbitos nacional e internacional

Obxectivo estratéxico 1 - OX.1

Objetivo estratégico 1 - OG.1

CONSERVAR E PROMOVER A CULTURA MARÍTIMA NOS SEUS DIVERSOS ÁMBITOS E COMO EIXE DE COHESIÓN SOCIAL

CONSERVAR Y PROMOVER LA CULTURA MARÍTIMA EN SUS DIVERSOS ÁMBITOS Y COMO EJE DE COHESIÓN SOCIAL

Obxectivos específicos - OE1.00

Objetivos específicos - OE1.00

OE1.01. Resaltar a variedade das manifestacións que conforman a cultura marítima na súa relación co territorio.

OE1.02. Sensibilizar a sociedade na comprensión da cultura marítima como xeradora dunha identidade propia.

OE1.03 Garantir a transmisión interxeracional dos saberes tradicionais vencellados á cultura marítima.

OE1.04. Estimular a conservación do patrimonio moble e inmoble.

OE1.01. Resaltar la variedad de las manifestaciones que conforman la cultura marítima en su relación con el territorio.

OE1.02. Sensibilizar a la sociedad en la comprensión de la cultura marítima como generadora de una identidad propia.

OE1.03. Garantizar la transmisión intergeneracional de saberes tradicionales vinculados a la cultura marítima.

OE1.04. Estimular la conservación del patrimonio mueble e inmueble.



OX.1 CONSERVAR E PROMOVER A CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

OE1.01. **Resaltar** ..... **Territorio**
OE1.02. **Sensibilizar** ..... **Identidade propia**
OE1.03. **Garantir** ..... **Interxeracional dos saberes tradicionais**
OE1.04. **Estimular** ..... **Patrimonio moble e inmoble**

Obxectivo específico:

OE1.01. Resaltar a variedade das manifestacións que conforman a cultura marítima na súa relación co **territorio**.

Accións:

A.01. Expoñer as especificidades do bordo litoral base da cultura marítima en relación co seu patrimonio.

A.02. Consolidar os espazos paradigmáticos que abranguen as diversas manifestacións de patrimonio marítimo galego.

A.03. Regular a localización das novas infraestruturas e protexer as existentes para evitar o impacto paisaxístico negativo nos EICM.

Obxectivo específico:

OE1.02. Sensibilizar a sociedade na comprensión da cultura marítima como xeradora dunha **identidade propia**.

Accións:

A.04. Incentivar escenarios de diálogo sobre a memoria, expresións e demais manifestacións culturais.

A.05. Definir estratexias de divulgación de coñecemento vencelladas á cultura marítima dirixidas a públicos diversos, estruturadas e ordenadas ao longo do bordo litoral.

A.06. Investigar con rigor científico o patrimonio inmaterial (talasonimia, léxico mariñeiro, cosmovisión) desde unha perspectiva histórica e sociolóxica/etnográfica.



Obxectivo específico:

OE1.03. Garantir a transmisión **interxeracional dos saberes tradicionais** vencellados á cultura marítima.

Accións:

A.07. Ampliar o coñecemento da realidade cotiá das mulleres do mar e integralo nos proxectos de posta en valor da cultura marítima.

A.08. Favorecer o cambio a unha percepción positiva das profesións tradicionais para que lles resulten atractivas ás novas xeracións.

A.09. Fomentar o ocio vencellado á cultura marítima a través de actividades atractivas e inclusivas.

A.10. Facilitar o acceso aberto da cidadanía a unha oferta conxunta da cultura marítima.

A.11. Impulsar programas educativos e culturais en colaboración coas administracións competentes (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería do Mar e/ou deputacións) para o achegamento do alumnado e do resto da sociedade á cultura marítima.

Obxectivo específico:

OE1.04. Estimular a conservación do **patrimonio moble e inmoble**.

Accións:

A.12. Poñer en valor as instalacións do bordo litoral: estaleiros, fábricas de salgadura, conserveiras, casetas de pescadores, ramplas ou estruturas menores con interese patrimonial.

A.13. Favorecer o achegamento ao patrimonio da cultura marítima a través de ferramentas dixitais con xeolocalización e vencelladas a outras plataformas como Google Maps ou Wikiloc.



OX.1

CONSERVAR E PROMOVER A CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

nos seus diversos ámbitos e como eixe de cohesión social

OBXECTIVO ESTRATÉXICO



OX.2

CONSTRUÍR UN SISTEMA GALEGO EN PROL DA CULTURA MARÍTIMA

mediante a converxencia de institucións, recursos e axentes



OX.3

POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR PRODUTIVO

das empresas tradicionais do mar como xeradoras de cultura



OX.4

ESTENDER O COÑECEMENTO DA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

nos ámbitos nacional e internacional

Obxectivo estratéxico 2 - OX.2

Objetivo estratégico 2 - OG.2

CONSTRUÍR UN SISTEMA GALEGO EN PROL DA CULTURA MARÍTIMA MEDIANTE A CONVERXENCIA DE INSTITUCIÓNS, RECURSOS E AXENTES

CONSTRUIR UN SISTEMA GALLEGO EN PRO DE LA CULTURA MARÍTIMA MEDIANTE LA CONVERGENCIA DE INSTITUCIONES, RECURSOS Y AGENTES

Obxectivos específicos - OE2.00

Objetivos específicos - OE2.00

OE2.01. Definir liñas de coordinación e actuación das administracións e entidades sobre o patrimonio e a cultura marítimos de Galicia.

OE2.02. Velar pola realización das accións do Plan da cultura marítima de Galicia e proxectar unha visión de futuro con políticas consolidadas sobre a dita cultura.

OE2.03. Xerar mecanismos estables de reflexión e iniciativas compartidas con outros actores culturais.

OE2.01. Definir líneas de coordinación y actuación de las administraciones y entidades sobre el patrimonio y cultura marítimos de Galicia.

OE2.02. Velar por la realización de las acciones del Plan de la cultura marítima de Galicia y proyectar una visión de futuro con políticas consolidadas sobre dicha cultura.

OE2.03. Generar mecanismos estables de reflexión e iniciativas compartidas con otros actores culturales.



OX.2 CONSTRUÍR UN SISTEMA GALEGO EN PROL DA CULTURA MARÍTIMA

OE2.01. **Definir** ..... **Liñas de coordinación e actuación**
OE2.02. **Velar** ..... **Realización das accións e visión de futuro**
OE2.03. **Xerar** ..... **Mecanismos estables de reflexión**

Obxectivo específico:

OE2.01. **Definir liñas de coordinación e actuación** das administracións e entidades sobre o patrimonio e a cultura marítimos de Galicia.

Accións:

A.14. Crear o Observatorio da cultura marítima.

A.15. Articular e cohesionar os resultados e as accións financiadas coa axuda dos GALP e a Consellería do Mar, así como doutras administracións e entidades, cunha perspectiva de traballo e un esquema de visión local e global, avaliando as estruturas, concluíndo cales é necesario repetir e cales non, ou axudando nos proxectos de cooperación.

A.16. Crear unha liña de traballo estratéxica e mancomunada das institucións autonómicas (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería do Mar, Axencia de Turismo de Galicia e deputacións provinciais) para establecer puntos de encontro e actuacións conxuntas e coordinadas.

A.17. Deseñar ferramentas para a catalogación integral dos elementos de patrimonio marítimo común a todos os concellos da costa.

A.18. Garantir a presenza das mulleres nas estruturas de gobernanza do ámbito marítimo (asociacións, confrarías, federacións, etc.).



Obxectivo específico:

OE2.02. **Velar pola realización das accións** do PCUMA e proxectar unha visión de futuro con políticas consolidadas sobre a dita cultura.

Accións:

A.19. Avaliar os catro obxectivos xerais e as súas accións en espazo-tempo.

A.20. Crear alianzas e redactar proxectos conxuntos coas entidades vencelladas á cultura marítima para conseguir fondos.

Obxectivo específico:

OE2.03. Xerar **mecanismos estables de reflexión** e iniciativas compartidas con outros actores culturais.

Accións:

A.21. Crear instrumentos que permitan as sinerxías de encontro e comunicación entre diferentes ámbitos e axentes para o intercambio de experiencias e o impulso de proxectos colaborativos que incorporen a innovación e a creatividade.

A.22. Conseguir patrocinios de actividades artísticas enfocadas á creación e ao fortalecemento da identidade cultural marítima.



OX.1

CONSERVAR E PROMOVER A CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

nos seus diversos ámbitos e como eixe de cohesión social



OX.2

CONSTRUÍR UN SISTEMA GALEGO EN PROL DA CULTURA MARÍTIMA

mediante a converxencia de institucións, recursos e axentes

OBXECTIVO ESTRATÉXICO



OX.3

POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR PRODUTIVO

das empresas tradicionais do mar como xeradoras de cultura



OX.4

ESTENDER O COÑECEMENTO DA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

nos ámbitos nacional e internacional

Obxectivo Estratéxico 3 - OX.3

Objetivo Estratégico 3 - OG.3

POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR PRODUTIVO DAS EMPRESAS TRADICIONAIS DO MAR XERADORAS DE CULTURA

POTENCIAR EL DESARROLLO DEL SECTOR PRODUCTIVO DE LAS EMPRESAS TRADICIONALES DEL MAR GENERADORAS DE CULTURA

Obxectivos específicos - OE3.00

Objetivos específicos - OE3.00

OE3.01. Entender a cadea mar-industria como un feito sostible social, económica e medioambientalmente.

OE3.02. Apoiar os oficios tradicionais e promocionar o valor cultural engadido dos seus produtos.

OE3.03. Vencellar o sector profesional ás asociacións culturais e inclusivas.

OE3.01. Entender la cadena mar-industria como un hecho sostenible social, económica y medioambientalmente.

OE3.02. Apoyar los oficios tradicionales y promocionar el valor cultural de sus productos.

OE3.03. Vincular el sector profesional a las asociaciones culturales e inclusivas.



OX.3 POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR PRODUTIVO

OE3.01. **Entender** ..... **Cadea mar-industria**
OE3.02. **Apoiar** ..... **Oficios tradicionais**
OE3.03. **Vencellar** ..... **Sector profesional**

Obxectivo específico:

OE3.01. Entender a **cadea mar-industria** como un feito sostible social, económica e medioambientalmente.

Accións:

A.23. Analizar o contexto do sector pesqueiro e marítimo e a súa posible evolución como determinantes do futuro da cultura marítima.

A.24. Recuperar e poñer en valor o papel esencial das mulleres na sustentabilidade do sector, no produtivo e comercial (salgadura, conserva, marisqueo, elaboración e reparación de redes, bateas, venda, etc.) e no reprodutivo.

A.25. Salientar a relación entre as industrias do litoral e a súa afección no desenvolvemento socioeconómico constante do territorio.

A.26. Apoiar as actividades empresariais respectuosas co medio ambiente e transmisoras de valores culturais identitarios.

A.27. Explorar liñas de acción entre empresas/profesionais e asociacións ou persoas afeccionadas.



Obxectivo específico:

OE3.02. Apoiar os **oficios tradicionais** e promover o valor cultural engadido dos seus produtos.

Accións:

A.28. Promover a realización de proxectos Emblema: tres proxectos que representen o conxunto das empresas tradicionais do mar como xeradoras de cultura e cun financiamento a medio prazo para custos operativos.

A.29. Fortalecer a imaxe dos produtos de cultura marítima de maneira que sexa facilmente identificable.

A.30. Fomentar a profesionalización e mais a aprendizaxe dos oficios vencellados á construción de embarcacións tradicionais, á fabricación e reparación de redes, ao marisqueo... incorporando a singular experiencia das traballadoras do mar.

Obxectivo específico:

OE3.03. Vencellar o **sector profesional** ás asociacións culturais e inclusivas.

Accións:

A.31. Estimular a formación e a contratación de persoas en risco de exclusión nos distintos oficios tradicionais.

A.32. Fomentar espazos de encontro entre asociacións de mulleres profesionais do mar e crear redes de traballo e apoio mutuo.



OX.1

CONSERVAR E PROMOVER A CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

nos seus diversos ámbitos e como eixe de cohesión social



OX.2

CONSTRUÍR UN SISTEMA GALEGO EN PROL DA CULTURA MARÍTIMA

mediante a converxencia de institucións, recursos e axentes



OX.3

POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR PRODUTIVO

das empresas tradicionais do mar como xeradoras de cultura

OBXECTIVO ESTRATÉXICO



OX.4

ESTENDER O COÑECEMENTO DA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

nos ámbitos nacional e internacional

Obxectivo estratéxico 4 - OX.4

Objetivo estratégico 4 - OG.4

ESTENDER O COÑECEMENTO DA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA NOS ÁMBITOS NACIONAL E INTERNACIONAL

EXTENDER EL CONOCIMIENTO DE LA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA EN LOS ÁMBITOS NACIONAL E INTERNACIONAL

Obxectivos específicos - OE4.00

Objetivos específicos - OE4.00

OE4.01. Fortalecer o papel da investigación arredor da cultura marítima no seo do sistema universitario galego.

OE4.02. Proxectar profesionais e empresas con valor cultural nos seus proxectos.

OE4.01. Fortalecer el papel de la investigación en torno a la cultura marítima en el seno del sistema universitario gallego.

OE4.02. Proyectar a profesionales y empresas con valor cultural en sus proyectos.



OX.4 ESTENDER O COÑECEMENTO DA CULTURA MARÍTIMA DE GALICIA

OE4.01. **Fortalecer** ..... **Investigación**
OE4.02. **Proxectar** ..... **Os profesionais**

Obxectivo específico:

OE4.01. Fortalecer o papel da **investigación** arredor da cultura marítima no seo do sistema universitario galego.

Accións:

A.33. Crear equipos de investigación nas universidades e noutros espazos de educación superior.

A.34. Celebrar e participar en congresos nacionais e internacionais para mellorar o coñecemento sobre a cultura marítima.



Obxectivo específico:

OE4.02. **Proxectar profesionais** e empresas con valor cultural nos seus proxectos.

Accións:

A.35. Incorporar a cultura marítima ás redes nacionais e internacionais existentes de visión cultural, obxectivos e produtos semellantes. Dinamización da cultura propia.

A.36. Incentivar desde a Administración a participación en redes profesionais (estatais e internacionais), así como a investigación de cara a unha cultura marítima sostible e innovadora.

i. 21. Aparellos de pesca | Aparejos de pesca





OX.1

Conservar e promover a cultura marítima nos seus diversos ámbitos e como eixe de cohesión social.

OE1.01.

Resaltar a variedade das manifestacións que conforman a cultura marítima na súa relación co **territorio**.

OX.i
Obxectivo estratéxico
OEi.00.
Obxectivo específico
A.00. P.00
Accións Proxectos

A.01.

Expoñer as especificidades do bordo litoral base da cultura marítima en relación co seu patrimonio.

P.01
Estudo técnico xeográfico de delimitación do ámbito da cultura marítima no perímetro costeiro, nas rías (altas e baixas), esteiros e cursos fluviais.

P.02
Documento de análise, a diversas escalas, da complexidade estrutural e dinámica das paisaxes marítimas dos litorais cantábrico e atlántico.

P.03
Atlas virtual: Recompilación das diferentes expresións do patrimonio moble, inmoble e inmaterial vencellado á súa situación xeográfica. Servirá como ferramenta para distintos intereses: académicos, de análise territorial ou para a xestión urbanística, entre outros.

A.02.

Consolidar os espazos paradigmáticos que abranguen as diversas manifestacións de patrimonio marítimo galego.

P.04
Inventario, con delimitación e estudo pormenorizado, das áreas de especial valor cultural, paisaxístico e patrimonial onde se evidencie a cultura marítima (áreas nai).

P.05
Rede de lugares de especial interese para a comprensión da cultura marítima (EICM), asociando os núcleos de interese litoral do POL como premisa.

P.06
Inventario con delimitación e estudo do patrimonio somerxido, salientando as áreas de maior concentración e a importancia dos pecios. Debe ser realizado exclusivamente por profesionais capacitados en arqueoloxía subacuática, cumprindo os protocolos e procedementos legais nacionais e internacionais nesta materia.

P.07
Programa de concienciación e implicación das comunidades litorais na preservación e valoración do patrimonio vencellado á cultura marítima, a través de guías locais previamente formados.

A.03.

Regular a localización das novas infraestruturas e protexer as existentes para evitar o impacto paisaxístico negativo nos EICM.

P.08
Manual de boas prácticas: A) para unha integración paisaxística nos espazos naturais costeiros que inclúa actuacións de accesibilidade e B) para a nova construción ou a rehabilitación das contornas industriais do mar e as súas edificacións asociadas.

P.09
Proxecto Emblema 1: Conservación dun EICM, realizado de forma didáctica por un equipo multidisciplinario (profesionais da arquitectura, arqueoloxía, paisaxismo, xeografía, historia, mar...), que sirva de exemplo de posta en valor, integración e visión de futuro dunha área EICM (A.28.P.76).

OX.1

OE1.02.

Sensibilizar a sociedade na comprensión da cultura marítima como xeradora dunha **identidade propia**.

OX.i
Obxectivo estratéxico
OEi.00.
Obxectivo específico
A.00. P.00
Accións Proxectos

A.04.

Incentivar escenarios de diálogo sobre a memoria, expresións e demais manifestacións culturais.

P.10
Mesas de diálogo sobre: A) A muller no mundo do mar; B) Valores asociados aos oficios tradicionais; C) Entendemento das actividades tradicionais nos criterios actuais de sostibilidade; D) Vinculación das manifestacións relixiosas coa cultura marítima e E) O mar como medio para a comunicación e o transporte.

P.11
Conformación de grupos de **coidadores do patrimonio** encargados da valorización e mais da dinamización social da memoria e do patrimonio marítimos.

P.12
Instrumento de valoración vencellado ao atlas (A.01.P.03) que axude á reflexión sobre a pluralidade do patrimonio do mar (voto con nota, comentarios e achegas fotográficas das persoas usuarias). Servirá como ferramenta para distintos intereses: académicos, de análise territorial ou de xestión urbanística, entre outros.

A.05.

Definir estratexias de divulgación de coñecemento vencelladas á cultura marítima dirixidas a públicos diversos, estruturadas e ordenadas ao longo do bordo litoral.

P.13
Creación dunha liña de apoio orientada á potenciación da creatividade artística mariñeira (artes visuais, escénicas, literarias, entre outras), que marque as pautas do financiamento para a promoción de novos talentos en áreas urbanas e rurais.

P.14
Creación dunha liña de apoio mediante subvencións a fondo perdido para a realización de actividades culturais: charlas de expertos, cafés-concertos da cultura marítima, programación de contacontos en museos sobre historias ou lendas vencelladas á cultura marítima e xornadas de portas abertas en talleres de artesáns e industrias do mar. As ditas actividades poderían canalizarse a través da rede de espazos existentes como arquivos, bibliotecas e museos.

P.15
Potenciar a realización de actividades culturais marítimas nos concellos litorais cada 20 de maio, Día Marítimo Europeo (EMD). O EMD é o punto de encontro anual da comunidade marítima de Europa para establecer redes, debater e forxar unha acción conxunta.

A.06.

Investigar con rigor científico o patrimonio inmaterial (talasonimia, léxico mariñeiro, cosmovisión) desde unha perspectiva histórica e sociolóxica/etnográfica.

P.16
Estudo de detalle da toponimia e microtoponimia do bordo litoral (Cantábrico e Atlántico) e tamén dos fondos mariños, dos bancos marisqueiros e das marcas de pesca.

P.17
Análise histórica da autoorganización, cosmovisión e relación co medio das xentes do mar.

P.18
Creación dun arquivo único vinculado á Web do mar (A.10.P.27) apoiando as institucións para achegar os seus materiais en: **A) Arquivo audiovisual:** recompilación dos traballos previos sobre memoria oral; **B) Fototeca,** con imaxes históricas en relación coas historias de vida.

OX.1

OE1.03.

Garantir a transmisión **interxeracional dos saberes tradicionais** vencellados á cultura marítima.

OX.i
Obxectivo estratéxico
OEi.00.
Obxectivo específico
A.00. Accións P.00 Proxectos

A.07.

Ampliar o coñecemento da realidade cotiá das mulleres do mar e integralo nos proxectos de posta en valor da cultura marítima.

P.19
Repositorio dixital aberto e accesible sobre a memoria oral das mulleres do mar, incorporando fontes fotográficas e instrumentais. Creación dun enlace na Web do mar (A.10.P.27) e en Galiciana: Biblioteca Dixital de Galicia.

P.20
Espazos de transferencia de coñecementos e difusión pública sobre a realidade cotiá das mulleres do mar.

A.08.

Favorecer o cambio a unha percepción positiva das profesións tradicionais para que lles resulten atractivas ás novas xeracións.

P.21
Recompilación de material audiovisual existente e rexistros sonoros sobre profesións do mar con visión de pasado e presente: transcricións de entrevistas a traballadores destes, para complementar estudos e arquivos existentes.

P.22
Salvagardar e difundir a memoria viva dos oficios e experiencias profesionais, a través de documentación existente (A.08.P.21) que revaloricen estas actividades como sinais de identidade comunitaria, que axuden a cambiar a percepción negativa e que fomenten a remuda xeracional.

P.23
Creación de **talleres de aprendizaxe para a mocidade** impartidos por profesionais do mar con distintos rangos de idade e vinculados coa transmisión de saberes.

P.24
Creación de contidos audiovisuais para as redes sociais encamiñados a empatizar coas tradicións das comunidades marítimas de Galicia.

A.09.

Fomentar o ocio vencellado á cultura marítima a través de actividades atractivas e inclusivas.

P.25
Liña de apoio de actividades vencelladas á cultura marítima de profundidade conceptual e non formal: A) favorecer a contratación de empresas especializadas nas festas mariñeiras con programas culturais e lúdicos coherentes coa temática destas, B) desenvolvemento de actividades mariñeiras para ofrecer nos campamentos de verán.

P.26
Calendario anual de eventos culturais ou campionatos de deportes marítimos: regatas, campionatos de surf, vela, remo, mergullo...

A.10.

Facilitar o acceso aberto da cidadanía a unha oferta conxunta da cultura marítima.

P.27
Subdominio dentro da páxina web da Consellería do Mar, con banco de proxectos e que enlace o atlas virtual, rutas, aplicacións, redes sociais, estudos creados (censos...), con iniciativas relacionadas coa cultura marítima.

P.28
Píulas da cultura marítima: emisión de contido audiovisual sobre a cultura marítima en medios televisivos e radiofónicos xeneralistas.

P.29
Aplicación do patrimonio marítimo galego: instrumento gratuíto de divulgación, de fácil acceso, en relación coas novas xeracións e con prácticas sostibles.

A.11.

Impulsar programas educativos e culturais en colaboración coas administracións competentes (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería do Mar e/ou deputacións) para o achegamento do alumnado e do resto da sociedade á cultura marítima.

P.30
Implantación da **Semana Azul** nos centros de ensino, de xeito que durante un período de tempo establecido se realicen actividades, tarefas, visitas guiadas a elementos patrimoniais ou competicións deportivas directamente vencelladas á cultura marítima. Pódese incorporar ás actividades das bibliotecas públicas dos concellos litorais.

P.31
Incrementar os apoios aos encontros de embarcacións tradicionais. Vincular a súa realización coa Semana Azul (A.11.P.30). Crear e recompilar organizadamente todo o traballo realizado arredor destes encontros cun enfoque didáctico, promocional e de visión de futuro.

P.32
Dicionario en liña de termos da cultura marítima, en colaboración coa Real Academia Galega.

P.33
Proxecto MAR (baseado no proxecto *Terra* da Xunta de Galicia e do Colexio de Arquitectos): unidades didácticas da cultura marítima para diversos niveis educativos coordinadas por persoal docente e técnico de museos.

OX.1

OE1.04.

Estimular a conservación do **patrimonio moble e inmoble**.

OX.i
Obxectivo estratéxico
OEi.00.
Obxectivo específico
A.00. P.00
Accións Proxectos

A.12.

Poñer en valor as instalacións do bordo litoral: estaleiros, fábricas de salgadura, conserveiras, casetas de pescadores, ramplas ou estruturas menores con interese patrimonial.

P.34
Inventario do patrimonio marítimo moble e inmoble para o seu coñecemento exhaustivo, que permita reflectir a súa situación actual. O inventario incluirá de base o patrimonio cultural marítimo dos catálogos existentes de diversos organismos (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Costas do Estado, e Colexio de Arquitectos de Galicia).

P.35
Reserva ou selección de espazos para a atracada, salvagarda e exposición de embarcacións de madeira, con rebaixa ou cota de amarre nula, ademais de recuperar docas ou ancoradoiros tradicionais existentes como espazos públicos de mostra e aprendizaxe.

P.36
Alertas de protección do patrimonio marítimo galego en risco de desaparecer. As alertas enviaranse ás institucións e axentes locais competentes na súa salvagarda.

P.37
Estudo de detalle das tipoloxías e oficios vencellados ás edificacións para formular novos usos destas, de xeito colaborativo e participativo coa cidadanía e cos axentes do concello ao que pertencen.

P.38
Guía para a rehabilitación do patrimonio marítimo, baseada en exemplos de boas prácticas na costa galega.

A.13.

Favorecer o achegamento ao patrimonio da cultura marítima a través de ferramentas dixitais con xeolocalización e vencelladas a outras plataformas, como Google Maps ou Wikiloc.

P.39
Aplicación de rutas do mar con mapas descargables de Google Maps cos elementos visitables da cultura marítima xeolocalizados. Vinculación directa coa aplicación do patrimonio (A.10.P.29).

OX.2

Construír un sistema galego en prol da cultura marítima mediante a converxencia de institucións, recursos e axentes.

OE2.01.

Definir liñas de coordinación e actuación das administracións e entidades sobre o patrimonio e a cultura marítimos de Galicia.

OX.i Obxectivo estratéxico
OEi.00. Obxectivo específico
A.00. Accións P.00 Proxectos

A.14.

Crear o Observatorio da cultura marítima.

- **P.40** **Observatorio** co obxectivo de advertir, facer cumprir e mirar con atención a construción dun sistema galego en prol da cultura marítima.

A.15.

Articular e cohesionar os resultados e as accións financiadas coa axuda dos GALP e a Consellería do Mar, así como doutras administracións e entidades, cunha perspectiva de traballo e un esquema de visión local e global, avaliando as estruturas, concluíndo cales é necesario repetir e cales non, ou axudando nos proxectos de cooperación.

- **P.41** **Catálogo dos proxectos conxuntos de visión global**: A) censo dos proxectos realizados de rehabilitación e/ou posta en valor de instalacións do bordo litoral, B) censo de documentación histórica das confrarías de pescadores xa dixitalizada e C) censo de procesións marítimas e festas e D) outros proxectos de compoñente cultural.
- **P.42** **Comisión de expertos,** co fin de avaliar os proxectos culturais presentados ás liñas de axudas GALP e os resultados das accións financiadas cos fondos da FEMP.
- **P.43** **Gran Mostra da Cultura Marítima,** aglutinada arredor de dous eixes: o patrimonio cultural e as manifestacións artísticas (presente e futuro) como reforzo aos froitos do traballo dos encontros de embarcacións tradicionais.

A.16.

Crear unha liña de traballo estratéxica e mancomunada das institucións autonómicas (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería do Mar, Axencia Turismo de Galicia e deputacións provinciais) para establecer puntos de encontro e actuacións conxuntas e coordinadas.

- **P.44** **Liña de traballo unificada para conseguir:** A) a inclusión do Plan da cultura marítima de Galicia na lexislación autonómica relacionada que está en redacción ou que se redacte nun futuro, B) a candidatura das rías como paisaxe cultural, C) a candidatura da carpintaría de ribeira como patrimonio da humanidade e D) outras.
- **P.45** **Decálogo** de regras básicas para unha cultura marítima sostible.
- **P.46** **Custodia, clasificación e dixitalización** de documentación vencellada á cultura marítima nos organismos competentes: A) Fondos correspondentes no Arquivo do Reino de Galicia; B) Sección de patrimonio marítimo na Biblioteca de Galicia; C) Fondos vencellados a outras entidades.

A.17.

Deseñar ferramentas para a catalogación integral dos elementos de patrimonio marítimo común a todos os concellos da costa.

- **P.47** Proposta de **directrices** para a catalogación dos elementos de patrimonio marítimo, que deberán estar aliñadas cos criterios que manexa a Administración competente en materia de patrimonio cultural, para poder facilitar o proceso de reflexión e posterior inclusión destes bens (se é o caso e tras decisión da Administración competente) nas ferramentas de protección do patrimonio cultural.
- **P.48** **Fichas propias** de patrimonio marítimo para incluír nos catálogos de planificación dos concellos e completar o inventario xeral doutras administracións.
- **P.49** **Dixitalización** de documentación histórica das confrarías de pescadores para incluír nunha canle de consulta en liña (na web da cultura marítima e/ou a través de Galiciana).
- **P.50** **Rede** de entidades, confrarías, comunidades litorais e outras asociacións culturais que sirvan como nexo para transformar o presente e construír o futuro a través da súa tradición marítima.
- **P.51** **Mapeamento fotográfico** das xentes e do territorio litoral.

A.18.

Garantir a presenza das mulleres nas estruturas de gobernanza do ámbito marítimo (asociacións, confrarías, federacións etc.).

- **P.52** Incorporación, como **criterio baremable** nas convocatorias de subvención ou nos convenios, da paridade de xénero nas xuntas directivas ou nas estruturas de gobernanza das entidades relacionadas coa cultura marítima.
- **P.53** **Perspectiva de xénero:** incorporación de mulleres con perfís técnicos nos equipos de deseño e elaboración de proxectos relacionados coa conservación e difusión da cultura marítima.

OX.2

OE2.02.

Velar pola realización das accións do Plan da cultura marítima de Galicia e proxectar unha **visión de futuro** con políticas consolidadas sobre a dita cultura.

OX.i
Obxectivo estratéxico
OEi.00.
Obxectivo específico
A.00. P.00
Accións Proxectos

A.19.

Avaliar os catro obxectivos xerais e as súas accións no ámbito espazo-tempo.

P.54
Informes técnicos: A) sobre o grao de execución das accións ou da viabilidade destas en función dos recursos e da implicación das administracións e institucións concernidas, B) sobre posibles camiños de financiamento.

P.55
Evento de carácter internacional para contrastar con axentes especializados os modelos e as liñas marcadas polo Plan da cultura marítima de Galicia en perspectiva comparada.

A.20.

Crear alianzas e redactar proxectos conxuntos coas entidades vencelladas á cultura marítima para conseguir fondos.

P.56
Apoiar as entidades culturais e sectoriais para traballar de maneira conxunta na redacción de propostas para acadar fondos da UE como Next Generation, Espazo Atlántico, Interreg ou Bauhaus of the seas.

P.57
Convenio da Xunta A) co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a salvagarda e estudo do patrimonio documental das capitanías e distritos marítimos de Galicia mediante a transferencia de fondos aos arquivos históricos provinciais e/ou inventario, así como dixitalización documental, B) co Ministerio de Cultura e co Ministerio de Defensa para a catalogación de fondos documentais do Arquivo Xeral de Simancas (AXS) e do Arquivo Xeral da Mariña Álvaro de Bazán (AXMAB), respectivamente.

OX.2

OE2.03.

